

ESTRATEGIA CLIMATLANTIC: UNHA ESTRATEGIA INTEGRADA PARA A REDUCCIÓN DA PEGADA DE CARBONO

Desenvolvemento sostible e gobernanza na
provincia de Ourense

AXENDA 21 PROVINCIAL
I DIAGNOSE DE SOSTIBILIDADE DA PROVINCIA DE OURENSE



climatlantic
local and regional actions
for carbon footprint reduction



Edición

DEPUTACIÓN DE OURENSE

Autor

DEPUTACIÓN DE OURENSE

Asistencia técnica

AQUA OURENSE

Diseño

ZIBLEC software

Depósito legal

D.L. OU 83-2014

Participas?

Ese é o noso convite. Porque Ourense facémolo todos e todos os días. E queremos que sexas o protagonista dun goberno ambiental como o da túa provincia. Queremos que interactúes, que nos propoñas, que nos suxiras, que establezamos unha relación que non busca outra cousa que corresponderlle á Nai Natureza.

Unha provincia verde, unha Deputación que fai do medio ambiente unha aposta que non ten marcha atrás, apóiase en cidadáns coma ti: concienciados, axentes activos da nosa excelencia paisaxística, das boas prácticas, da nosa riqueza no campo das augas, dos nosos bosques, dos produtos dunha terra xenerosa como poucas cos que temos o privilexio de habitala.

O goberno provincial hai anos que comezou unha andaina que, en moitas ocasións, nos converte en referente a nivel nacional en ámbitos como a recollida do lixo, o emprego das enerxías renovables, o labor formativo no eido medioambiental a veciñas e veciños e, mesmo, o feito de seren pioneiros na asunción de compromisos internacionais. Por iso tes nas túas mans este documento, que só pretende reflexionar sobre o papel decisivo de cada ourensán no deseño dun Ourense vivo, prometedor e ambicioso.

Ourense será o que os ourensáns queiran. Agardo que cada día sexamos máis nun movemento popular imparable. Sabes por que debes participar? Porque o futuro está agardándote e o teu futuro é tamén o futuro de Ourense.

Grazas pola túa atención e aproveitemos cada minuto. O tempo é tamén noso: aproveitémolo.



Manuel Baltar

Presidente da Deputación de Ourense.

PREÁMBULO



Esta publicación é unha das accións desenvolvidas dentro do proxecto **CLIMATLANTIC**, proxecto que fixa como un dos principais obxectivos a divulgación de boas prácticas locais e rexionais para a redución da pegada de carbono. Entre estas prácticas destaca a posta en marcha do Plan Particip@ na Rede, executado pola Deputación de Ourense dentro das actividades do proxecto **CLIMATLANTIC**. Proba deste interese por dar a coñecer este tipo de accións é a publicación da *Diagnose Provincial de Sostibilidade*, documento técnico que serviu de base para a definición de accións no Plan *Particip@*, e punto de partida para a realización de accións futuras na provincia de Ourense para lograr a redución da pegada de carbono.

O proxecto **CLIMATLANTIC** encáixase no **eixe ou prioridade 4 (Promover as sinerxías transnacionais no desenvolvemento sostible urbano e rexional)** do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2007-2013.

O obxectivo específico deste proxecto consiste na **posta en común de recursos e capacidades no ámbito do desenvolvemento urbano e rural sostible no espazo atlántico, para promover accións rexionais e locais** para a redución da pegada de carbono

A **pegada de carbono** é canto dióxido de carbono (CO₂) producimos os cidadáns levando unha vida diaria normal. Unha ida e volta en coche ao traballo, acender a luz da vivenda, un voo para ir de vacacións, todo iso usa combustibles fósiles, como carbón, petróleo e gas. Cando estes combustibles son queimados emiten gases de efecto invernadoiro, como o CO₂, que contribúen ao queentamento global.

SOCIOS DO PROXECTO CLIMATLANTIC

Este partenariado estaba formado nun principio, ademais de pola Deputación de Ourense, polo **Eixo Atlántico (España - Portugal)**, **Agência Portuguesa do Ambiente (AGA - Portugal)**, **Communauté d'Agglomération de Grand Angoulême (Francia)**, **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura (Xunta de Galicia)**, **South East Regional Authority (Irlanda)**, **Merseytravel (Reino Unido)** e **Quimper Communauté (Francia)**. A mediados do ano 2013 incorporouse un novo socio francés, a **Escola de Enxeñeiros de La Rochelle (EIGSI)**, e deixaron o proxecto a **Agência Portuguesa do Ambiente (AGA - Portugal)**, **Communauté d'Agglomération de Grand Angoulême (Francia)**, **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura (Xunta de Galicia)**, **Merseytravel (Reino Unido)** e **Quimper Communauté (Francia)**.



ORZAMENTO DO PROXECTO CLIMATLANTIC

O **orzamento total do proxecto inicial** ascendeu a **2.070.887 euros**, cun cofinanciamento do 65% do FEDER, que ascende a 1.346.076,55 euros. Esta cifra incrementouse coa extensión ata mediados do ano 2014.

PERIODO DE EXECUCIÓN

O primeiro período abrangue do 1 de xaneiro de 2010 ata o 28 de febreiro de 2013. Posteriormente, a duración do proxecto estendeuse ata mediados do ano 2014.

ACTIVIDADES DO PROXECTO *CLIMATLANTIC* NAS QUE PARTICIPOU A DEPUTACIÓN PARA CONTRIBUÍR NA REDUCIÓN DA PEGADA DE CARBONO E NA LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO.

1. Constitución de 4 “*Think Tank*” para a creación dunha axenda estratéxica para o desenvolvemento sostible.

- Todos os socios contribuíron á creación dun Think Tank cos seus expertos. Este proxecto aspirou á posta en común dos expertos de todos os países do espazo atlántico para o diagnóstico da situación actual das políticas medioambientais e a definición de estratexias e accións concretas para a loita contra o cambio climático, para que sexan levadas a cabo por autoridades rexionais e locais.

Un *think tank* (locución inglesa que significa “catalizador de ideas”) é unha institución investigadora ou outro tipo de organización que ofrece consellos e ideas sobre asuntos de política, comercio, etc.

2. Validación das estratexias anteriores a través da realización de proxectos piloto no ámbito da enerxía e da mobilidade para a redución de emisións de gases efecto invernadoiro.

- A Deputación de Ourense participou conxuntamente con outros socios de Francia e Portugal nun proxecto piloto transnacional no ámbito da mobilidade para a redución da pegada de carbono, a través de actividades como conducción compartida, conducción ecolóxica ou a xestión sostible dos vehículos do parque móbil. A Deputación de Ourense participou nas reunións do grupo, así como no intercambio de experiencias no ámbito da mobilidade.
- A Deputación de Ourense tivo un rol máis activo no grupo da enerxía. O proxecto piloto consistiu no aproveitamento da enerxía xeotérmica para dotar dunha instalación combinada de calefacción (100% con enerxías renovables para eliminar as emisións de CO₂, do que o 70% será enerxía solar térmica) ao Pavillón de Deportes “Paco Paz” (edificio pertencente á Deputación de Ourense).

3. Promoción dun Debate Atlántico con autoridades rexionais e locais, realización dun congreso final do proxecto na Coruña e aprobación da Carta do Atlántico (Axenda estratéxica para o desenvolvemento sostible).

O congreso final do proxecto tivo lugar na Coruña durante o mes de xuño de 2012 (“**Congreso das fronteiras europeas: cooperación intelixente**”), e centrouse en dar a coñecer as experiencias do proxecto. Así mesmo, realizouse un debate final para sumar as contribucións para a elaboración final da Carta do Atlántico sobre desenvolvemento sostible urbano e rexional para a redución da pegada de carbono.

4. Difusión final da Carta do Atlántico.

Buscaranse adhesións ao investimento final da Carta, logo das achegas finais do Congreso, entre as diferentes autoridades autonómicas, rexionais e locais. Posteriormente, transmitirase a Carta ás cinco autoridades nacionais dos socios que participan no proxecto (España, Portugal, Francia, Irlanda e Gran Bretaña) e á Comisión Europea.

ACTIVIDADES DO PROXECTO *CLIMATLANTIC* NAS QUE PARTICIPA A DEPUTACIÓN DE OURENSE PARA DESENVOLVER NO PERÍODO DE EXTENSIÓN DO PROXECTO (ATA MEDIADOS DO ANO 2014).

5. Realización dunha serie de seminarios técnicos ou foros para desenvolverse nos diferentes países dos socios. Na maioría destes seminarios ou foros participaron técnicos da Deputación de Ourense.

- Foro de Mobilidade Interrexional en La Rochelle (Francia) (20-21 de febreiro de 2014).
- Foro de Enerxía en Dublín (Irlanda) (12-13 de marzo de 2014).
- Foro Marítimo en Viana do Castelo (Portugal) (25 de marzo de 2014).
- Seminario Planificación Territorial e Clima en Ourense (11 de abril de 2014).

6. Posta en marcha de actividades de participación social a nivel provincial dentro do Plan Particip@ na Rede.

- O Plan *Particip@ na Rede* abrangue un conxunto de actividades promovidas pola Deputación de Ourense no marco do **Proxecto CLIMATLANTIC**.

Os resultados dos indicadores calculados na diagnose da A21 permitiron obter unha radiografía do estado ambiental, social e económico da provincia de Ourense. Con base nestes resultados deseñouse este Plan de Participación Social adaptado á realidade ourensá. Inicialmente, establecéronse 4 tipos de grupos sociais con características ben diferenciadas, para os que se deseñaron 4 modelos de accións específicas e un modelo de acción piloto dirixido a todos os grupos sociais, para conseguir lograr o principal obxectivo deste proxecto: **achegar e implicar á poboación no desenvolvemento sostible local facéndoa participe da xestión local**.

As actividades de participación social deseñadas para o proxecto tiveron lugar ao longo do mes de febreiro de 2014 nos concellos da provincia de Ourense que actualmente están integrados na **Rede de Municipios Ourenzáns cara á Sostibilidade**.

1 ÍNDICE



1. Índice	6
2. Índice de táboas, gráficos, ilustracións e mapas	7
3. Presentación	11
4. Introducción á sostibilidade	12
5. Orixe e evolución da Axenda 21 Local	14
6. Políticas para un desenvolvemento sostible	16
7. Metodoloxía proposta e procedemento desenvolvido	18
8. Compromiso institucional: O proxecto provincial	20
9. Axenda 21 na Provincia de Ourense	22
I DIAGNOSE TÉCNICA DA PROVINCIA DE OURENSE	25
10. Descrición do medio físico: A provincia de Ourense	25
O clima	29
Xeoloxía	30
Xeomorfoloxía	30
Augas minerais	31
Hidroloxía	31
Vexetación	32
Fauna	34
Patrimonio histórico e cultural	36
11. Batería de indicadores seleccionada	37
12. Fichas dos indicadores de sostibilidade	40
EIXO: EFICIENCIA AMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	40
EIXO: CRECEMENTO ECONÓMICO E COMPETIVIDADE	66
EIXO: COHESIÓN SOCIAL	78
13. Avaliación da sostibilidade provincial	96
14. Obxectivos de sostibilidade provincial	98
15. Plan Particip@ na Rede 2014	100
16. Escenario futuro	102
17. Bibliografía	104

2 ÍNDICE DE TÁBOAS, GRÁFICOS, ILUSTRACIÓNS E MAPAS

2.1 TÁBOAS

Táboa 1_ Definición de Axenda 21 Local. Fonte: elaboración propia. **p.14**

Táboa 2_ Cadro resumo dos obxectivos da Estratexia Española de Desenvolvemento Sostible. Fonte: elaboración propia. **p.16**

Táboa 3_ Síntese dos principais obxectivos da Estratexia Europea 2020. Fonte: elaboración propia. **p.17**

Táboa 4_ Síntese do modelo territorial de sostibilidade proposto para a provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.23**

Táboa 5_ Síntese dos indicadores que serán calculados no modelo de sostibilidade provincial proposto. **p.38**

Táboa 6_ Potencia instalada por tipo de enerxía renovable na provincia de Ourense. **p.47**

Táboa 7_ Gasto por habitante en medio ambiente na provincia de Ourense. **p.90**

Táboa 8_ Avaliación da sostibilidade na provincia de Ourense. **p.96**

Táboa 9_ Obxectivos de sostibilidade provincial e estratexias actuais e futuras. **p.98**

2.2 GRÁFICOS

Gráfico 1_ Punto de situación da realización de A21L na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.23**

Gráfico 2_ Recollida selectiva bruta por habitante e ano para cada UX no 2012. Fonte: elaboración propia. **p.45**

Gráfico 3_ Porcentaxe de recollida selectiva neta por fluxo para cada UX no 2012. Fonte: elaboración propia. **p.45**

Gráfico 4_ Porcentaxe de recollida selectiva de envases por habitante e ano para cada UX no 2012 en relación ao total de residuos domésticos recollidos. Fonte: elaboración propia. **p.46**

Gráfico 5_ Consumo de electricidade por sectores na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.50**

Gráfico 6_ Consumo de auga por habitante ao día nas capitais comarcais da Rede provincial, comparativamente aos valores estimados polo PHGC e o IGE para Galicia. Fonte: elaboración propia. **p.51**

Gráfico 7_ Usos da auga nas capitais comarcais da rede de municipios. Fonte: elaboración propia. **p.52**

Gráfico 8_ Porcentaxe de poboación sen abastecemento na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.53**

Gráfico 9_ Índice de motorización nas comarcas da provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.55**

Gráfico 10_ Porcentaxe de superficie protexida por comarca. **p.62**

Gráfico 11_ Porcentaxe de superficie correspondente a Reserva natural en cada unha das comarcas da provincia. **p.62**

Gráfico 12_ Porcentaxe de superficie Reserva da Biosfera en cada comarca. **p.63**

Gráfico 13_ Porcentaxe de superficie ZEPA por comarca. **p.63**

Gráfico 14_ Usos da terra nas comarcas ourensás. Fonte: elaboración propia. **p.64**

Gráfico 15_ Resultados de cada unha das provincias para cada un dos índices calculados. Índice para cada provincia sobre a base nacional de 1000 unidades equivalentes (ano 2011). **p.72**

Gráfico 16_ Representación da variación porcentual do número de actividades económicas e empresariais por tipoloxía de actividade nos concellos "capital comarcal" 2007- 2012. **p.74**

Gráfico 17_ Índice de Gini nas provincias e na comunidade autónoma de Galicia. **p.75**

Gráfico 18_ Taxa de risco de pobreza nas capitais provincias e Galicia (2007- 2011). **p.77**

Gráfico 19_ Limiar do risco de pobreza nas capitais provincias e Galicia (2007- 2011). **p.77**

Gráfico 20_ Porcentaxe de poboación por grupos de idade nas comarcas ourensás. Fonte: elaboración propia. **p.79**

Gráfico 21_Poboación por comarca na provincia de Ourense 2012. Fonte: elaboración propia. **p.81**

Gráfico 22_ Taxa bruta de natalidade na provincia de Ourense e comarcas (2011)Fonte: Elaboración propia. **p.82**

Gráfico 23_ Taxa xeral de fecundidade (2011). Fonte: elaboración propia. **p.82**

Gráfico 24_Nivel de formación acadado pola poboación maior de 16 anos na provincia de Ourense en 2011. Fonte: elaboración propia. **p.85**

Gráfico 25_ Nivel de formación da poboación nas comarcas Ourenás en 2001. Fonte: elaboración propia. **p.86**

Gráfico 26_ Taxa de analfabetismo nos maiores de 16 anos nas provincias e en Galicia en 2011. Fonte: elaboración propia. **p.87**

Gráfico 27_ Evolución do índice de endebedamento entre 2008 e 2012 nas capitais comarcais da provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.89**

Gráfico 28_ Variación porcentual do índice de endebedamento nas capitais comarcais da provincia de Ourense entre 2008 e 2012. Fonte: elaboración propia. **p.89**

Gráfico 29_ Porcentaxe de persoas que utilizaron o ordenador nos últimos 3 meses por provincia. Fonte: elaboración propia. **p.91**

Gráfico 30_ Porcentaxe de persoas por grupos de idade que usaron o ordenador nos últimos 3 meses na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.92**

Gráfico 31_ Porcentaxe de persoas que utilizaron internet nos últimos 3 meses por provincia. Fonte: elaboración propia. **p.93**

Gráfico 32_Porcentaxe de persoas por grupos de idade que usaron internet nos últimos 3 meses na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.94**

Ilustración 2_ Escudos dos concellos integrados actualmente na Rede de Municipios Ourenásns cara a Sostibilidade. **p.21**

Ilustración 3_ Cadro resumo do funcionamento e funcións do Observatorio da Sostibilidade Provincial de Ourense. **p.21**

Ilustración 4_ Localización da provincia de Ourense. **p.25**

Ilustración 5_ Conexións por estrada entre os distintos núcleos urbanos da provincia de Ourense. Fonte: captura de pantalla das Directrices de Ordenación do territorio (Xunta de Galicia). **p.26**

Ilustración 6_ Principais conexións ferroviarias entre os principais núcleos de Galicia e o exterior. Fonte: captura de pantalla das Directrices de Ordenación do territorio (Xunta de Galicia). **p.26**

Ilustración 7_ Nodos de equilibrio territorial no sur de Galicia. Fonte: captura de pantalla das Directrices de Ordenación do territorio (Xunta de Galicia). **p.28**

Ilustración 8_ Temperatura media e precipitación media anual para cada un dos climas presentes na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.29**

Ilustración 9_ Zonas do Macizo Ibérico (Fonte: IGME). **p.30**

Ilustración 10_ Xeomorfoloxía de Galicia (Fonte: IGME). **p.30**

Ilustración 11_ Distribución da vexetación nas zonas arboradas. **p.33**

Ilustración 12_Árbores e formacións senlleiras na provincia de Ourense. **p.34**

Ilustración 13_ Fauna na provincia de Ourense. **p.35**

Ilustración 14_ Concellos con patrimonio cultural en Galicia. Fonte: captura de pantalla das Directrices de Ordenación do territorio (Xunta de Galicia). **p.36**

2.3 ILUSTRACIÓNS

Ilustración 1_Cadro resumo das fases do proceso de realización da Axenda 21 seleccionado pola Deputación Provincial de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.20**

2.4 MAPAS

Mapa 1_ Punto de situación da realización de A21L na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.22**

Mapa 2_ Infraestruturas viarias na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.25**

Mapa 3_ Radio de 5 km dende os centros sanitarios. Fonte: elaboración propia. **p.26**

Mapa 4_ Radio de 5 km dende os centros de ensinanza. Fonte: elaboración propia. **p.27**

Mapa 5_ Instalacións deportivas presentes na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.27**

Mapa 6_ Espazos de lecer (parques públicos) presentes na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.27**

Mapa 7_ Localización de edificios públicos sen uso na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.28**

Mapa 8_ Termalismo na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.31**

Mapa 9_ Rede Hidrolóxica provincial e administracións competentes en cada zona. Fonte: elaboración propia. **p.32**

Mapa 10_ Sistemas de tratamento de augas residuais na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.32**

Mapa 11_ Rede Natura 2000 na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.33**

Mapa 12_ Bens de interese cultural na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.36**

Mapa 13_ Produción de residuos xenéricos por concello na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.42**

Mapa 14_ Produción de residuos de vidro na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.42**

Mapa 15_ Produción de residuos de papel e cartón na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.43**

Mapa 16_ Produción de residuos de envases lixeiros na provincia de Ourense (contedor amarelo). Fonte: elaboración propia. **p.43**

Mapa 17_ Mapa de municipios da provincia de Ourense, nos que se indican as 13 Unidades de Xestión nas que se realiza a recollida de todos os fluxos. Fonte: elaboración propia. **p.44**

Mapa 18_ Centros de transformación da Biomasa presentes na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.48**

Mapa 19_ Variación do número de vehículos por concello entre 2008 e 2012. Fonte: elaboración propia. **p.54**

Mapa 20_ Número de habitantes por concello en 2012. Fonte: elaboración propia. **p.56**

Mapa 21_ Densidade de poboación por comarca 2011. Fonte: elaboración propia. **p.57**

Mapa 22_ Grao de urbanización na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.59**

Mapa 23_ Espazos de protección na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.62**

Mapa 24_ Variación das afiliacións á seguridade social durante a crise. Fonte: elaboración propia. **p.67**

Mapa 25_ Variación interanual (2012-2013) do número de afiliacións á seguridade social. Fonte: elaboración propia. **p.68**

Mapa 26_ Variación do paro rexistrado por concello entre 2012 e 2013 na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.70**

Mapa 27_ Porcentaxe que representa cada grupo de idade nas comarcas da provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia. **p.80**

Mapa 28_ Poboación por comarca na provincia de Ourense (2012). Fonte: elaboración propia. **p.81**

Mapa 29_ Porcentaxe de poboación estranxeira por concello. **p.84**



ORGANIGRAMA DO OBSERVATORIO DA SOSTIBILIDADE PROVINCIAL DE OURENSE

Presidente: Don José Manuel Baltar Blanco. *Presidente da Deputación Provincial de Ourense.*

Director: Don Javier Bobe Vázquez. *Enxeñeiro xefe da Área de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Ourense.*

Coordinadora xeral: Dona María Sabas Álvarez. *Xefa da Sección de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Ourense.*

Coordinador do eixo económico: Don José Manuel Rodríguez González. *Director xerente do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE) e Coordinador do Observatorio económico da provincia de Ourense.*

Coordinador do eixo ambiental: Don Pedro Araujo Nespereira. *Decano da Facultade de Ciencias do Campus de Ourense (UVigo).*

Coordinador da xestión de datos: Don Rafael Outomuro Nieves. *Director da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.*

ASISTENCIA TÉCNICA- AQUA OURENSE

Coordinadora da asistencia técnica: Dona Laura Domarco Álvarez. *Técnico especialista en medio ambiente e desenvolvemento sostible local.*

Delineante: Don Miguel Gallego Losada. *Técnico en desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción.*

FOTOGRAFÍA

Fotógrafo: Don Alberte Paz Garza. *Técnico superior en fotografía.*

Vivimos nunha sociedade na que os termos “*desenvolvemento sostible*”, “*sustentabilidade*” ou “*sostibilidade*” acompañan, como se foran etiquetas de calidade, a calquera proxecto ou actividade, sendo empregados sen ter en conta o que realmente implican. A sostibilidade non é un concepto novo, aínda que segue sendo algo abstracto para a maioría da poboación.

Hoxe en día enfrontámonos cos desafíos do deseño de produtos, procesos e servizos sostibles. A sostibilidade está pasando de ser unha opción a ser unha necesidade, un cambio fundamental na maneira que temos de extraer e empregar os recursos naturais que necesitamos, de emitir e descargar contaminantes ao aire, á auga ou ao solo, de ocupar o territorio, e de xerar refugallo.

Dende fai aproximadamente dous séculos sabemos que a Terra constitúe un sistema pechado con recursos limitados. A medida que os exploradores do planeta remataban a súa tarefa de trazar os mapas do territorio e dos recursos, a xente, paulatinamente, comprendía que os recursos naturais esgótanse, degrádanse, e, se non son “coidados”, non se dispón deles. Só hai unha Terra. Todas as nosas actividades non son máis que unha pequena parte dun sistema máis grande. A visión dos nosos sistemas humanos, operantes nun ecosistema maior, é crucial para lograr unha relación sostible co medio ambiente, e para garantir a supervivencia continuada da nosa especie no planeta.

O nicho máis grande para a supervivencia do home son os asentamentos, unha contorna artificialmente creada polo mesmo home para satisfacer as súas necesidades. Estes asentamentos en forma de cidades, pobos ou vilas, causan severos impactos nos ecosistemas, producindo desequilibrios no ámbito económico, ambiental e social, afectando á salubridade, xerando dificultades de acceso á vivenda e aos servizos básicos, aumentando a contaminación industrial e doméstica ou aumentando a fragilidade ante as catástrofes naturais (inundacións, incendios, desprazamentos do terreo, secas ...).

Así, os grandes desafíos aos que nos enfronta a situación actual deben transformarse en oportunidades, con esta idea debemos transitar cara economías e formas de vida responsables. A sostibilidade non é unha opción, estamos obrigados a lograla a través dos compromisos libremente asumidos polo home ao longo dos séculos, e polas organizacións da sociedade civil e os gobernos ao longo dos últimos corenta anos nun proceso complexo que se resume no apartado 4 nos fitos do S.XX en materia de concienciación ambiental.

4 INTRODUCCIÓN Á SOSTIBILIDADE



Aínda que a noción de sostibilidade xa se incorporaba no século XVIII ás ideas da teoría económica da fisiocracia, a cal xa propuña a consideración dos factores naturais na produción da riqueza, é a finais do S.XX cando cobra a importancia actual.

En 1962, Rachel Carson presentou o seu libro "*Primavera Silenciosa*", chamado así porque nel advertía que, de seguir así, poderíamos vivir unha primavera sen paxaros, é dicir, silenciosa. Facía especial fincapé nos importantes efectos-impactos dos pesticidas no medio ambiente e culpaba á industria química da crecente contaminación. Neste libro, explicaba e documentaba que as sustancias tóxicas chegaban ao noso organismo permanecendo fixadas. É dicir, a combinación de sustancias químicas no noso organismo da como resultado hormonas artificiais, que alteran á reprodución. Este best-seller sentou as bases do ecoloxismo moderno e abriu a senda do camiño a seguir.

Xa en 1972, é necesario destacar a influencia que tivo a publicación do informe do *Clube de Roma* titulado "*Os límites do crecemento*", elaborado por un grupo de investigadores de Massachusetts baixo a dirección do profesor Dennis L. Meadows. Neste informe analizábase a evolución dalgúns parámetros fundamentais do planeta, facendo fincapé nas limitacións físicas ao crecemento, e concluíron que habería un colapso ambiental en 2050. Paralelamente foi aumentando o movemento en defensa do planeta, cunha dura crítica ao modelo de sistema económico imperante.

Ese mesmo ano, foi manifestada a nivel mundial a problemática da degradación ambiental na *Conferencia das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente Humano* celebrada en Estocolmo, e levou á creación do *Programa das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente* (PNUMA).

En 1983 a ONU estableceu unha *Comisión Mundial sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento*, dirixida por unha muller sueca, *Gro Harlem Brundtland*, Primeiro ministro no seu país.

Baixo o nome de *Comisión Brundtland*, ao cabo de tres anos, en abril de 1987, foi publicado o libro "*O noso Futuro en Común*" no cal se resalta que "... a humanidade debe cambiar os seus estilos de vida e a forma na que se fai comercio, pois de non ser así, espérase un padecemento humano e unha degradación ecolóxica inimaxinables ...". Todo isto significa que o desenvolvemento do ser humano debe facerse de maneira compatible cós procesos ecolóxicos que sustentan o funcionamento da biosfera.

A Comisión observou que moitos exemplos de "desenvolvemento" conducían a aumentos en termos de pobreza, vulnerabilidade e degradación do ambiente. É por todo isto, que xurdiu, como necesidade, un novo concepto de desenvolvemento, un desenvolvemento protector do progreso humano cara o futuro, o "desenvolvemento sostible". Definiron o "**desenvolvemento sostible**" como **aquel que garante as necesidades das xeracións actuais sen comprometer as posibilidades das xeracións vindeiras de satisfacer as súas propias necesidades**. O concepto de desenvolvemento sostible implica limitacións. Trátase de pedirlle prestados os recursos ás seguintes xeracións sabendo que non se lles poderá pagar a débeda.

Ao longo dos seguintes anos constatouse a necesidade e o beneficio de observar, medir e avaliar obxectivamente os procesos locais de sostibilidade para propoer proxectos de acción local, é dicir, coñecer a **realidade local para poder mellorar a situación global**.

Esta realidade foi tratada en profundidade no *Cumio de Río de Xaneiro* en 1992, no que se concluíu entre outras cousas que, unha das principais vías para por remedio á constante degradación ambiental do planeta consistía en promover a posta en marcha as Axendas 21 locais. Esta idea resúmese no acertado lema: "*Pensa globalmente, actúa localmente*". Para por en práctica os principios do desenvolvemento sostible elaborouse un Programa de acción, chamado "*Programa*

Global para o Desenvolvemento Sostible no século XXI”, que no seu capítulo 28, facía un chamamento ás autoridades locais para que levasen a cabo iniciativas nos seus marcos de actuación: “... a participación e cooperación das autoridades locais constituirán un factor determinante para o logro dos obxectivos do Programa. As autoridades locais ocúpense da creación, funcionamento e mantemento da infraestrutura económica, social e ecolóxica, supervisan os procesos de planificación, establecen as políticas e regulamentos ecolóxicos locais e contribúen á execución das políticas ambientais nos planos nacional e autonómico (...) desempeñan unha función importantísima na educación e mobilización do público en pro do desenvolvemento sostible.”

Un ano máis tarde, en 1993, o V Programa de medio ambiente da Unión europea “Cara un desenvolvemento sostible” centraba os seus obxectivos en lograr un modelo de crecemento da Comunidade que fomentase o desenvolvemento sostible. Este programa buscaba solucións aos problemas medio ambientais existentes, (cambio climático, contaminación das augas ...) pero tamén perseguía o establecemento de novas relacións entre os axentes que interviñan no sector do medio ambiente. En definitiva, propuña a adopción dun novo enfoque en materia de política ambiental comunitaria, baseado nos seguintes principios:

- Adopción dun enfoque global e construtivo, dirixido aos distintos axentes e actividades relacionadas cos recursos naturais ou que afectan ao medio ambiente
- Vontade de cambiar as tendencias e prácticas que prexudican ao medio das xeracións actuais e futuras
- Favorecer os cambios de comportamento social mediante un compromiso entre todos os interesados (autoridades públicas, cidadáns ...)
- Establecemento dun reparto de responsabilidades
- Utilización de novos instrumentos ambientais.

Como froito do cumio de Río, no ano 1994 celebrouse a *Primeira Conferencia de Cidades e Pobos sostibles* en Aalborg, que reuniu a 80 autoridades locais que firmaron a chamada *Carta de Cidades Europeas cara a sostibilidade* ou *Carta de Aalborg*. Nesta carta os municipios asinantes comprometíanse a liderar a realización de Axendas 21 locais nos seus territorios. Desta conferencia derivou a *Campaña Europea de Cidades e Poboacións Sostibles*; encamiñada a fomentar a adhesión dos gobernos locais europeos á Carta e aos Compromisos de Aalborg.

No ano 1996 celebrouse en Lisboa a *Segunda Conferencia de Cidades e Pobos sostibles*, que realizou unha avaliación dos progresos obtidos ata esa data, deseñando unha serie de estratexias para por en práctica os principios da *Carta de Aalborg*. Esta conferencia concluíu co *Plan de Acción de Lisboa*, onde avogábase por pasar da Carta á Acción.

A *Terceira Conferencia de Cidades e Pobos sostibles* foi celebrada en Johannesburgo, no Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Sostible, e nela analizáronse por primeira vez as dificultades para a implantación das A21 Locais: poucos recursos, falta de vontade política, achegamentos fragmentados e non coordinados, e perpetuación dos ineficientes modelos de produción e consumo. Nembargante, a Declaración de Johannesburgo sobre o desenvolvemento Sostible reafirmou os principios estruturais e os compromisos asentados dende Estocolmo (1972) ata Río de Xaneiro (1992), aludindo á equidade interxeneracional, propondo un cambio de mentalidade e apostando polo multilateralismo.

A Cuarta Conferencia Europea sobre Cidades e Pobos sostibles volveuse a celebrar en Aalborg co obxectivo de avaliar os 10 anos transcorridos dende a aprobación da Carta de Aalborg como instrumento para alcanzar o crecemento económico sostible. Concluíu coa nova aprobación dos 10 compromisos que deben plasmarse nas Axendas 21 locais, os Compromisos de Aalborg, o derradeiro fito europeo en materia de sostibilidade do medio urbano. Os 10 compromisos que se propoñen alcanzar a través da realización das A21 locais son, probablemente, o marco de actuación máis claro e ambicioso que os municipios se teñan proposto nesta materia:

1. Formas de goberno
2. Xestión municipal cara a sostibilidade
3. Bens naturais comúns
4. Consumo e formas de vida responsables
5. Planificación e deseño urbanístico
6. Mellor mobilidade e redución do tráfico
7. Acción local para a saúde
8. Economía local viva e sostible
9. Igualdade e xustiza social
10. Do local ao global.

5 ORIXE E EVOLUCIÓN DA AXENDA 21 LOCAL



A axenda 21 local é un documento que analiza a realidade municipal a través do cálculo de indicadores de sostibilidade (diagnose municipal), e propón un Plan de acción que recolle as solucións técnicas e accións políticas do municipio para un período de tempo co obxectivo de que na vindeira actualización de indicadores se teña mellorado a antedita situación municipal. A participación cidadá é imprescindible ao longo de todo proceso.

AXENDA	Instrumento para apuntar tarefas, ideas, proxectos, contactos ...
21	Refírese ao número de obxectivos e que, ao longo do século XXI, é cando se espera que todas as cidades e poboacións a teñan feito; sen présa pero sen falta.
LOCAL	A metodoloxía aplícase en pequenos e medianos grupos sociais.

Táboa 1_ Definición de Axenda 21 Local. Fonte: elaboración propia.

Polo tanto, podemos contemplar a Axenda 21 Local como ese plan estrutural que pretende avanzar cara a sostibilidade procurando o consenso entre todos os axentes locais, co obxectivo de que o equilibrio entre o desenvolvemento social, económico e ambiental sitúeos conxuntamente no centro do proceso de toma de decisións.

De forma xeral, a Axenda 21 local é o compromiso das poboacións e cidades co desenvolvemento sostible, un

programa universal con obxectivos locais para facer compatibles o progreso e o respecto ao medio ambiente.

A súa orixe remóntase a 1992, na “Conferencia das Nacións Unidas sobre o medio ambiente e o desenvolvemento sostible”, celebrada en Río de Xaneiro. Tras un longo proceso no que participaron case 200 países, aprobáronse diversos documentos, e, de forma complementaria, elaborouse unha proposta de actuación global a nivel internacional, o Programa Global para o desenvolvemento sostible no século XXI, tamén coñecido como Programa 21 ou Axenda 21, un plan de acción pola sostibilidade.

O Programa 21 é un instrumento de xestión, de carácter “non” vinculante, pero que senta as bases para desenvolver unha política ambiental común, tanto no ámbito global como local. No capítulo 28 do devandito programa, faise un chamamento ás autoridades locais para que realicen a súa A21L. Tras o Cumio da Terra, en maio de 1994, celebrouse en Aalborg (Dinamarca) a I Conferencia Europea sobre Cidades Sostibles, que terminou coa aprobación da “Carta de Aalborg” ou “Carta das Cidades e Pobos Europeos cara á Sostibilidade”, o documento fundacional da Axenda 21 local. De tal maneira, este programa será promovido e desenvolvido polas entidades locais ou rexionais.

Calquera entidade pode adscribirse á campaña aprobando e asinando a Carta de Aalborg, o que a compromete a elaborar a súa propia Axenda 21 local, que ten como obxectivo realizar unha diagnose municipal e pór en práctica un Plan de acción a longo prazo cara á sostibilidade do seu territorio.

En xuño de 2004, na Conferencia Aalborg+10, fíxose balance da primeira década de aplicación da Axenda en Europa e aprobouse un novo documento, Construindo o futuro, que marcaría o porvir da xestión pública da sostibilidade nos próximos anos. Os 10 compromisos de Aalborg son os seguintes:

1. Impulsar procedementos de toma de decisións a través dunha maior participación dos cidadáns.
2. Elaborar programas eficaces de xestión, dende o deseño á avaliación, pasando pola implantación.
3. Asumir a responsabilidade de protexer, preservar e garantir o acceso equitativo aos bens naturais.
4. Adoptar e facilitar un uso prudente e eficiente dos recursos e fomentar o consumo e a produción sostibles.
5. Asumir un papel estratéxico no deseño e planificación urbana e enfocar os temas ambientais, sociais, económicos, de saúde e culturais cara ao beneficio común.
6. Promover firmemente os modelos de mobilidade sostible.
7. Promover e protexer a saúde e o benestar da cidadanía.
8. Crear e asegurar unha economía local viva que promova o emprego sen danar o medio ambiente.
9. Asegurar comunidades integradas e solidarias.
10. Asumir unha responsabilidade global pola paz, a xustiza, a igualdade, o desenvolvemento sostible e a protección do clima.



6 POLÍTICAS PARA UN DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



Os gobernos internacionais, nacionais, rexionais e locais tentan paliar a crecente presión do home sobre os ecosistemas naturais e a súa conseqüente degradación a través do desenvolvemento de políticas de sostibilidade. As estratexias nesta materia remóntanse á orixe da Axenda 21 local, documento político adoptado na Conferencia de Río de Xaneiro de 1992 e que foi o primeiro en identificar o carácter das estratexias de desenvolvemento sostible (EDS´s) e tamén o primeiro documento que invitaba a todos os países a desenvolver estratexias dirixidas a todos os axentes sociais implicados na xestión pública: políticos, técnicos e cidadáns.

En xuño de 2001, o Consello Europeo de Gottenburgo, fixo fincapé na importancia de que os Estados membros elaborasen a súas propias EDS´s e as adoptasen como prioritarias. Así, o Consello Europeo converteuse nun pulo ás estratexias de sostibilidade en Europa.

Xa en xuño de 2006, o Consello Europeo adoptou a súa Estratexia Europea de Desenvolvemento Sostible (EEuDS), un marco teórico para todos os países membros. Baséase na selección de catro prioridades como primeiros pasos para a orientación futura das políticas: cambio climático, transportes, saúde pública e recursos naturais. A Estratexia da UE ven precedida dunha importante tarefa de reflexión e de integración transversal do concepto de desenvolvemento sostible nas políticas e instrumentos comunitarios, así como de numerosos estímulos técnicos e económicos para a súa posta en práctica. Cabe destacar, a este respecto, a contribución ao análise das repercusións da dimensión ambiental noutras políticas (sucesivos Programas Comunitarios en materia de medio ambiente e desenvolvemento sostible).

En novembro de 2007, foi aprobada polo Consello de Ministros a “Estratexia Española de desenvolvemento Sostible”, enmarcada dentro da EEuDS e cun principio xeral consistente en “determinar e elaborar medidas que permitan mellorar continuamente a calidade de vida das actuais e futuras

xeracións mediante a creación de comunidades sostibles capaces de xestionar e empregar os recursos de forma eficiente, aproveitando o potencial de innovación ecolóxico e social que ofrece a economía, garantindo a prosperidade, a protección do medio ambiente e a cohesión social”. A Estratexia Española de Desenvolvemento Sostible preséntase acorde coa visión estratéxica da UE, fomentando un enfoque integrador das dimensións económica, social, ambiental e global da sostibilidade. Na táboa 2 pódese ver unha síntese dos principais obxectivos da Estratexia Española.

SOSTIBILIDADE	EIXOS TEMÁTICOS	OBXECTIVOS
AMBIENTAL	Producción e consumo	<ul style="list-style-type: none"> • Eficiencia no uso dos recursos • Prever a contaminación (xeración residuos) • Mellorar a calidade do aire • Optimización enerxética e mellora da mobilidade • Turismo sostible
	Cambio climático	<ul style="list-style-type: none"> • Redución das emisións: enerxías renovables, eficiencia enerxética no transporte e edificación, medidas sectoriais e instrumentos de mercado. • Planificación económica da adaptación ao cambio climático.
	Conservación e xestión dos recursos naturais e OT	<ul style="list-style-type: none"> • Sostibilidade hídrica • Frear a perda de BD • Desenvolvemento territorial sostible

SOSTIBILIDADE	EIXOS TEMÁTICOS	OBXECTIVOS
ECONÓMICA E SOCIAL	Emprego, pobreza e cohesión social	<ul style="list-style-type: none"> Fomentar o acceso a un emprego de calidade Integración social Recursos económicos mínimos a persoas en condicións de pobreza
	Saúde pública e dependencia	<ul style="list-style-type: none"> Fomentar unha sociedade sa en con calidade de vida Atención a persoas dependentes
GLOBAL	Cooperación internacional para o desenvolvemento sostible	<ul style="list-style-type: none"> Axuda oficial ao desenvolvemento (AOD) Eficacia da política de cohesión Enfoque multidimensional de loita contra a pobreza

Táboa 2_Cadro resumo dos obxectivos da Estratexia Española de Desenvolvemento Sostible. Fonte: elaboración propia.

En 2007, a Comunidade Autónoma de Galicia presentou tamén a súa Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible, documento de escasa difusión. Esta situación mantense na actualidade, na que non se atopa referencia algunha na páxina da Xunta de Galicia ao antedito documento, de tal maneira que a estratexia nacional é a que marca as directrices nesta comunidade autónoma.

O derradeiro documento estratéxico publicado, en marzo de 2010, coincide no momento no que Europa está a vivir a peor crise económica dende os anos 30, a Estratexia Europea 2020 desenvolve a visión de Europa para o S.XXI con dispoñibilidade de recuperación económica e de confronto aos desafíos estruturais de longo prazo, a globalización, as alteracións climáticas, a presión sobre os recursos naturais, as migracións, o envellecemento e as alteracións demográficas. A Comisión Europea identifica 3 motores de crecemento que precisan de ser implantados a través de accións concretas a nivel nacional e europeo: crecemento intelixente (fomentando o coñecemento, a innovación, a educación, formación e aprendizaxe ao longo da vida e a sociedade dixital), crecemento sostible (producción e crecemento inclusivo, economía eficiente, verde e competitiva, solución

aos problemas do mercado único) e crecemento integrador (fomento do emprego xuvenil, novas cualificacións, e loita contra a pobreza).

OBXECTIVOS PRINCIPAIS EUROPA 2020	
	<ul style="list-style-type: none"> Taxa de emprego 20 - 64 anos_ debe pasar do actual 69% a como mínimo o 75% Acadar a inversión do 3% do PIB en I+D+ i Redución das emisións de GEI un 20% en comparación con 1990, aumentar un 20% o consumo de enerxía renovable e aumentar un 20% a eficacia do uso de enerxía Redución do abandono escolar ao 10% dende o 15% actual Reducir da taxa de pobreza.
CRECIMENTO INTELIXENTE	INNOVACIÓN_ "Unión pola innovación" Mellorar as condicións de acceso ao financiamento destinado a investigación e innovación.
	EDUCACIÓN_ "Xuventude en movemento". Reforzar os resultados dos sistemas educativos..
	SOCIEDADE DIXITAL_ "Unha axenda dixital para Europa". Acelerar a implantación de internet de alta velocidade e beneficiarse dun mercado único dixital para familias e empresas.
CRECIMENTO SOSTIBLE	CLIMA, ENERXÍA E MOBILIDADE_ "Unha Europa que aproveite eficazmente os recursos" Modernizar o sector do transporte e promover un uso eficaz da enerxía.
	COMPETITIVIDADE_ "Unha política industrial na era da "mundialización". Mellorar a contorna empresarial e apoiar o desenvolvemento dunha base industrial forte e sostible que poida competir mundialmente.
CRECIMENTO INTEGRADOR	EMPREGO E CUALIFICACIÓNS_ "Unha axenda para novas cualificacións e empregos". Modernizar os mercados laborais facilitando a mobilidade dos traballadores e as cualificacións ao longo da vida laboral. Adecuar a oferta á demanda.
	LOITA CONTRA A POBREZA_ "Plataforma europea contra a pobreza". Garantir a cohesión social e territorial, que os beneficios do crecemento e do emprego cheguen a todos e que as persoas en risco de pobreza e exclusión social poidan vivir con dignidade e participar activamente na sociedade.

Táboa 3_ Síntese dos principais obxectivos da Estratexia Europea 2020. Fonte: elaboración propia

7 METODOLOXÍA PROPOSTA E PROCEDEMENTO DESENVOLVIDO



A implantación da Axenda 21 realízase segundo diferentes metodoloxías, baseadas principalmente na disparidade de circunstancias existentes en cada territorio e nas directrices marcadas polas correspondentes estratexias de desenvolvemento sostible do país, comunidade autónoma ou rexión.

Galicia dispón da súa Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible (EGDS) dende marzo de 2009, pero actualmente non se atopa publicada na páxina web da Xunta de Galicia, polo que enténdese que non se ten en conta como documento marco en materia de sostibilidade.

En todo caso, a pesar de non dispor, ao uso, dunha estratexia de desenvolvemento sostible que marque as directrices autonómicas a seguir nos procesos de realización das A21, dispónse das Directrices de Ordenación do Territorio (Xunta de Galicia), documento no que propónse un modelo de organización administrativa do territorio e da estratexia nacional, para o establecemento de obxectivos e desenvolvemento de plans e programas de sostibilidade nunha liña común.

Cabe destacar que o proceso de implantación da A21L non responde a un requisito normativo, é dicir, non é vinculante, e polo tanto, non se incorpora como unha dimensión de obrigado cumprimento. Tampouco existe unha metodoloxía completamente definida a seguir, cada proceso é diferente e flexible, e implicará o uso de unha serie de ferramentas técnicas, actuacións e indicadores que serán determinados de acordo á realidade territorial, circunstancias e prioridades locais. Nembargante, esta falta de estandarización non é absoluta, as experiencias adquiridas ao longo de todos estes anos de realización da A21L permitiron ir coñecendo as dificultades e as vantaxes das diferentes fases do proceso de implantación, para así ir mellorándoas, de maneira que pode dicirse que existen xa metodoloxías deseñadas e validadas a nivel internacional que tomar como punto de partida. As mais

aceptadas e aplicadas, parten de que o valor engadido na procura da sostibilidade local é a participación da poboación como eixo vertebrador e transversal de todo o proceso. Todas elas seguen, con lixeiras variacións, un esquema similar á seguinte secuencia:

- Establecer un acordo sobre a filosofía do proxecto e a visión do modelo de xestión desexado.
- Compromiso político a través do asinamento da Carta de Aalborg que implica a realización dunha diagnose técnica nos 12 primeiros meses tras o asinamento e en implantar un Plan de acción aos 24 meses do antedito asinamento. Todo elo para dar cumprimento aos 10 compromisos que se asinan nesta carta.
- Realización da diagnose a través da identificación dos factores ambientais, sociais e económicos, e as súas causas, para posteriormente definir obxectivos e determinar que problemas son prioritarios e así determinar as liñas estratéxicas de actuación. Esta valoración realízase mediante a análise obxectiva dos problemas mediante indicadores de sostibilidade, así como unha análise subxectiva a partir da percepción da comunidade mediante consulta a través de enquisas.
- Creación dun espazo ou foro de participación cidadá como instrumento de dinamización social que facilite o debate e a implicación da comunidade ao longo do proceso.
- Aplicación e comprobación das accións contempladas no plan de acción.
- Avaliación de resultados e retroalimentación do proceso mediante o establecemento dun plan de seguimento, baseado nun sistema de indicadores que nos permita avaliar a eficacia das actuacións e proxectos enmarcados no plan de acción presentado.

Entre as propostas metodolóxicas mais difundidas para a implantación da A21L destacan especialmente a do Consello Internacional para as Iniciativas Ambientais Locais (ICLEI) e a da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP). Ambas baseadas nos compromisos recollidos na Carta de Aalborg:

- ICLEI: Na Guía Europea para a planificación da A21L propoñen reforzar a capacidade do goberno local para solucionar problemas ambientais divulgando de maneira adecuada eses problemas e desenvolvendo procedementos políticos e administrativos adecuados que inclúan a participación cidadá. Esta metodoloxía está especialmente centrada na dimensión ambiental, presentando deficiencias no seguimento da dimensión social e económica.
- FEMP: No “Código de boas prácticas ambientais” propoñen unha serie de proxectos que serven de guía de referencia aos entes locais en materia de xestión ambiental. Esta metodoloxía é moi útil para coñecer accións de éxito desenvolvidas noutros territorios de similares características, de tal maneira que permiten estimar tecnicamente o efecto que terá o proxecto antes da súa posta en marcha.



8 COMPROMISO INSTITUCIONAL: O PROXECTO PROVINCIAL

No caso do proxecto da Deputación Provincial de Ourense, cabe destacar que o proceso de realización da Axenda 21 lévase a cabo baixo a metodoloxía proposta na Carta de Aalborg. Nesta primeira etapa 2013/2015 aplícase ao ámbito provincial, o que permitirá ter unha primeira aproximación á realidade ourensá antes de centrarse na seguinte etapa, a etapa local. Un dos principais obxectivos dos traballos desta primeira etapa do ente provincial é o de unificar criterios de sostibilidade na provincia de Ourense.

PLAN DE PARTICIPACIÓN E COMUNICACIÓN



Ilustración 1_Cadro resumo das fases do proceso de realización da Axenda 21 seleccionado pola Deputación Provincial de Ourense. Fonte: elaboración propia.

Na etapa local procederase á realización e implantación das Axendas 21 locais dos concellos da provincia adheridos á Rede de municipios Ourensáns cara a Sostibilidade, iniciativa presentada en rolda de prensa polo Presidente da Deputación Provincial de Ourense, José Manuel Baltar Blanco en xaneiro de 2013, e que actualmente só agrupa aos concellos que xa tiñan avanzado en temas de sostibilidade local, pero que a partir de 2015 abranguerá a todos os concellos da provincia que queiran realizar a súa axenda 21 local baixo unha metodoloxía común e compartir boas prácticas e proxectos de éxito cos demais concellos.

Tras a creación e presentación pública da Rede de Municipios Ourensáns cara á Sostibilidade, o 22 de febreiro de 2013 asinouse mediante acordo plenario a Carta de Aalborg (+10), ratificando así o compromiso institucional e o esforzo por parte da Deputación de Ourense en materia de desenvolvemento sostible provincial e local.

O día 5 de xuño, coincidindo coa celebración do Día Mundial do Medio Ambiente, celebrouse no Centro Cultural Marcos Valcárcel o acto de adhesión á Rede provincial dos concellos da provincia que tiñan avanzado en materia de desenvolvemento sostible local, é dicir, dos concellos que dispuñan de documentación relativa á realización da Axendas 21 locais dos seus concellos ou comarcas.

Os concellos que nese acto adheríronse á Rede foron os seguintes (Ilustración 2):

- COMARCA DA LIMIA: Concello de Baltar, Concello de Porqueira, Concello de Rairiz de Veiga, Concello de Sandiás, Concello de Sarreaus, Concello de Trasmiras, Concello de Xinzo de Limia.
- COMARCA DE TERRA DE CELANOVA: Concello da Bola, Concello de Cartelle, Concello de Celanova, Concello de Gomesende, Concello da Merca, Concello de Pontedevea, Concello de Quintela de Leirado, Concello de Ramirás, Concello de Vereia.

- Concello do Barco de Valdeorras.
- Concello do Carballiño.
- Concello da Gudiña.



Ilustración 2_ Escudos dos concellos integrados actualmente na Rede de Municipios Ourenzáns cara a Sostibilidade.

Neste acto tamén presentouse o Observatorio da Sostibilidade Provincial de Ourense, ferramenta técnica para o seguimento e a divulgación das actividades da Rede, que inclúe a participación da Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo, do Observatorio económico ourensán do INORDE, e dos servizos de Medio ambiente e da Enquisa da Deputación Provincial de Ourense (Ilustración 3).



Ilustración 3_ Cadro resumo do funcionamento e funcións do Observatorio da Sostibilidade Provincial de Ourense.

O OSP-Ou foi creado coas seguintes funcións:


- Recompilación de información ambiental, económica e social relevante da provincia de Ourense.
- Selección e cálculo dunha batería de indicadores representativa e concordante cos compromisos de Aalborg.
- Deseño de plans de desenvolvemento estratéxico no ámbito provincial, comarcal e municipal.
- Realización, monitorización e seguimento da A21 provincial-intermunicipal.
- Elaboración de Informes de sostibilidade periodicamente.
- Mantemento do sistema de información xeográfica provincial (XIS) actualizado en coordinación co proxecto SIT- EIEL (Sistema de Información Territorial da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais).
- Asistencia técnica para a realización das A21 locais dos concellos integrados na Rede.
- Cooperar eficazmente cos municipios ourensáns e organismos supramunicipais
- Facilitar a consecución de financiamento para a posta en marcha de proxectos a través da realización de accións integradas nos concellos que conforman a Rede.
- Por a disposición dos Ourenzáns información sobre o estado de sostibilidade da provincia e dos seus municipios.
- Fomentar e facilitar a participación da poboación na xestión municipal a través dos procesos de A21.
- Impulsar a implicación e sensibilización da poboación a través do coñecemento das accións/proxectos que van ser levados a cabo no seu territorio.

9 AXENDA 21 NA PROVINCIA DE OURENSE

Débase ter en conta que a Axenda 21 é un dispositivo de apoio á xestión municipal, un documento estratéxico de mellora continua no que os indicadores deben ser actualizados e monitorizados, os obxectivos “repensados”, e o Plan de acción “concordado”, “seguido” e “avaliado” coa finalidade de asegurar que as accións que foran propostas e concordadas polos axentes sociais implicados continúan a ser económica, ambiental e socialmente viables. É dicir, que o importante non é iniciar os traballos correspondentes e dispor da A21, senón asegurar que se dispón do apoio técnico, social e político necesario, é dicir, da contorna para a súa correcta implantación, xa que de non ser así, toda a documentación xerada no proceso de elaboración da A21, unicamente servirá de ornamentación para as baldas dos concellos.

É preciso que o goberno local descubra, dende a súa propia experiencia, que este procedemento pode ser un pulo para que os concellos exploren formas de gañar lexitimidade e demostrar a súa capacidade para ser eficientes na xestión e resolver problemas colectivos territorialmente localizados. Os beneficios que aporta a implantación das A21 deben ser denotados por todos e cada un dos axentes sociais implicados no desenvolvemento sostible local, políticos, técnicos e sobre todo, os veciños e veciñas, xa que da súa percepción positiva do proceso e do seu interese no mesmo, depende un maior ou menor grado de implantación. Nos parágrafos a seguir atopárase un percorrido pola forma na que se interpretou e aplicou o concepto de desenvolvemento sostible na provincia de Ourense, ata o momento actual, antes do inicio deste ambicioso proxecto, practicamente realizouse coa luz apagada, resultando unha virtual “non aplicación” da filosofía da Axenda Local 21.

Año 2013



Mapa 1_ Punto de situación da realización de A21L na provincia de Ourense.
Fonte: elaboración propia.

Segundo o Mapa 1, actualmente na provincia de Ourense hai 4 concellos que dispoñen da Axenda 21 aplicada ao ámbito local; O Barco de Valdeorras, O Carballiño, A Gudiña, e Ourense, deses 4 concellos, 3 están pendentes do Plan de seguimento da A21L e un, A Gudiña, aínda atópase en fase de prediagnose, de maneira que unicamente dispón do documento inicial previo ao inicio do proceso de realización da A21L.

Na provincia hai outros 18 concellos que dispoñen de A21 aplicada ao ámbito comarcal e 3 concellos con Axenda 21 agrupados como “Áreas da biosfera”, é dicir, lugares xeográficos representativos dalgún ou varios hábitats do planeta. Ao presentar características de xestión ambiental, social ou económica similares, agrupáronse para elaborar unha A21 que abranguera aqueles concellos nos que fora detectada a presenza de áreas da biosfera.

Un caso similar aconteceu cos concellos da comarca de Terras de Celanova e da Limia. Os concellos de cada unha destas comarcas teñen características de xestión común entre eles a través das actualmente extintas mancomunidades, de tal maneira que uníronse para realizar a súa respectiva A21 comarcal. En relación aos procesos de realización das A21 comarcais na provincia de Ourense, cabe dicir, que foron presentados os documentos técnicos relativos á diagnose comarcal e ao plan de acción comarcal tanto da Limia como de Terra de Celanova, pero os gobernos locais

non incluíron nin tiveron en conta os obxectivos, accións e as recomendacións técnicas recollidas nestes documentos, nin se destinaron partidas económicas específicas para velar pola implantación do Plan de acción. Así, a información e propostas recollidas nestes documentos son descoñecidos polos mandatarios políticos, os funcionarios públicos e a poboación, de maneira que o esforzo que foi feito no seu día para avanzar en prol do desenvolvemento sostible non serviu para nada, e actualmente atópanse na mesma situación que antes de ter realizado a A21 comarcal.

Neste punto cabe sinalar que O Barco de Valdeorras é o único de todos os concellos que presenta un elevado grado de implantación da A21L, proceso que se atopa á espera de comezar os traballos relativos ao Plan de seguimento e monitorización.




Gráfico 1_ Punto de situación da realización de A21L na provincia de Ourense.
Fonte: elaboración propia.

Como foi comentado en apartados anteriores, ademais dos problemas a nivel do grado de realización e implantación das A21 na provincia, tamén bótase en falta unha estratexia de desenvolvemento sostible específica para Galicia que marque as directrices de sostibilidade xerais a seguir. Isto sumado á falta de coñecemento entre a poboación dos beneficios da A21L como estratexia de xestión integradora e sostible, e á consecuente falta de implicación e participación social, lévanos á situación actual, na que se precisa dun modelo territorial provincial para a avaliación e seguimento da sostibilidade na provincia de Ourense.

En definitiva, o proxecto provincial divídese en dúas etapas, o obxectivo final da primeira etapa, a ETAPA PROVINCIAL, capaz de dar resposta ás necesidades da provincia en materia de sostibilidade. Así o modelo de sostibilidade proposto para a provincia de Ourense aséntase en 3 eixos centrais: a eficiencia ambiental e equilibrio territorial, a cohesión social e participación cidadá e o crecemento económico e competitividade. Para lograr o antedito obxectivo, a A21 da provincia de Ourense calcula unha ampla batería de indicadores agrupados en vectores e aspectos urbanos con

base no modelo de sostibilidade proposto, tal e como se pode ver na Táboa 4.

EIXOS	VECTORES E ASPECTOS URBANOS
EFICIENCIA AMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ciclo urbano- consumo de recursos e produción de residuos: residuos, enerxía e emisións e auga. 2. Mobilidade: parque móbil, emisións derivadas da mobilidade. 3. Distribución territorial da poboación. 4. Conservación e xestión dos recursos naturais, patrimonio e turismo.
CRECemento ECONÓMICO E COMPETITIVIDADE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Emprego 2. Actividade comercial e desenvolvemento empresarial 3. Equidade e pobreza 4. Responsabilidade social corporativa ou empresarial.
COHESIÓN SOCIAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ	<ol style="list-style-type: none"> 1. Organización social 2. Xestión política e social 3. Sociedade da información

Táboa 4_ Síntese do modelo territorial de sostibilidade proposto para a provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.

A segunda etapa do proxecto, a ETAPA LOCAL, estará centrada na realización das A21L dos concellos integrados na rede, con base no modelo territorial de sostibilidade proposto na primeira etapa do proxecto e con base nunha serie de indicadores comúns que serán determinados previo á realización das devanditas A21L.

Con todo este traballo preténdese favorecer a consecución dos obxectivos xa establecidos nas devanditas estratexias, así como contribuír a fomentar as bases para o deseño de innovadoras estratexias e sistemas de xestión capaces de aportar solucións á xestión e aproveitamento dos recursos, de optimizar a ordenación do territorio para paliar o efecto da dispersión e a baixa densidade de poboación, de potenciar o crecemento económico próspero, innovador, baseado nos coñecementos e respectuoso co medio ambiente, capaz de internalizar as externalidades e de fomentar unha sociedade democrática, socialmente incluínte, cohesionada, san, segura e xusta que respecte os dereitos fundamentais e a diversidade cultural, e que ofrezca as mesmas oportunidades para todos os seus membros.

I DIAGNOSE TÉCNICA DA PROVINCIA DE OURENSE




10 DESCRICIÓN DO MEDIO FÍSICO: A PROVINCIA DE OURENSE

A provincia de Ourense ocupa unha extensión de 7.273 km² e está situada no noroeste de España, no sueste da comunidade autónoma de Galicia, sendo a única provincia galega sen saída ao mar. Administrativamente a provincia está dividida en 12 comarcas: O Carballiño, O Ribeiro, Ourense, Terra de Celanova, Baixa Limia, A Limia, Allariz - Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives, Verín, Viana e Valdeorras. Estas comarcas divídense a súa vez en 92 concellos, dos cales 69 teñen unha extensión inferior a 100 km².



Ilustración 4_ Localización da provincia de Ourense.

A provincia de Ourense limita coas provincias galegas de Pontevedra polo oeste e Lugo polo norte, e León e Zamora polo este. O sur da provincia de Ourense limita con Portugal, gozando dunha situación estratéxica para a captación de financiamento procedente de programas de cooperación transfronteirizos da Unión Europea.



Mapa 2_ Infraestruturas viarias na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.

A provincia está ben comunicada, dotada dunha ampla rede de autovías e estradas nacionais, provinciais, comarcais e municipais. A Deputación de Ourense xestiona 1800 km de estradas, correspondentes ás estradas provinciais. Entre as estradas de xestión estatal, cabe destacar a autovía das Rías Baixas, a A-52, que une a provincia coa costa, ata Vigo e coa península, ata a capital Madrid. Tamén ten importancia a autopista central galega a AG-53, que une a provincia con Santiago de Compostela, e a través do seu enlace coa AP-9 en Santiago de Compostela, serve de conexión coas cidades da Coruña e Ferrol. Neste ano 2013 tamén foi inaugurado un tramo da autovía AG-31 que actualmente chega a Celanova, pero cuxo obxectivo é comunicar á provincia co Norte de Portugal.

En canto ás estradas nacionais conta coa N-525 en dirección a Santiago ou Benavente (Zamora), a N-541 a Beariz, Pontevedra e o Salnés, e a N-120 en dirección a Vigo ou Ponferrada. Tamén

disponse das estradas OU-536, que comunica coa Pobra de Trives, e a OU-540, que comunica Celanova e Portugal pero que está a perder tránsito debido á inauguración da AG-31.

A Autovía Ponferrada- Ourense ou A-76 é unha autovía en proxecto que unirá as cidades de Ponferrada (León) e Ourense.




Ilustración 5_ Conexións por estrada entre os distintos núcleos urbanos da provincia de Ourense. Fonte: captura de pantalla das Directrices de Ordenación do territorio (Xunta de Galicia)

A poboación total da provincia é de 330.257 habitantes (2012), dos cales o 44,25 % vive na comarca de Ourense, é dicir, ligados á capital da provincia en contornos urbanos ou semiurbanos. O restante 65,75% vive en contornos rurais pouco poboados e dispersos territorialmente. Na Ilustración 6 pódense ver as conexións por estrada entre os núcleos urbanos da provincia de Ourense. Todos os concellos da provincia 91 concellos menos Ourense, teñen menos de 20.000 habitantes e que aproximadamente o 95% dos concellos da provincia de Ourense non supera os 5000 habitantes.

O aspecto urbano vese representado por núcleos de pequenas dimensións que dispérsanse pola totalidade do ámbito, habitualmente seguindo o trazado das vías de comunicación secundarias e camiños rurais. A artificialización da paisaxe complementase coa contribución que realizan as infraestruturas de transporte. Ademais das estradas, entre as infraestruturas de transporte, cabe destacar as conexións ferroviarias, un importante pulo para o transporte de mercadorías e persoas tanto na Comunidade Autónoma como na provincia, na Ilustración 7 pódense ver as principais conexións ferroviarias en Galicia.





Ilustración 6_ Principais conexións ferroviarias entre os principais núcleos de Galicia e o exterior. Fonte: captura de pantalla das Directrices de Ordenación do territorio (Xunta de Galicia).

En relación aos servizos públicos tales como centros sanitarios, centros de ensinanza ou espazos deportivos e de lecer, cabe destacar que a provincia está ben dotada. Nos Mapas 3 e 4, establécense radios de 5 km dende cada un destes espazos co obxectivo de coñecer a accesibilidade da poboación a estes lugares. Enténdese que os habitantes localizados dentro da área de 5 km de radio, nun contorno rural, están a unha distancia aceptable dos anteditos servizos públicos, xa que se debe ter en conta que a distancia real percorrida para desprazarse por estrada aos mesmos en poucos casos superará os 30 km reais.



Mapa 3_ Radio de 5 km dende os centros sanitarios. Fonte: elaboración propia.



Mapa 4_ Radio de 5 km dende os centros de ensinanza. Fonte: elaboración propia.

A provincia está ben dotada de centros sanitarios e de centros de ensinanza, practicamente todos os concellos dispoñen, como mínimo, dun centro de ensinanza e dun centro sanitario, nos concellos nos que non se dispón dalgún destes servizos, pódese confirmar como o concello limítrofe dispón destes servizos por duplicado. Esta situación prodúcese por exemplo, no concello de Piñor, sen centros de ensinanza, podendo confirmarse que o concello limítrofe do Carballiño dispón de 4 instalacións rexistradas como centros de ensinanza. Algo similar ocorre no concello de Chandrexa de Queixa sen centros de ensinanza namentres a Pobra de Trives, o concello limítrofe, dispón de 2 instalacións rexistradas como centros de ensinanza.

As zonas mais afastadas da capital da provincia son as que menos dotacións públicas teñen, como as comarcas de Terras de Caldelas, Viana ou a Baixa Limia, aínda así, quedarían cubertas. As comarcas con maior dotación de centros sanitarios e de ensinanza son as comarcas do Carballiño, do Ribeiro e de Ourense.

Tamén a continuación pódese ver a distribución de instalacións deportivas públicas e parques e espazos de lecer da provincia. En ambos casos existe, como mínimo, unha dotación de cada tipo anteriormente citado por concello, apreciándose unha tendencia maior, é dicir mais dunha por concello, nas comarcas mais occidentais da provincia como na do Carballiño, na do Ribeiro e na de Ourense. Tamén apréciase que nas capitais comarcais hai maior dotación de servizos públicos.

Confírmase de maneira xeral, que é maior a dotación de parques que a de instalacións deportivas, pero en ambos casos pódese concluir que todos os concellos da provincia están ben dotados de instalacións deportivas e espazos de lecer, sendo maior esta dotación na zona occidental da provincia e nas capitais comarcais. Algúns exemplos de concellos amplamente dotados son os concellos de Verín, Oímbra e Monterrei, que agrupan a maior parte de dotacións da comarca, ou o concello do Barco que tamén aglutina a práctica totalidade de dotacións da comarca.



Mapa 5_ Instalacións deportivas presentes na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.



Mapa 6_ Espazos de lecer (parques públicos) presentes na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.

Unha maior concentración de servizos públicos como os anteriormente descritos (centros sanitarios, centros de ensinanza, instalacións deportivas e espazos de lecer) enténdese que é debido a que ese núcleo é un nodo de equilibrio consolidado, é dicir, un centro de atracción capaz de fixar poboación, un dos obxectivos deste documento é localizar e caracterizar estes nodos existentes, e predicir os nodos de equilibrio territorial futuros.

Neste punto parece interesante aportar información sobre os edificios públicos que na actualidade se atopan sen uso ou abandonados, xa que poderían ser reformados e empregados para complementar os servizos existentes con melloras do servizo ou destinados á prestación de novos servizos para a poboación.

Ano 2011



Mapa 7_ Localización de edificios públicos sen uso na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.

As maiores concentracións de edificios públicos sen uso prodúcese nos concellos máis rurais, como os concellos da Veiga, O Bolo, Vilar de Barrio, Entrimo, Padrenda, Cortegada, Gomesende e Beade.

Toda a información descriptiva aportada nos apartados anteriores, está directamente relacionada coa seguinte ilustración, na que pódense ver os nodos de equilibrio territorial caracterizados pola Xunta de Galicia. A clave do futuro está en potenciar as actividades económicas ligadas a eles, mellorar as infraestruturas, fixar poboación nova aos mesmos, dotalos de zonas verdes e espazos de lecer ... en definitiva, facer evolucionar o sistema social e produtivo actual, respectando o medio ambiente, e potenciando todas aquelas actividades xeradoras de valor engadido nos concellos da provincia.



Ilustración 7_ Nodos de equilibrio territorial no sur de Galicia. Fonte: captura de pantalla das Directrices de Ordenación do territorio (Xunta de Galicia).

Finalmente, nesta visión da provincia tamén se debe ter en conta a propia distribución dos habitantes nos concellos ourensáns, xa que este dato tamén inflúe na caracterización dos concellos como nodos de equilibrio ou non. Á excepción da capital da provincia que conta con máis de 100.000 habitantes, só hai 5 concellos que superen os 10.000 habitantes: Barbadás, Xinzo de Limia, O Barco de Valdeorras, O Carballiño e Verín, e só 4 concellos máis superan os 5.000 habitantes sen chegar aos 10.000 habitantes: Ribadavia, Celanova, Allariz e Pereiro de Aguiar. Tal e como se pode ver na Ilustración 8 os nodos de equilibrio coinciden en moitos casos con estes concellos que concentran máis poboación. Os nodos de equilibrio supramunicipais definidos pola Xunta de Galicia nas Directrices de Ordenación do Territorio para concentrar os servizos básicos coa finalidade de dar acceso á poboación rural aos mesmos na provincia de Ourense son os concellos de Viana do Bolo, Pobra de Trives, Castro Caldelas, O Barco de Valdeorras, Maceda, Allariz, Celanova, Bande, Ribadavia, O Carballiño e a área da capital da provincia, que abrangue practicamente toda a comarca de Ourense. Os principais obxectivos destes nodos de equilibrio son prestar servizos baixo os principios de equidade e eficiencia, provocar na poboación un sentimento de identidade territorial, que fai referencia ao sentido de pertenza dos cidadáns como potencial para xerar iniciativas, constituír un factor activo cunha elevada capacidade para transformar un territorio pasivo nun territorio activo e dinámico. En definitiva, converten ao territorio nun xerador de capital social e de potencial de innovación e de competitividade. No ámbito do desenvolvemento local, son o resultado da planificación estratéxica e o desenvolvemento socioeconómico sostible e sostido. En definitiva, a provincia de Ourense caracterízase por núcleos de poboación de baixa densidade e moi dispersos, cunha poboación moi envellecida que habita nun contorno eminentemente rústico con escasa vocación forestal, pero ampla vocación gandeira e agrícola

que debe atraer aos emprendedores e á man de obra e así evolucionar cara a transformación da materia prima e á especialización dos sectores.

10.1 O CLIMA

A provincia de Ourense, como a comunidade autónoma de Galicia, ten un clima oceánico, que caracterízase, de forma xeral, por temperaturas suaves todo o ano, con máximas en verán e mínimas no inverno, mesma situación que acontece coas precipitacións tamén cun máximo en inverno e un mínimo no verán.

A posición interior do territorio de Ourense e a existencia de accidentes topográficos, ofrece diferenzas no clima, de maneira que se distinguen catro zonas climáticas na provincia dentro do dominio oceánico.

DOMINIO OCEÁNICO CONTINENTALIZADO

Corresponde á zona meridional da provincia, ás depresións do Limia e do Támega. As temperaturas medias anuais están entre 10°C e 11°C e as precipitacións sobre 900 mm por ano, pero no inverno as temperaturas son frías, con abundantes días de xeadas, namentres que o verán é seco e con alto déficit de precipitación que pode durar ata catro meses. Esta conéctase coa meseta central de Lugo, pero a continuidade rómpeuse nos vales do Miño e Sil.

DOMINIO OCEÁNICO DE TRANSICIÓN

Aparece na zona noroccidental da provincia, na comarca do Carballiño e nos concellos máis occidentais da comarca de Ribadavia. As precipitacións son máis baixas que na zona da costa, pero acadan valores de 1500 mm por ano. As temperaturas medias anuais son suaves, amosando o gradiente térmico máis baixo da provincia, entre os 12°C e os 14°C de media. Os veráns son frescos, xa que nin sequera chegan aos 20° C de media. As precipitacións anuais son de aproximadamente 1.500 mm, pero hai una certa aridez no verán.

DOMINIO OCEÁNICO DE MONTAÑA

Corresponde basicamente ás zonas de montaña do Macizo Central, nas que destaca a Serra do Invernadoiro e de San Mamede, e ás montañas do este entre as que se atopa a Serra do Eixe, co pico máis alto da provincia, Pena Trevinca con 2147 m de altitude e a Serra Segundera. As precipitacións acadan os valores da Galicia costeira chegando aos 1500 mm ou máis. A maiores elevacións máis supéranse estas cifras. No inverno, as temperaturas medias mensuais poden caer por debaixo dos 0°C.

DOMINIO OCEÁNICO - MEDITERRÁNEO

Esténdese polos vales dos ríos Miño e Sil dende O Ribeiro a Valdeorras, incluíndo a depresión de Ourense capital. A flora e os cultivos dominantes amosan o influxo mediterráneo. É a terra do viño, a Ribeira Sacra. É a zona máis seca de Galicia, cunha media de máis de 2.500 horas de sol ao ano e as precipitacións por debaixo de 800 mm. A temperatura media anual é de 14°C, con veráns calorosos que poden superar os 45°C, pero invernos con moitas néboas e chuvias. Un exemplo pode ser a mesma cidade de Ourense.




Ilustración 8_ Temperatura media e precipitación media anual para cada un dos climas presentes na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.

10.2 XEOLOXÍA



A provincia de Ourense sitúase na parte máis occidental da chamada “Zona Centro - Ibérica” do sector norte. Localízase dentro do Macizo Hespérico, constituído por materiais precámbricos e paleozoicos da Península, deformados durante a Orografía Hercínica. O macizo Hespérico ou Ibérico é o principal macizo hercínico da Península. Durante a maior parte do Paleozoico estivo baixo o nivel do mar, con depósito de materiais moi variables en litoloxía e potencia segundo as zonas e a idade. A oroxenia hercínica deformou o conxunto destes materiais durante o Carbonífero superior e a expansión do Atlántico produciu a emersión de toda a unidade, predominando dende entón os procesos de erosión sobre a mesma.

Co paso do Mesozoico ao Cenozoico chégase ao apoxeo da oroxenia Alpina. Esta reactivación alpina provocará noutros puntos da Península a culminación da formación dos Pirineos e a elevación das cordilleiras Béticas, entre outros fenómenos. Nesta fase en Galicia cabe destacar a configuración das rías e a formación de concas terciarias, na provincia de Ourense nas zonas de Maceda, Monterrei e A Limia.

Este macizo pode dividirse en 5 zonas ou bandas paralelas de orientación xeral NO – SE que representan distintos dominios estruturais con grados de deformación diferentes.




Ilustración 9_ Zonas do Macizo Ibérico (Fonte: IGME)

A zona centroibérica, á que pertence a práctica totalidade da provincia de Ourense, amosa certa heteroxeneidade con metamorfismo variable, con máxima representación en

Galicia e Norte de Portugal. A súa principal característica é a abundancia de granitos e rocas plutónicas afíns que son anteriores e posteriores á oroxenia hercínica, con idades comprendidas entre os 500 e os 280 millóns de anos. Os pregos son moi abundantes e teñen, polo xeral, eixos de dirección NO - SE. Esta zona foi interpretada como unha zona de sutura, debido á presenza de ofiolitas, que indica unha colisión continente – océano.

Destaca a presenza de complexos de rocas básicas e ultrabásicas afectadas por un metamorfismo de alta temperatura e presión. As rocas presentes formáronse en niveis profundos da cortiza e afloraron polo intenso pregamento e a erosión posterior dos materiais que as cubrían. Esta sub- unidade cabalga sobre o resto da zona centroibérica, concretamente sobre o Dominio do Anticlinorio do “Ollo de Sapo” presente na área de Viana do Bolo - A Gudiña.

10.3 XEOMORFOLOXÍA



A configuración física de Galicia xeralmente divídese, en dous grandes zonas, a Galicia interior e a Galicia litoral, separadas entre elas pola Dorsal Galega.




Ilustración 10_ Xeomorfoloxía de Galicia (Fonte: IGME)

As Serras Centrais representan un conxunto de relevos de orde menor que actúan de divisoria entre as augas do Miño e o resto de ríos atlánticos, de maneira que controlan, en gran medida, o deseño da rede fluvial actual

10.4 AUGAS MINERAIS

A relación entre augas minerais, con ou sen relación termal, e as características xeolóxicas de Galicia foi analizada polo Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IGME). Parece clara a relación entre as augas minerais e a fraturación tardi-posthercínica. Segundo a análise realizada por Ferrero (2003), a maior parte de manifestacións hidrotermais sitúase no Dominio Esquistoso de Ourense - Tras os Montes polo predominio dos anteditos granitoides no mesmo, neste área a relación do binomio granitoides-fraturación co termalismo ponse claramente de manifesto.

A continuación, no Mapa 8 pódese ver a riqueza termal da provincia de Ourense na actualidade. Cabe destacar que non se inclúen os proxectos termais que están en fase de realización, como por exemplo os da comarca de Verín



Mapa 8_ Termalismo na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.

10.5 HIDROLOXÍA

O río Miño, principal río da provincia e estandarte da comunidade autónoma de Galicia, nace nun paraxe coñecido como “Pedregal de Irimia”, na serra de Meira (Lugo) a uns 700 m de altitude, dende onde flúe soterrado ata reaparecer en Fonmiñá (A Pastoriza). Ten unha lonxitude de 307 km e un caudal medio de 340 m³/s. Mantense encaixado no seu percorrido, feito que determina a presenza de numerosos encoros destinados principalmente á produción de enerxía hidroeléctrica (Velle, Castelo de Miño, Frieira ...).

Ao longo dos seus últimos 76 km, o Miño actúa de fronteira natural entre España e Portugal, e desemboca no Atlántico na Guarda (Pontevedra) e Caminha (Portugal), formando un gran estuario. Todo o seu curso alto está declarado Reserva da Biosfera.

O río Sil é o principal afluente do Miño e o río mais caudaloso de Galicia, deste feito xorde o refrán “O Miño leva a fama e o Sil a auga”. Nace na cordilleira cantábrica e pasa polas comarcas luguesas de Babia, Lacia, O Bierzo e a Cabrera, e a comarca de Valdeorras en Ourense. Únese co Miño nos Peares, tras ter formado os canóns do Sil.


As depresións Ourensás, zonas do relevo situadas a unha altura inferior que as rexións circundantes, teñen gran importancia. A depresión da Limia é unha ampla depresión tectónica de fondo plano onde estivo localizada a lagoa de Antela antes de ser desecada en épocas do franquismo para o aproveitamento agrícola. Era unha das brañas de maior extensión da península Ibérica, chegou a cubrir 7 quilómetros de largo e 6 quilómetros de ancho, dependendo da época do ano. Presenta unha topografía chá sobre a que se adaptou unha densa rede hidrográfica de desecamento que conflúe no río Limia o cal cruza todo o seu territorio. A medida que se vai desprazando cara a Baixa Limia e a fronteira portuguesa, o seu relevo vaise accidentando e os seus vales fanse estreitos con fortes pendentes ata acadar os rebordes montañosos que a rodean: o Xurés e a Serra de Larouco, ao sur, e a Serra de Leboreiro ao oeste, con altitudes entre 800-1.000 metros.

A depresión de Verín- Monterrei, está percorrida polo río Támega que recolle as augas dos afluentes que descenden das serras que a bordean. Por outra banda, a depresión do Bolo organizase ao redor do val do Bibei e do seu afluente o río Camba.

O conxunto montañoso San Mamede - Queixa e Montes do Invernadoiro forman parte das Serras Orientais de Galicia e conforma un nó orográfico de alta montaña que abrangue as comarcas de Terra de Trives e Terra de Caldelas que se vai prolongando cara a comarca de Viana.

A Confederación Hidrográfica Miño – Sil aglutina a maior parte da provincia. Dita confederación comprende as concas dos ríos Miño e Sil e a parte española da conca do río Limia.

A confederación Hidrográfica do Douro é a administración competente nos ríos da zona mais suroriental da provincia, abrangue principalmente do río Tâmega e os seus afluentes.




Mapa 9_ Rede Hidrolóxica provincial e administracións competentes en cada zona. Fonte: elaboración propia.

Os recursos subterráneos da provincia non son destacables debido á litoloxía predominante no substrato, cuxa natureza fundamentalmente granítica e esquistosa, determina formacións maioritariamente impermeables ou de moi baixa permeabilidade que poden chegar a albergar acuíferos superficiais orixinados pola alteración ou fisuración, normalmente de pouca extensión e baixa produtividade, pero importantes para a comunidade local, xa que son aproveitados pola poboación para o abastecemento de núcleos de pequeno tamaño ou comunidades do medio rural Non obstante, os altos índices de pluviosidade do global da conca determinan que os recursos superficiais sexan claramente superiores aos subterráneos.

Neste punto tamén parece interesante aportar información sobre os sistemas de depuración presentes na provincia de Ourense, xa que as dotacións existentes son as que aseguran a calidade das masas de auga. Tal e como se pode comprobar,

os sistemas de depuración mais estendidos na provincia de Ourense son as foxas sépticas e as depuradoras compactas nas pequenas poboacións. Por outra banda as E.D.A.R son os sistemas de tratamento imperantes nas poboacións de tamaños maiores.



Mapa 10_ Sistemas de tratamento de augas residuais na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.

10.6 VEXETACIÓN

Actualmente as zonas arboradas atópanse poboadas, na súa maior parte, por carballeiras de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*, acompañadas por bosquetes ou pes illados de outras frondosas como o castiñeiro (*Castanea sativa*), o salgueiro (*Salix atrocinerea*), o ameneiro (*Alnus glutinosa*), nas zonas baixas a sobreira (*Quercus suber*) e nas altas o bidueiro (*Betula celtiberica*), aparecendo tamén mesturadas coa anterior pequenas masas e bosquetes de pinos e eucaliptos nos lugares de menor altitude. En canto ás matogueiras, están constituídas por breixeiras (*Erica arborea*, *Erica cinerea*, *Erica umbellata*, *E. aragonensis* e *E. ciliaris*), toxais (*Ulex europaeus*) e xestas (*Cytisus striatus*, *C. scoparius* e *C. multiflorus*).

A maior parte das masas autóctonas anteriormente descritas

están degradadas debido, por unha banda aos incendios que asolan cada verán a provincia, e por outra, ás actividades agropecuarias e silvícolas, sendo o cultivo de froiteiros, millo e vide os que maior responsabilidade teñen na transformación do aspecto natural potencial deste contorno. A dispoñibilidade de auga e a bondade do terreo favorecen a implantación das prácticas agrícolas e a substitución das carballeiras e bosques de ribeira orixinais por un mosaico agrícola organizado en bancais, nos que desenvólvense distintos produtos, destacando os viñedos pola súa importancia socioeconómica.

Por outra banda tamén son abundantes as masas de repoboación con *Eucalyptus globulus*, *Pinus pinaster* e *Pinus radiata*. Debido ao seu curto prazo de aproveitamento (10-12 anos), favorécese a persistencia no sotobosque de especies heliófilas como *Ulex europaeus*, *Erica cinerea*, *E. umbellata*, *E. arborea*, *Calluna vulgaris* e *Rubus sp.* Unicamente cando amplíase o tempo entre cortas (40-60 anos) obsérvase a incorporación de frondosas autóctonas nese espazo (carballos, castaños, espiños, abeleiras ...). Baixo as especies de árbores autóctonas, nos solos ben conservados, aparecen tamén numerosos tipos de fungos, feito interesante para ter en conta na promoción do turismo micolóxico.

Os prados e pasteiros ocupan as terras máis baixas e seguen os cursos da auga e aquelas contornas con posibilidade de regadío. Debido ao carácter agrícola e gandeiro da zona, aparecen múltiples parcelas destinadas a cultivos forraxeiros. Finalmente, nas zonas de ribeira dos ríos da provincia, principalmente do Miño, Sil, Arnoia e Avia consérvanse masas forestais de bosque de ribeira autóctono nas que predominan os ameneiros, freixos e salgueiros nas primeiras liñas, aínda que tamén aparecen carballos, castaños, abeleiras e bidueiros illados ou formando pequenos bosques.





Ilustración 11_ Distribución da vexetación nas zonas arboradas.

Encontramos masas naturais en bo estado de conservación nos espazos da provincia catalogados con algunha das figuras de protección definidas pola normativa existente; a Lei 42/2007, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, asegurando a conservación e valoración do patrimonio natural, a protección da biodiversidade, a conservación e o uso sostible dos recursos naturais e o mantemento, e no seu caso a restauración, da integridade dos ecosistemas. Os espazos naturais protexidos, xa sexan terrestres ou mariños, clasifícanse en: Parques; Reservas Naturais; Áreas Mariñas Protexidas (non presente na provincia de Ourense); Monumentos Naturais e Paisaxes Protexidas.

A conservación da biodiversidade é competencia da Xunta de Galicia, a nivel autonómico, a Lei 9/2001, de Conservación da Natureza, ten como obxectivo establecer normas encamiñadas á protección, conservación, restauración, mellora dos recursos naturais, e a unha adecuada xestión dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, ademais da xea da Comunidade Autónoma Galega, á difusión dos seus valores, así como a súa preservación para as xeracións futuras.

A proposta galega á Rede Europea Natura 2000 contempla unha serie de lugares para os que é necesario aplicar o marco legal previsto na Lei 9/2001, de conservación da natureza. Esta necesidade de protección deriva da Directiva 92/43/CEE, comunmente coñecida como Directiva Hábitats relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, trasposta ao dereito español, a través do Real decreto 1997/1995, que establece a obriga de manter, ou se é o caso, restablecer a un estado de conservación favorable, os tipos de hábitats naturais e taxons que formen parte dos listados de Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) e Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA). A provincia de Ourense conta con numerosos espazos incluídos na Rede Natura 2000.



Os espazos que contan con algún tipo de protección na provincia de Ourense son os seguintes:

- Z.E.P.V.N:
 - Baixo Miño
 - Serra do Cando (colle unha pequena parte do municipio de Beariz)
- L.I.C:
 - Pena Veidosa
 - Canón do Sil (compartido coa provincia de Lugo)
 - Río Támega (en todo o seu percorrido por Galicia)
 - Pena Maseira (nos municipios da Mezquita e A Gudiña e nos límites montañosos con Portugal)
 - Macizo Central (en trámite para ser Parque natural)
 - Pena Trevinca (en trámite para ser Parque natural)
 - Serra do Suido (a compartir coa provincia de Pontevedra, ocupa unha pequena porción na de Ourense).
- Parques naturais
 - Baixa Limia - Xurés (tamén é ZEPA)
 - Serra da Enciña da Lastra (tamén é ZEPA)
 - O Invernadeiro
- Reserva natural:
 - Reserva da biosfera de Allariz (futuro LIC)
- Monumento natural:
 - Souto de Rozabales
 - Pena corneira

Neste punto tamén cabe destacar a presenza en Galicia de árbores senlleiras, que se definen como árbores que polas súas características extraordinarias ou destacables (tamaño, idade, significación histórica ou cultural, rareza, beleza etc.) son consideradas reliquias botánicas, obxecto de respecto veciñal e con valor científico, cultural, didáctico, paisaxístico ou ornamental. Todas elas poden consultarse no Catálogo galego de árbores senlleiras elaborado e regulado pola Xunta de Galicia dende o ano 2007 a través do Decreto 67/2007, do 22 de marzo coa finalidade de protexelas de riscos e ameazas, garantindo a súa conservación.

Neste catálogo salientan os carballos, os castiñeiros, os teixos e as sobreiras como árbores autóctonas. Tamén aparecen moitas especies ornamentais como camelias, sequoias ou alciprestes. Á hora de seleccionar os exemplares ou formacións senlleiras estúdase a idade dos exemplares, relevancia cultural (criterios históricos e tradicionais), valor estético (criterios estéticos e dendrométricos), rareza (criterios biolóxicos e ecolóxicos) na súa situación ou na súa

distribución (criterios de situación), etc.

A continuación, na Ilustración 13, preséntase a localización das principais árbores e formacións senlleiras presentes na provincia de Ourense e que son motivo de visita turística.



Ilustración 12_Árbores e formacións senlleiras na provincia de Ourense.

10.7 FAUNA

Tal e como se comentaba no apartado anterior, na provincia de Ourense danse seis tipos de hábitats: as áreas de cultivos, as matogueiras, a vexetación natural e autóctona, as repoboacións forestais, os ambientes acuáticos e de ribeira e os ambientes urbanos. Asociados a estes hábitats identifícase a fauna que existe nos mesmos, observándose numerosos taxons das diferentes categorías en función da altitude da zona e da súa situación bioxeográfica. Pola súa banda, os sectores agroforestais, áreas de cultivo e gandería, son as zonas máis diversas en canto á representatividade da fauna, nelas denótase a presenza de ata nove especies de carnívoros entre as que destacan o zorro (*Vulpes vulpes*) e o lobo ibérico (*Canis lupus signatus*), especies tremendamente adaptables que poden habitar tanto zonas forestais e matogueiras, como

zonas mais abertas. Entre as especies de aves cabe destacar o abelleiro europeo (*Pernis apivorus*), o milano negro (*Milvus migrans*), o lagarteiro (*Falco tinnunculus*), a papuxa común (*Tyto alba*), o chotacabras gris (*Caprimulgus europaeus*), a bubela (*Upupa epops*) ou a rula europea (*Streptopelia turtur*), entre outras moitas especies. Tamén poden criar algunhas rapaces diúrnas como o busardo rateiro (*Buteo buteo*) ou o alcorán europeo (*Falco subbuteo*) xa que estes espazos son zonas de caza moi óptimas para as rapaces en xeral.

As áreas forestais, incluíndo as matogueiras densas, son de vital importancia como lugares de alimentación e refuxio para moitas especies. Nas masas forestais ben conservadas, nas carballeiras principalmente, aparecen diferentes especies quirópteros, entre os que destacan os da Familias Vespertilionidae e Rhinolophidae, como o morcego de ferradura grande (*Rhinolophus ferrumequinum*). Nestas áreas tamén habitan os mamíferos de gran porte como os corzos (*Capreolus capreolus*), os cervos (*Cervus elaphus*) e os xabarís (*Sus scrofa*), e de pequeno porte como o coello (*Oryctolagus cuniculus*), a xineta (*Genetta genetta*), a garduña (*Martes foina*) ou o teixugo (*Meles meles*). Neste punto cabe destacar a tradición cinexética da provincia, polo que é importante dispor de programas de control da caza e xestión e conservación da biodiversidade, a Xunta de Galicia é o organismo competente nesta materia.

Tamén abundan especies de aves como o moucho chico (*Asio otus*), a paloma torcaz (*Columba palumbus*), o cuco (*Cuculus canorus*), o críalo europeo (*Clamator glandarius*), e distintas especies de currucas e carboneros, entre outros.

Por outra banda, a boa conservación dalgúns cursos fluviais posibilita a presenza do desmando ibérico (*Galemys pyrenaicus*), da londra paleártica (*Lutra lutra*), do tourón (*Mustela putorius*), da rata de auga (*Arvicola sapidus*) e do morcego de ribeira (*Myotis daubentoni*). Na fauna piscícola predomina a troita (*Salmo trutta*), pero tamén é destacable a presenza dalgúns especies como a lamprea mariña (*Petromyzon marinus*) ou o salmón (*Salmo salar*) símbolos de boa saúde dos ríos, e que cada vez son menos habituais xa que, por unha banda a contaminación, e por outra as presas, que supoñen para eles barreiras infranqueables que reducen o desenvolvemento do seu ciclo biolóxico mariño- fluvial.

A herpetofauna tamén presenta unha diversidade bastante notable. Nas concas fluviais abundan as rás, outros anuros e as cobras acuáticas. Nos lindeiros húmidos dos ríos e os prados herbáceos podemos encontrar eslizón tridáctilo (*Chalcides striatus*), lagarto verdinegro (*Lacerta schreibersii*), o sapo común (*Bufo bufo*) e o lución (*Anguis fragilis*). Nos

ecosistemas fluviais tamén atoparíamos ao galápago europeo (*Emys orbicularis*). Nos regatos mais empinados, húmidos e forestais tamén destaca o sapinho pinto ibérico (*Discoglossus galganoi*), e está presente un dos endemismos ibéricos mais interesantes, a píntega rabilarga (*Chioglossa lusitanica*), ademais da píntega común (*Salamandra salamandra*).

Os sectores mais secos estarían habitados polo esgonzo ibérico (*Chalcides bedriagai*), o lagarto ocelado (*Chalcides bedriagai*), a lagarta ibérica (*Podarci hispanica*), a lagarta cenicienta (*Psammotromus hispanicus*), a cobra de escaleira (*Rhinechis scalaris*) ou a cobra bastarda (*Malpolon monspessulanus*). As zonas humanizadas estarían poboadas polas lagartas da zona: a lagarta ibérica (*Podarcis hispanica*) e a lagarta de Bocage (*Podarcis bocagei*). Finalmente, destacar a presenza de especies de tritóns que poden cohabitar xuntas en diversos puntos de augas tranquilas como fontes, bebedoiros ou minas sempre que sexan suficientemente grandes.

En relación ás especies de aves nas zonas acuáticas, comentar que principalmente as empregan como zonas de invernada. Por exemplo o corvo mariño (*Phalacrocorax carbo*), o somorgullo lavanco (*Podiceps cristatus*), ademais de diversas especies de anátidos. Entre as reprodutoras atopamos o pato real (*Anas platyrhynchos*), a gallineta común (*Gallinula chloropus*), o picapeixe (*Alcedo atthis*), diversas lavandeiras ou o merlo acuático (*Cinclus cinclus*).

Cabe destacar a presenza na provincia de Ourense de 2 especies catalogadas como “en perigo de extinción” segundo o “Catálogo galego de especies ameazadas”: a aguia real (*Aquila Chrysaetos*) e o galápago europeo (*Emis orbicularis*).




Ilustración 13_ Fauna na provincia de Ourense.

10.8 PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL

O patrimonio cultural de Galicia comprende bens mobles, inmobles e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico, ademais do patrimonio documental e bibliográfico, os conxuntos urbanos, os lugares etnográficos, os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os lugares naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropolóxico.


A Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia, é o referente normativo para acadar a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia. Con este obxectivo creáronse 3 categorías de bens que definen a incidencia de cada un deles no patrimonio de Galicia, e que en conxunto configuran o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia:

- Bens declarados de interese cultural (BIC); representan o mais destacable dos bens mobles, inmobles e inmateriais, e á súa vez poden pertencer a algunha das seguintes categorías:
 - Monumento
 - Conxunto histórico
 - Xardín Histórico
 - Sitio ou Territorio histórico
 - Zona arqueolóxica
 - Lugar de interese etnográfico
 - Zona paleontolóxica e os seus subsolos.
- Bens catalogados: aqueles que pola súa singularidade poden definir un territorio.
- Bens inventariados, aqueles que merecen ser conservados.

A provincia de Ourense é rica en patrimonio histórico e cultural, debe a súa importancia ao seu carácter estratéxico, tanto por ser a porta de entrada a Galicia dende a península, como pola súa situación en vía romana e á beira dun río que se empregou como vía fluvial na antigüidade. O mundo romano e as augas termais son as principais sinais de identidade dos ourensáns. Así, vanse centrando os eixos de desenvolvemento histórico e cultural da provincia de Ourense; o mundo castrexo e romano, as comunicacións e a hidroloxía, temas centrais sobre os que debe xirar a rehabilitación e promoción turística da provincia

de Ourense. A continuación o Mapa 12 recolle a riqueza histórica e cultural ourensá organizada por comarcas:

Ano 2013



Mapa 12_ Bens de interese cultural na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.

Todos estes bens de interese cultural da provincia e en conxunto todos os de Galicia, conforman as características específicas da cultura galega e son un excelente testemuño e herdanza da súa historia (Ilustración 15). En definitiva, Galicia é un museo ao descuberto. A existencia dun patrimonio tan abundante en Galicia, sumado á dispersión xeográfica, e á baixa densidade de poboación, son en parte as causas de que moitos dos elementos patrimoniais quedaran esquecidos.




Ilustración 14_ Concellos con patrimonio cultural en Galicia. Fonte: captura de pantalla das Directrices de Ordenación do territorio (Xunta de Galicia).

Seguindo as directrices marcadas polas estratexias europea e nacional, polas Directrices de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, e polos manuais e guías dispoñibles para a implantación de procesos de desenvolvemento local sostible e Axenda 21 Local, propónse a seguinte batería de indicadores, o “Panel de indicadores de sostibilidade Provincial 2013/2014”, que ten como referente un amplo catálogo de indicadores consultados no ámbito local, rexional, nacional e europeo.




Nesta primeira etapa “PROVINCIAL - INTERMUNICIPAL”, seleccionáronse indicadores que permiten unha primeira análise da situación actual comarcal e intermunicipal, atendendo tamén á sostibilidade da propia institución. Por estes motivos, e tamén condicionados pola dispoñibilidade de información, hai indicadores que se amosan ata a desagregación municipal, outros amosan os resultados comarcais, outros unicamente resultados das capitais de comarca, e outros están centrados na antedita análise da propia institución provincial. O obxectivo final é obter resultados que permitan coñecer a situación global dos concellos, as interrelacións entre eles, e as súas relacións supramunicipais. É dicir, dispor dun sistema de indicadores adaptado ás políticas provinciais e locais, que nos permita obter unha radiografía do estado de sostibilidade da provincia de Ourense e dos concellos que a forman.

Os indicadores seleccionados teñen a función principal de avaliar o estado ambiental, social e económico da provincia

de Ourense para, con base nos seus resultados, propor obxectivos de mellora. Todos os indicadores cumpren as seguintes características:

- Exactos, inequívocos e específicos.
- Comprensibles e fáciles de interpretar.
- Accesibles e sinxelos
- Significativos e relevantes.
- Sensibles aos cambios.
- Válidos, cientificamente solventes, verificables e reproducibles.
- Realmente efectivos.
- Con fiabilidade estatística.
- Baseados en estándares establecidos (plans, programas, lexislación ...).

A Táboa 5 presenta unha síntese dos indicadores do modelo provincial de sostibilidade proposto. O modelo aséntase en 3 eixos centrais: a eficiencia ambiental e equilibrio territorial, a cohesión social e participación cidadá e o crecemento económico e a competitividade. E nesta primeira aproximación á diagnose calcula 32 indicadores, que serán ampliados no vindeiro informe de sostibilidade da provincia de Ourense e no xeoportall provinciasostible.depourense.es

EIXOS	VECTORES	INDICADORES DE SOSTIBILIDADE
EFICIENCIA AMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL 	Ciclo urbano: consumo de recursos e produción de residuos.	RESIDUOS Ficha 1_ Produción de residuos por tipo Ficha 2_ Recollida selectiva bruta de residuos Ficha 3_ Recollida selectiva neta de envases lixeiros ENERXIA E EMISIONS Ficha 4_ Potencia instalada na provincia de Ourense (Mapa centrais de biomasa) Ficha 5_ Consumo de electricidade por sectores na provincia de Ourense AUGA Ficha 6_ Consumo de auga por habitante e distribución do uso nas capitais comarcais da Rede provincial Ficha 7_ Percentaxe de poboación sen abastecemento
	Mobilidade	PARQUE MÓBIL Ficha 8_ Percentaxe de variación do número de vehículos nos municipios (08-12) Ficha 9_ Índice de motorización nas comarcas ourensás
	Distribución territorial da poboación	Ficha 10_ Poboación por concello en 2012 Ficha 11_ Densidade de poboación Ficha 12_ Grao de urbanización dos concellos
	Conservación e xestión dos recursos naturais, patrimonio e turismo	Ficha 13_ Avaliación das figuras de protección presentes na provincia de Ourense e da superficie que ocupan. Ficha 14_ Percentaxe de superficie forestal, cultivo e outros (comarcas)
CRECIMENTO ECONÓMICO E COMPETITIVIDADE 	Emprego	Ficha 15_ Taxa de variación por concello de afiliados á SS durante a crise Ficha 16_ Taxa de variación interanual por concello das afiliacións á SS Ficha 17_ Variación interanual por concello do paro rexistrado
	Actividade comercial e empresarial	Ficha 18_ Índices de actividade económica Ficha 19_ Variación porcentual do número de actividades industriais, comerciais e de restauración (capitais comarcais 07-11)
	Equidade e pobreza	Ficha 20_ Evolución do índice de Gini en Galicia e por provincia. Ficha 21_ Taxa e limiar da pobreza por provincia e grandes áreas.
COHESIÓN SOCIAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ 	Organización social	POBOACIÓN Ficha 22_ Distribución da poboación por grupos de idade (comarcal) Ficha 23_ Poboación por comarca Ficha 24_ Natalidade e fecundidade Ficha 25_ Percentaxe de poboación estranxeira por concello (2012)
		FORMACIÓN Ficha 26_ Nivel de formación acadado en Galicia e en cada provincia (2011) Ficha 27_ Nivel de formación por comarca dos maiores de 16 anos (2001) Ficha 28_ Taxa de analfabetismo en Galicia e por provincia (2011)
	Xestión política e social	XESTIÓN PÚBLICA Ficha 29_ Índice de endebedamento - débeda viva por habitante (concellos e provincias)
	Sociedade da información	ORGANISMO PROVINCIAL Ficha 30_ Gasto provincial en medio ambiente Ficha 31_ Percentaxe de poboación por grupos de idade que utilizou o ordenador nos últimos 3 meses (2012) Ficha 32_ Percentaxe de poboación por grupos de idade que utilizou internet nos últimos 3 meses (2012)

Táboa 5_ Síntese dos indicadores que serán calculados no modelo de sostibilidade provincial proposto.

O panel esta formado por 32 indicadores que, como xa foi comentado, aportan información en diferentes niveis de desagregación, en relación ao equilibrio territorial e eficiencia ambiental (entendida como eficiencia no uso dos recursos), ao crecemento económico e competitividade e á cohesión social e participación cidadá. O obxectivo é dispor de información sobre o punto de partida da provincia en materia de sostibilidade, para así, poder establecer os obxectivos de mellora sobre unha sólida base técnica.

Hai unha serie de indicadores que non puideron ser calculados e presentados nesta primeira diagnose provincial por non dispor dos datos de orixe porque non estaban a ser recompilados no momento da solicitude dos mesmos, ou por falta de tempo para tratar os datos dispoñibles e adaptalos ao indicador correspondente. Algún exemplo pode ser:

- Produción de residuos nos puntos limpos.
- Consumo de electricidade no organismo provincial.
- Indicadores do Sistema provincial de animais abandonados: número de cans abandonados ao ano por comarca, número de adopcións ao ano por comarca ...
- Indicadores relacionados co turismo.
- Indicadores relacionados co parque móbil do organismo provincial (km, emisións ...)
-

Tanto o procedemento polo que se está a realizar a Axenda 21 provincial como os indicadores propostos para a primeira aproximación á realidade ourensá, teñen como base as estratexias nacional e europea en materia de desenvolvemento sostible, e dan resposta aos compromisos de sostibilidade da Carta de Aalborg, asinada mediante acordo plenario en febreiro de 2013.

1.EIXO: EFICIENCIA AMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL



FICHA 1



DIMENSIÓN AMBIENTAL

VECTOR: Ciclo urbano.

INDICADOR: Produción de residuos por tipo de residuo (IGE 2011).

DEFINICIÓNS

Os **residuos domésticos**, segundo a Lei de residuos 22/2011, son aqueles xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Considéranse tamén residuos domésticos os asimilables aos anteriores xerados en servizos e industrias. Inclúense tamén nesta categoría os residuos de aparatos eléctricos e electrónicos, roupa, pilas, acumuladores e mobles, así como os residuos e escombros procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria. Terán a consideración de residuos domésticos os residuos

procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

A recollida selectiva na provincia de Ourense abrangue os envases lixeiros, o papel e cartón, o vidro e nalgunhas capitalidades o aceite usado.

Non se inclúen datos para o Concello de Ourense (aparece representado na cor negra).

TENDENCIA DESEXADA

Redución da produción de residuos xenéricos e consecuente aumento da cantidade de residuos recollidos selectivamente.

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= produción total de cada tipo de residuos ao longo dun ano (Tn) b= número de habitantes da zona de estudo.	Quilogramos Habitantes Ano	$[(a/b)] * 1000$	IGE

ANÁLISE DOS RESULTADOS

Primeiramente, no Mapa 13 pódese ver a produción de residuos xenéricos por persoa no ano 2011 segundo a información estatística extraída do IGE, sen amosar resultados para fracción resto no Concello de Ourense que aparece representado coa cor negra.

Os valores do IGE para cada concello non coinciden cos valores obtidos polo ente provincial a través das súas unidades de xestión, un dos principais motivos é que a Deputación provincial de Ourense recolle os residuos da mesma tipoloxía

por unidade de xestión e capitalidade comarcal, non por concello.

En relación aos datos do IGE para a fracción resto, os concellos con menor produción de residuos xenéricos son Sandiás e Sarreaus, que producen menos de 70 kg.hab⁻¹.día⁻¹ seguidos dos concellos da Bola, Gome sende, San Amaro, Montederramo, Barbadás, Coles, Vilamarín, A Peroxa, Montederramo, Castro Caldelas, San Xoán de río, O Iri xo e Piñor cunha produción de fracción resto tamén baixa, entre 70 e 140 kg.hab⁻¹.ano⁻¹.

Unha menor produción de fracción resto asóciase cun maior carácter rural, tanto en relación aos hábitos de consumo como ao aproveitamento da fracción orgánica para alimentar aos animais ou facer compostaxe. A Veiga non sigue esta regra xa que é o concello con maior produción de fracción resto, mais de 210 kg.hab⁻¹.ano⁻¹. Os demais concellos presentan unha produción media entre 140 e 210 kg.hab⁻¹.ano⁻¹, é dicir, entre 0,38 e 0,57 kg.hab⁻¹.día⁻¹. Polo tanto todos os concellos da provincia de Ourense producen menos residuos que a media galega que está en torno a 400 kg.hab⁻¹.ano⁻¹, ou o que é o mesmo en torno a 1,18 kg.hab⁻¹.día⁻¹.



Mapa 13_ Produción de residuos xenéricos por concello na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.

En relación á recollida selectiva, inicialmente, cabe destacar que, ao igual que a cantidade de residuos xenéricos, a selectiva varía cos diferentes patróns de consumo, estes tamén inflúen na porcentaxe e calidade da recollida selectiva dos materiais.


No Mapa 14 amósase a produción de vidro por concello na provincia de Ourense no ano 2011. É salientable a produción de vidro en concellos como os da Rúa, Ribadavia, Oímbra ou Xinzo de Limia, onde o elevado consumo en bares e restaurantes implica unha maior xeración e de mellor calidade

de residuos de envases de vidro, reflectíndose tamén nunha maior recollida selectiva destes residuos. Os concellos que presentan menor cantidade de produción de residuos de vidro son os concellos da Baixa Limia, os da comarca de Terra de Caldelas e algúns dos concellos da comarca do Carballiño, como o Irixo, Piñor ou San Cristovo de Cea.



Mapa 14_ Produción de residuos de vidro na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.

En relación ao contedor azul, a xeración media de residuos de papel e cartón en Galicia está, na actualidade, en torno a 14 kg.hab⁻¹.ano⁻¹, , no Mapa 15 pódese ver que é o valor no que tamén se atopan os concellos do Carballiño, Cenlle, Barbadás, Cualedro, Verín, Vilardevós, A Pobra de Trives, e O Barco de Valdeorras, todos eles presentan unha produción anual de papel e cartón entre 10 e 15 kg.hab⁻¹.ano⁻¹, á excepción da Rúa, cunha produción superior a 15 kg.hab⁻¹.ano⁻¹. En xeral, en igualdade de condicións, as poboacións con maior índice de recollida selectiva per cápita tenden a ser mais respectuosas e comprometidas co medio ambiente. A antigüidade de implantación dos sistemas de recollida e a asimilación dos mesmos pola poboación tamén favorecen uns maiores índices de recollida selectiva, canto mais tempo leva implantada a recollida selectiva, maiores son as cantidades recollidas por fracción e menor é a cantidade de impropios de cada unha das bolsas.




Mapa 15_ Producción de residuos de papel e cartón na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.

En xeral as cantidades de residuos recollidos selectivamente de envases lixeiros en 2011 foron superiores á media da Comunidade Autónoma na actualidade $11,1 \text{ kg.hab}^{-1}.\text{ano}^{-1}$ e á media española $13,6 \text{ kg.hab}^{-1}.\text{ano}^{-1}$, nas comarcas de Verín, A Limia, Valdeorras, Allariz - Maceda e algúns concellos da comarca do Carballiño, tal e como se pode ver no Mapa 16. Entre os concellos que presentan menor produción de envases lixeiros, de 0 e $5 \text{ kg.hab}^{-1}.\text{ano}^{-1}$, atópanse os concellos de Lobios, Lobeira, Verea, Gome sende, Carballada de Avia, Cenlle, Montederramo, Parada de Sil, Chandrexa de Queixa, San Xoán de Río, Rubiá, A Veiga, A Mezquita, Riós e Castrelo do Val, nestes concellos de carácter rural parece razoable pensar que prodúcense baixas cantidades porque tamén consúmense baixas cantidades. Por outra banda, tamén se inclúen neste grupo concellos de mercado carácter urbano, como Celanova, Pereiro de Aguiar e O Carballiño que presentan esta mesma produción anual de residuos de envases lixeiros entre 0 e $5 \text{ kg.hab}^{-1}.\text{ano}^{-1}$, a cal polo antedito carácter destes concellos considérase baixa.

Débase ter en conta que, a calidade media da recollida efectuada pola Deputación de Ourense está por encima da

galega. Os índices de recollida selectiva en zonas rurais son menores que os das zonas mais urbanas. A composición do residuo resto en medios mais rurais, con maior cantidade de residuos reciclables, indica un maior grado de éxito de recollida selectiva do que se observa a priori. A localización dos puntos de recollida selectiva en relación aos contedores de recollida do resto, é un dos factores que afecta ao grado de éxito da recollida selectiva. Outros factores de éxito son cuestións culturais, de información e sensibilización, así como de sinalización dos lugares específicos de recollida selectiva.



Mapa 16_ Producción de residuos de envases lixeiros na provincia de Ourense (contedor amarelo). Fonte: elaboración propia.

FICHA 2

DIMENSIÓN AMBIENTAL

VECTOR: Ciclo urbano.

INDICADOR: Recollida selectiva bruta de residuos nas UX da Deputación de Ourense.

DEFINIÇÕES

Recollida selectiva bruta: cantidade total de residuos recollidos selectivamente con base nas súas características e propiedades coa finalidade de facilitar o seu tratamento e valorización: contedor amarelo (envases lixeiros), azul (papel e cartón), iglú verde (vidro) e contedor verde (fracción resto). Nalgúns municipios lévase a cabo a recollida de aceite usado (contedor laranxa). Este dato inclúe os impropios, refírese ao total recollido selectivamente.

As unidades de xestión (UX) son agrupamentos de varios concellos limítrofes nos que a Deputación Provincial de Ourense presta o servizo de recollida de residuos de maneira unificada para reducir custos e facilitar a propia prestación do servizo (en moitos casos coincide practicamente cos límites administrativos das comarcas).



Mapa 17_ Mapa de municipios da provincia de Ourense, nos que se indican as 13 Unidades de Xestión nas que se realiza a recollida de todos os fluxos.
Fonte: elaboración propia

TENDENCIA DESEXADA

Aumento da recollida selectiva pero con baixa porcentaxe de impropios, é dicir, o aumento da recollida selectiva neta.

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= produción total de envases lixeiros, papel e cartón e vidro tal e como foron separados en orixe ao longo dun ano (Tn). b= número de habitantes da zona de estudo.	Quilogramos Habitantes Ano	$[(a/b)] * 1000$	Estudo da Deputación de Ourense.

ANÁLISE DOS RESULTADOS

En Galicia os valores para a selectiva bruta de envases lixeiros no 2012 foron da orde de 9,3 kg hab⁻¹ ano⁻¹ e neta de 6,7 kg

hab⁻¹ ano⁻¹ e en papel cartón, 11,6 kg hab⁻¹ ano⁻¹ e neta da orde de 11,2 kg hab⁻¹ ano⁻¹. A recollida selectiva de vidro para ese

ano foi de 13 kg hab⁻¹ ano⁻¹.

Na xestión da Deputación de Ourense, para o ano 2012, a recollida de envases lixeiros foi de aproximadamente 6,7 kg hab⁻¹ ano⁻¹ bruta e 4,40 kg hab⁻¹ ano⁻¹ neta, o que supón unha porcentaxe de impropios da orde do 24%, superior á media galega. En papel cartón a recollida selectiva bruta foi da orde de 6,3 kg hab⁻¹ ano⁻¹ e del 5,6 kg hab⁻¹ ano⁻¹ neta.

As UX con maior recollida per cápita de selectiva son Valdeorras I (A Rúa) e M. A Limia, con 42 e 35 Kg hab⁻¹ano⁻¹, respectivamente (Gráfico 2). En Valdeorras I, tanto no ámbito urbano como no rural, a recollida selectiva para os diferentes fluxos é elevada e similar. Na Limia hai que destacar a elevada recollida selectiva de vidro, 21 Kg hab⁻¹ano⁻¹. Pola contra, nas UX mais rurais os kg recollidos de maneira selectiva son moito menores, como é o caso de Terra de Caldelas - Trives, Castrelo de Miño - Toén, Mancomunidade de Viana ou Padrenda onde en xeral a recollida é baixa para todos os fluxos. Outra UX a destacar é M.da Baixa Limia, onde a recollida selectiva de vidro é tres veces superior á de envases lixeiros.

No Gráfico 3 preséntanse os resultados relativos á porcentaxe de residuos recollidos selectivamente por fluxo en relación ao total de residuos recollidos.

As porcentaxes de recollida selectiva relación ao total de residuos recollidos son maiores para o vidro que para o resto dos materias. A Limia presenta o valor mais alto para o vidro (5,8%), probablemente influído pola antigüidade de los sistemas de recollida deste fluxo (foi a primeira UX que comezou a xestionar a Deputación), xunto cos patróns de consumo na capitalidade. No extremo oposto están outras UX con índices moi baixos como Viana, de carácter moi rural incluso na capitalidade.

Na recollida selectiva de papel e cartón destacan positivamente Carballiño (3,3%) e Valdeorras I (3,4%), as UX de Pereiro de Aguiar (0,8%), San Cibrao¹ (0,8%) e Valdeorras II (0,7%) son as que teñen os índices mais baixos. A recollida de envases lixeiros realízase con especial éxito en Valdeorras I A Rúa (3,7%), O Carballiño (2,8%), Castrelo de Miño- Toén (2,8%) e Santa Águeda (2,8%).




Gráfico 2_ Recollida selectiva bruta por habitante e ano para cada UX no 2012. Fonte: elaboración propia




Gráfico 3_ Porcentaxe de recollida selectiva neta por fluxo para cada UX no 2012. Fonte: elaboración propia.

¹Para calcular a porcentaxe de recollida selectiva da UX de San Cibrao non se consideraron as cantidades estimadas recollidas de residuo industrial co obxectivo de homoxeneizar os datos.

FICHA 3

DIMENSIÓN AMBIENTAL

VECTOR: Ciclo urbano.

INDICADOR: Recollida selectiva neta de envases lixeiros nas UX da Deputación de Ourense.

DEFINICIÓNS

Recollida selectiva neta: determina a porcentaxe de captura dos residuos de envases lixeiros separados en orixe polos propios xeradores dos mesmos en relación á xeración total.

Polo tanto, exclúense aquelas cantidades consideradas como impropios administrativos das comarcas).

TENDENCIA DESEXADA

Aumento da recollida selectiva neta de envases lixeiros.

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= produción total de envases lixeiros, excluindo os impropios, ao longo dun ano (Tn) b= produción total de envases lixeiros ao longo dun ano (Tn)	%	$[(a/b)] * 100$	Área de medio ambiente

ANÁLISE DOS RESULTADOS

Este indicador permite avaliar a calidade da recollida selectiva amarela, xa que non considera aqueles residuos depositados no contedor amarelo que non se corresponden có fluxo (impropios). Como se pode observar no Gráfico 4, a Mancomunidade de Santa Águeda é a UX coa recollida de mellor calidade, é dicir, coa maior porcentaxe de recollida neta, un 3%. Por outro lado, a Mancomunidade da Baixa Limia está no extremo oposto cun 0.8% de recollida amarela neta e unha elevada taxa de impropios.

PORCENTAXE DE RECOLLIDA SELECTIVA DE ENVASES POR HABITANTE E ANO PARA CADA UX NO 2012



Gráfico 4_ Porcentaxe de recollida selectiva de envases por habitante e ano para cada UX no 2012 en relación ao total de residuos domésticos recollidos. Fonte: elaboración propia.

FICHA 4



DIMENSIÓN AMBIENTAL

VECTOR: Ciclo urbano.

INDICADOR: Potencia instalada por tipo de enerxía renovable na provincia de Ourense

DEFINICIÓNS

A potencia instalada é a carga eléctrica total (en kW) dun sistema. No caso do sector eléctrico é amplamente utilizada para describir a capacidade máxima de xeración eléctrica dun centro produtivo.

TENDENCIA DESEXADA

Aumento da potencia instalada por tipo de enerxía renovable (fontes de enerxía alternativas).

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
KW xerados por cada centro produtivo de enerxía renovable.	KW/ ano	Σ kW (centrais de coxeración, eólico, minicentraís, hidráulica, biomasa)	Inega 2008

ANÁLISE DOS RESULTADOS

A provincia de Ourense ten a maior potencia instalada de toda Galicia, cun total de 2.459.930 KW en 2008, seguida da Coruña e Lugo, que están en torno ao 1,7 millóns de kW. Na provincia de Ourense a maior contribución das renovables á matriz de enerxía primaria corresponde á hidráulica, cunha potencia instalada de 2.102.210 KW/ ano, seguida da eólica (238.240 KW/ano).

Profundizando nos datos presentados, en relación ás centrais de coxeración podemos destacar a industria "Galegas de Residuos Gandeiros S.A." (UNION FENOSA), cunha potencia instalada de 14.800 KW, así como as plantas de COREN que permiten unha xeración de enerxía de 9.560 Kw.

Por outra banda, na provincia hai 9 parques eólicos (representan o 9,5% da potencia instalada) aos que deben sumarse os 4 compartidos coa provincia de Pontevedra dando como resultado unha potencia instalada total de 413.140 KW. Ourense² sitúase no terceiro lugar en nivel de potencia

POTENCIA INSTALADA NA PROVINCIA DE OURENSE (KW) Ano 2008

	OURENSE	LUGO	CORUÑA	PONTEVEDRA	TOTAIS
CENTRAIS DE COXERACIÓN	42.760	39.489	470.960	55.589	608.798
EÓLICO	238.240	1.111.190	911.085	235.610	2.496.125
MINICENTRAIS	75.370	25.874	81.437	86.211	268.892
CENTRAL HIDRÁULICA	2.102.210	529.910	229.882	115.507	2.976.509
CENTRAL DE BIOMASA	2.350		47.855		50.205
TOTAIS	2.459.930	1.706.463	1.741.219	492.917	6.400.529

Táboa 6_ Potencia instalada por tipo de enerxía renovable na provincia de Ourense.

instalada de Galicia, lonxe dos 911.085 KW da Coruña, ou os 1.111.190 KW de Lugo.

En relación aos recursos hídricos cabe destacar Miño-Sil, e Limia, que representan o 73,26 % do total da capacidade das concas de Galicia. A provincia de Ourense en total ten una potencia hídrica instalada de 2,6 GW, e unha produción media de 7000 GW/h, representando o 15% do total hidroeléctrico español.

Tamén cabe destacar a contribución da biomasa na matriz enerxética, sendo A Coruña a provincia galega con maior potencia instalada seguida de Ourense. As provincias de Lugo e Pontevedra non dispoñen de instalacións. En Allariz, a planta Allarluz S.A., conta cunha potencia instalada de 2.350 KW que representa o 4.6 % da potencia total instalada en Galicia.

Adicionalmente, a continuación, no Mapa 18 tamén pódense ver os centros de transformación de biomasa que na actualidade hai na provincia de Ourense.



Mapa 18_ Centros de transformación da Biomasa presentes na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.

²Non se inclúen nin os parque eólicos singulares promovidos por concellos, nin parques eólicos singulares de empresas.

FICHA 5



DIMENSIÓN AMBIENTAL

VECTOR: Ciclo urbano.

INDICADOR: Consumo de electricidade por sectores na provincia de Ourense

DEFINIÇÕES

Cantidade de enerxía eléctrica consumida por sectores (industrial, doméstico e servizos) na provincia de Ourense (GW/h)

TENDENCIA DESEXADA

Reducir ou manter o consumo de electricidade principalmente no sector industrial e servizos.

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
GW consumidos por hora en cada un dos sectores na serie 2001- 2010	GW/h	DATO	INEGA e Secretaría de Estado de Enerxía

ANÁLISE DOS RESULTADOS

O consumo de electricidade na provincia de Ourense obtense engadindo aos datos subministrados polas empresas distribuidoras de electricidade, o consumo das centrais hidroeléctricas de bombeo e o que ten lugar nas plantas anexas ás centrais en réxime especial. No Gráfico 5 destacan as variacións do consumo de electricidade no sector industrial na provincia de Ourense, como consecuencia da gran cantidade de centrais hidroeléctricas existentes, moitas delas de bombeo. Os anos de baixa pluviosidade consúmese moita máis electricidade para bombear o auga. O ano 2010 foi un ano moi pluvioso, polo que o consumo de electricidade do sector industrial foi baixo (a diminución respecto do año 2009 é de 232 GWh).

O consumo do sector doméstico mantense constante, en torno aos 500 GWh ao longo da serie analizada. Por outra

banda, o consumo do sector servizos aumenta ano tras na serie 2001 – 2010 como no resto das provincias galegas, este consumo corresponde principalmente aos edificios comerciais e públicos, á iluminación pública e aos servizos sanitarios.

Débese ter en conta o potencial de aforro do sector servizos reducindo a potencia eléctrica necesaria para a iluminación, reducindo as horas de funcionamento, aproveitando mellor a iluminación natural ou instalando elementos de control que permitan apagar as luces cando os locais estean desocupados. Na iluminación pública é esencial cambiar as lámpadas o cal supón entre un 55 % e 80 % de aforro. O potencial de aforro dos servizos sanitarios tamén é destacable, principalmente a través da redución no gasto de auga que reduce a necesidade de bombeo de auga potable, as augas servidas e consumo

enerxético do tratamento da auga. O principal instrumento para diminuír as perdas é a incorporación de medidores de auga, ligando a facturación ao consumo.

CONSUMO ELECTRICIDAD POR SECTORES NA PROVINCIA DE OURENSE




Gráfico 5_ Consumo de electricidade por sectores na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.

FICHA 6



DIMENSIÓN AMBIENTAL

VECTOR: Ciclo urbano.

INDICADOR: Consumo de auga e usos nas capitais comarcais da Rede de Municipios Ourenzáns cara a Sostibilidade.

DEFINICIÓNS

Relaciona o consumo de auga co número de habitantes. É a cantidade anual de auga potable subministrada polo sistema de abastecemento municipal á rede de distribución en relación á poboación local.

É esencial coñecer os usos para os que é destinada, e a porcentaxe que representa cada un deles sobre o total, de maneira que se poida coñecer a orixe dos consumos.

TENDENCIA DESEXADA

Adecuar os consumos e os usos de auga potable a niveis de sostibilidade

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a=Volume de auga rexistrada (m ³) b= Total de habitantes dun territorio	m ³ . hab ⁻¹ . día ⁻¹	$[(a/b) * 1000] / 365$	Viaqua Ourense

ANÁLISE DOS RESULTADOS

O consumo medio en Galicia por habitante está estimado no Plan Hidrolóxico Galicia Costa en 150 l. hab⁻¹. día⁻¹ e o consumo de auga óptimo segundo o IGE é 132 l. hab⁻¹. ano⁻¹, tal e como se pode comprobar no Gráfico 6.

O único concello que supera o valor óptimo de consumo determinado polo IGE, é o concello do Carballiño, que nos anos 2010 e 2011 o consumo por habitante foi de 152, 21 e 143,93 l. hab⁻¹. ano⁻¹ respectivamente para cada ano. Ao longo da serie analizada, o consumo vai reducíndose ano a ano, feito que pode ligarse mais ao chamado efecto crise, que a que teñan sido implantados sistemas de aforro de auga.

A distribución do uso da auga (Gráfico7) permite coñecer a porcentaxe que supón o consumo doméstico, municipal e industrial sobre o total de auga consumida. O Barco de Valdeorras e Celanova, presentan as maiores porcentaxes de consumo de tipo industrial, algo mais dun 20%, valor



Gráfico 6. Consumo de auga por habitante ao día nas capitais comarcais da Rede provincial, comparativamente aos valores estimados polo PHGC e o IGE para Galicia. Fonte: elaboración propia

que representa a importancia do tecido industrial nestes concellos. Por outra banda, o concello de Celanova tamén presenta aproximadamente un 20% de tipo municipal, elevado en comparación cos outros 3 concellos, sería interesante determinar porque neste concello supón unha porcentaxe tan elevada comparativamente cos outros concellos. Os concellos de Xinzo e O Carballiño presentan usos da auga similares.




Gráfico 7_ Usos da auga nas capitais comarcais da rede de municipios. Fonte: elaboración propia

FICHA 7



DIMENSIÓN AMBIENTAL

VECTOR: Ciclo urbano.

INDICADOR: Porcentaxe de poboación sen abastecemento

DEFINICIÓNS

Número de habitantes que non está conectado á rede de abastecemento en relación ao total de habitantes do concello motivo de estudo. É esencial coñecer os usos para os que é destinada, e a porcentaxe que representa cada un deles sobre o total, de maneira que se poida coñecer a orixe dos consumos.

TENDENCIA DESEXADA

Redución da porcentaxe de poboación sen abastecemento.

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= número de habitantes non conectado á rede de abastecemento. b= número total de habitantes no concello.	%	$(a/b)*100$	Víaqua.

ANÁLISE DOS RESULTADOS

No Gráfico 8 unicamente amósase información dos concellos nos que hai porcentaxe de poboación sen acceso á rede de abastecemento. Pontedevea, Lobeira e Padrenda son os concellos nos que hai maior porcentaxe de poboación sen abastecemento, aproximadamente un 4%. Nos concellos que non constan no gráfico toda a poboación ten acceso á rede de abastecemento



Gráfico 8_Porcentaxe de poboación sen abastecemento na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia

FICHA 8

DIMENSIÓN AMBIENTAL

VECTOR: Mobilidade

INDICADOR: Variación do número de vehículos nos municipios ourensáns (08-12)

DEFINICIÓNS

Porcentaxe de variación do número total de vehículos nos concellos da provincia de Ourense en 2012 en relación ao parque móbil que existía no municipio en 2008.

TENDENCIA DESEXADA


Reducilo ou mantelo, dado que a poboación tampouco aumenta na provincia de Ourense

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
A_{2008} = número de vehículos en 2008 A_{2012} = número de vehículos en 2012	S/U	$[(A_{2012} - A_{2008})/A_{2008}] * 100$	Anuario estatístico La caixa.

ANÁLISE DOS RESULTADOS

O concello que presenta a variación porcentual mais notable no número de vehículos entre 2008 e 2012 é o concello de Castrelo de Miño, no cal variou un 100 % o parque móbil no período analizado, tal e como se pode ver no Mapa 19. Debería analizarse si este dato corresponde a unha renovación total do parque móbil existente no concello, ou si é motivo dun aumento no número de licencias de circulación.

A maior parte dos concellos experimenta unha variación entre o 0 % e 50 %, entre eles atópanse os da comarca de Valdeorras, Viana, Verín, A Limia, Allariz - Maceda e do Ribeiro. É destacable que entre os concellos que presentan variación nula, atópase a capital da provincia, Ourense, situación que pode asociarse ao Efecto crise. Tamén presentan variación nula ou practicamente nula a maioría dos concellos da comarca de Carballiño e de Terra de Caldelas.



Mapa 19_ Variación do número de vehículos por concello entre 2008 e 2012.
Fonte: elaboración propia

FICHA 9



DIMENSIÓN AMBIENTAL

VECTOR: Mobilidade

INDICADOR: Índice de motorización nas comarcas ourensás

DEFINICIÓNS

Número de vehículos que pagan o imposto de circulación por cada 1000 habitantes. Este indicador calcúlase ata o nivel de desagregación comarcal.

TENDENCIA DESEXADA

Reducilo ou mantelo.

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= número total de vehículos no concello b= número de habitantes do concello	vehículos/1000 habitantes	$(a/b)*1000$	Anuario estatístico La caixa.

ANÁLISE DOS RESULTADOS

A comarca de Allariz - Maceda con 733 vehículos por cada 1000 habitantes, seguida da de Ourense con 689 vehículos, da de Terra de Trives con 674 e da de Terras de Caldeas con 633 son as que presentan maior número de vehículos por cada 1000 habitantes, superando todas elas o índice de motorización do conxunto do estado Español 600 vehículos por cada 1000 habitantes. Sería necesaria unha enquisa de mobilidade para coñecer os motivos das viaxes e así poder determinar porqué nalgunhas comarcas hai tantos vehículos por cada 1000 habitantes.




Gráfico 9_ Índice de motorización nas comarcas da provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia

FICHA 10

DIMENSIÓN AMBIENTAL

VECTOR: Distribución territorial

INDICADOR: Poboación por concello en 2012

DEFINICIÓNS

Número de habitantes nos concellos da provincia de Ourense en 2012. A través da súa representación cartográfica este indicador permite coñecer os fluxos e movementos da poboación nos concellos da provincia.

TENDENCIA DESEXADA

Acadar o número de habitantes óptimo en cada concello.

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
Número de habitantes	Habitantes	DATO	IGE poboación


ANÁLISE DOS RESULTADOS

De maneira xeral, todos os concellos da provincia de Ourense agás a capitalidade da provincia con mais de 20.000 habitantes, pódense cualificar de núcleos rurais, tanto polo seu baixo número de habitantes como pola súa distribución, con base na densidade da poboación.

91 concellos, todos agás o concello de Ourense, teñen menos de 20.000 habitantes. Segundo a Lei 27/ 2013 de racionalización e sostibilidade da Administración Local, nestes 91 concellos da provincia de Ourense a Deputación deberá coordinar determinados servizos mínimos, a recadación tributaria, a administración electrónica ou a contratación centralizada de servizos entre outros.

Unicamente 5 concellos deses 91 superan os 10.000 habitantes: O Barco de Valdeorras, Barbadás, O Carballiño, Xinzo de Limia e Verín.

Todos os restantes concellos (84) teñen menos de 10.000 habitantes, destes concellos o 50% ten menos de 2.000 habitantes, e o 50% restante ten entre 2.000 e 10.000 habitantes.



Mapa 20_ Número de habitantes por concello en 2012. Fonte: elaboración propia

FICHA 11



DIMENSIÓN AMBIENTAL

VECTOR: Distribución territorial

INDICADOR: Densidade de poboación por comarca

DEFINICIÓNS

Número medio de habitantes dun área urbana ou rural en relación a unha unidade de superficie dada, é dicir, número de habitantes que ocupan unha superficie dada no territorio.

TENDENCIA DESEXADA


Aumentar a densidade de poboación dos núcleos existentes, evitando a dispersión da poboación.

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA	FONTES DE INFORMACIÓN
a= número de habitantes da comarca b= superficie da comarca (km ²)	Hab. km ⁻²	a/b	IGE

ANÁLISE DOS RESULTADOS

A densidade de poboación e o número de habitantes por concello son datos moi útiles para coñecer a dispersión da poboación e para determinar se un núcleo ten un carácter mais rural ou mais urbano. Segundo a Lei de desenvolvemento sostible do medio rural, as poboacións de menos de 30.000 habitantes e densidade menor a 100 hab/km² pertencen ao medio rural, e as poboacións de menos de 5000 habitantes son municipios rurais pequenos. Segundo esta clasificación todos os concellos da provincia agás o concello de Ourense pertencen ao medio rural.

Segundo a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), que clasifica rexións de menos de 150 hab/km² e con mais do 50 % da súa poboación localizada en contornas non urbanas como rurais. Segundo esta clasificación, toda a provincia de Ourense clasificaríase como rural.



Mapa 21_Densidade de poboación por comarca 2011. Fonte: elaboración propia

Segundo Eurostat as rexións con densidade de poboación menor a 100 hab/km² son rurais, condición que tamén cumpre a provincia de Ourense.

Esta condición de rexión rural débese ter en conta no deseño de proxectos susceptibles de percibir financiamento europeo, dado que a Comisión Europea favorece o desenvolvemento destas rexións.

As maiores densidades de poboación (mais de 40 hab/ km²) danse nas comarcas mais occidentais da provincia; Terra de Celanova, O Ribeiro, O Carballiño e Ourense. As comarcas de Allariz - Maceda , A Limia, Verín e Valdeorras teñen unha densidade de poboación comprendida entre os 10 e os 40 hab/km². As comarcas con densidades de poboación mais baixas (<20 hab/km²) son as de Baixa Limia, Terra de Caldeas e Terra de Trives.

En todo caso, as densidades de poboación das comarcas ourensás distan moito da media da UE que está en torno a 116,6 hab/km², incluso atópanse por debaixo da media das rexións rurais da Europa dos 27, que estaba en torno a 48,4 hab/km² en 2010.

FICHA 12

DIMENSIÓN AMBIENTAL

VECTOR: Distribución territorial

INDICADOR: Grao de urbanización dos concellos.

DEFINICIÓNS

Tipo de localidade na que reside un individuo segundo o seu carácter urbano ou rural. É unha clasificación mais que permite determinar o maior ou menor carácter rural dunha zona.

TENDENCIA DESEXADA


Adequar os consumos e os usos de auga potable a niveis de sostibilidade

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
hab hab/km2	Grao de urbanización	DATO	IGE

ANÁLISE DOS RESULTADOS

No mapa diferéncianse sub- graos de urbanización baixos, intermedios e altos dentro das zonas pouco poboadas (ZPP) debido a que, de non ser así, practicamente a totalidade dos concellos estaría no mesmo grupo. Desta maneira dispónse de mais información sobre os mesmos.

- Zona Densamente Poboada (ZDP): conxunto contiguo de áreas locais de densidade superior a 500 hab./km2 e unha poboación total para a zona de polo menos 50.000 habitantes. Isto unicamente ocorre na capital de provincia, Ourense, representada en cor gris.
- Zonas intermedias (ZIP): Son o conxunto de áreas locais que non pertencen a unha zona densamente poboada, ou ben é adxacente a una zona poboada densamente. Este é o caso do concello de Barbadás, representado en cor vermella.
- Zonas Pouco Poboadas (ZPP): Son os grupos de áreas locais que non pertencen a zonas densamente poboadas ou a zonas intermedias. A clasificación nas 3 zonas



Mapa 22_Grao de urbanización na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia

establecidas por Eurostat é bastante ampla no caso galego, e non permite diferenciar núcleos importantes de poboación con certo grao de urbanización, de aí a necesidade de facer unha subclasificación das ZPP en baixo, medio e alto, representados coas cores: azul, laranxa e verde respectivamente.

Cabe destacar que a maior parte dos concellos da provincia pertencen á clasificación ZPP baixa, feito ligado á dispersión e á baixa densidade de poboación. Entre as ZPP alta destacan: O Carballiño, Maside, San Cibrao de Viñas, Vilamartín de Valdeorras, O barco de Valdeorras e Verín. Finalmente as ZPP intermedias da provincia son os concellos de: Ribadavia, Pereiro de Aguiar, Celanova, Allariz, Xinzo de Limia e Petín.

FICHA 13



DIMENSIÓN AMBIENTAL

VECTOR: Xestión dos recursos naturais

INDICADOR: Avaliación das figuras de protección presentes na provincia de Ourense e da superficie que ocupan.

DEFINICIÓNS

Con base na Directiva 92/43/CEE, comunmente coñecida como Directiva Hábitats, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres e trasposta ao dereito español, a través do Real decreto 1997/1995, na Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e a nivel autonómico da Lei 9/2001, de Conservación da Natureza preséntanse as seguintes definicións relativas aos espazos protexidos existentes na provincia de Ourense.

Rede Natura 2000: rede ecolóxica de áreas de conservación da biodiversidade na Unión Europea creada pola Directiva 92/43/CEE.

Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA): zonas naturais de singular relevancia para a conservación de aves silvestres da UE. Nestas zonas límitase ou prohíbese a caza de aves nas súas datas de reprodución ou limita as técnicas de caza, régúlase a posible comercialización, e os estados están obrigados a actuar para conservar as condicións medioambientais necesarias para os descanso, reprodución e alimentación das aves.

Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (Z.E.P.V.N.): aqueles espazos que polos seus valores ou intereses naturais, culturais, científicos, educativos ou paisaxísticos sexa necesario asegurar a súa conservación e que non teñan outra protección específica. Nestas áreas pódense seguir levando a cabo, de maneira ordenada, os usos e actividades tradicionais sen que se comprometan ou vulneren os valores protexidos.

Lugares de Importancia Comunitaria (L.I.C): son todos aqueles hábitats de Interese Comunitario que se atopan ameazados de desaparición na súa área de distribución natural, a cal vese reducida a causa da súa regresión ou da súa propia natureza ou son exemplos representativos dunha ou mais rexións bioxeográficas. Asemade, diferéncianse estes hábitats en Prioritarios e Non Prioritarios. Os primeiros

son aqueles que se atopan ameazados de desaparición no territorio da UE e que a súa conservación supón unha especial responsabilidade a causa da importancia da proporción da súa área de distribución natural. Estes lugares que van sendo seleccionados polos diferentes países en función de estudos científicos, posteriormente pasan a formar parte das zonas de especial conservación que se integran na Rede Natura 2000.

Parques naturais: son áreas naturais, pouco transformadas pola explotación ou ocupación humana que, con base na beleza das súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, fauna ou formacións xeomorfolóxicas, posúen valores ecolóxicos, estéticos, educativos e científicos cuxa conservación merece unha atención preferente.

Reservas naturais: son espazos naturais nos que se protexen aos ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos que, pola súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade merecen unha valoración especial. Son demarcacións administrativas establecidas coa finalidade de favorecer a conservación da natureza. Trátase de conservar unha porción da natureza que polas súas condicións perfílase como privilexiada.

Monumento natural: aqueles espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merezan ser obxecto dunha protección especial, así como as formacións xeolóxicas, os xacementos paleontolóxicos e demais elementos da xeografía que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos.

Paisaxe protexida: aquelas áreas do medio natural que polos seus valores estéticos e culturais, necesitan protección especial. Os espazos naturais protexidos son demarcacións administrativas establecidas coa finalidade de favorecer a

conservación da natureza. Trátase de conservar unha porción da natureza na que se poden manter certas actividades

humanas axustadas ás condicións naturais. (Non hai ningunha na provincia)


TENDENCIA DESEXADA

Aumento da superficie protexida e mantemento óptimo da existente.

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= superficie da figura de protección b= superficie total	%	$(a/b) * 100$	Enquisa EIEL

ANÁLISE DOS RESULTADOS

A provincia de Ourense conta con numerosos espazos incluídos nalgunha das figuras de protección, a comarcas da Baixa Limia e Viana son as que presentan maior superficie protexida total, seguidas das comarcas de Valdeorras, Trives, Verín e A Limia.



As comarcas que teñen maior superficie protexida son Baixa Limia (23%), Viana (19%), Valdeorras (16%) e Terra de Trives (11%).

As comarcas de Baixa Limia (44%), Allariz – Maceda (40%) e A Limia (16%) son as únicas que contan con superficie protexida catalogada como reserva da biosfera.

% DE SUPERFICIE PROTEXIDA POR COMARCA




Gráfico 10_ Porcentaxe de superficie protexida por comarca

RESERVA NATURAL




Gráfico 11_ Porcentaxe de superficie correspondente a Reserva natural en cada unha das comarcas da provincia.




Gráfico 12_ Porcentaxe de superficie Reserva da Biosfera en cada comarca




Gráfico 13_ Porcentaxe de superficie ZEPA por comarca

Os espazos catalogados como reserva natural están presentes en todas as comarcas da provincia, ocupando maior superficie en Viana (24%), Baixa Limia (19%), Terra de Trives (17%) e Valdeorras (15%)

A ZEPA está principalmente presente nas comarcas de Baixa Limia, Viana e Valdeorras, ocupando superficies menores nas comarcas de Terra de Celanova, Allariz - Maceda e A Limia.

FICHA 14

DIMENSIÓN AMBIENTAL

VECTOR: Xestión dos recursos naturais

INDICADOR: Porcentaxe de superficie forestal, cultivo e outros (comarcas).

DEFINIÇÕES

O uso das terras ven determinado polo tipo de actividade económica desenvolvida nun territorio no sector primario. Os territorios con elevadas porcentaxes de cultivos e prados, están asociados a zonas de superficies suaves e ligadas ao

sector agrogandeiro, e enténdese que os territorios con maior uso das terras destinado a superficie forestal, teñen pendentes maiores e están mais ligados á explotación madeireira, á caza ou ao turismo de montaña.

TENDENCIA DESEXADA

A tendencia desexada é relativa ao aproveitamento o cal debe optimizarse e mellorarse.

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= superficie destinada a cultivo e prado	%	$%a = [a / (a+b+c)] * 100$	Xunta de Galicia
b= superficie destinada a usos forestais		$%b = [b / (a+b+c)] * 100$	
c= superficie destinada a outros usos		$%c = 100 - %a - %b$	

ANÁLISE DOS RESULTADOS

As comarcas con maior superficie de cultivo e prado, nas que ocupa en torno ao 20 % da superficie total son as de Allariz - Maceda , A Limia, Terra de Caldelas e Terra de Trives, dato que se corresponde coas comarcas con maior carácter agrogandeiro.

Por outra banda, as comarcas con maior superficie forestal, en torno ao 80% da superficie total, son as da Baixa Limia, O Carballiño, O Ribeiro, Terra de Celanova e Valdeorras.

Os principais produtores vitivinícolas da provincia, O Ribeiro e Valdeorras coinciden con zonas de maior superficie forestal, aquí demóstrase a especialización dos cultivos para adaptarse a estas superficies de fortes pendentes mediante o cultivo en bancais. A pesar de ter unha baixa porcentaxe de superficie de cultivo, estes cultivos están moi especializados e teñen unha gran produción anual.

USO DAS TERRAS NAS COMARCAS 2009




Gráfico 14_ Usos da terra nas comarcas ourensás. Fonte: elaboración propia



2.EIXO: CRECIMENTO ECONÓMICO E COMPETIVIDADE



FICHA 15

DIMENSIÓN ECONÓMICA

VECTOR: Emprego

INDICADOR: Taxa de variación por concello de afiliados á SS durante a crise (2007- 2013)

DEFINIÇÕES

Porcentaxe que representa a variación no número de afiliados á Seguridade Social (ocupados) entre os anos de estudo.

TENDENCIA DESEXADA

Aumentar o número de ocupados, é dicir, aumentar a variación de afiliados.


FÓRMULA DE CÁLCULO	VARIABLES	UNIDADES	FONTES DE INFORMACIÓN
$((b-a)/a)*100$	a= nº total de afiliados en 2007. b= nº total de afiliados en 2013.	%	Observatorio económico Ourense

ANÁLISE DOS RESULTADOS

Os únicos concellos que presentan variación positiva, entre o 0 e o 10%, son os de Barbadás, Pereiro, San Cibrao e Allariz, este último en menor proporción. Estes concellos suman hoxe mais afiliados que antes da crise, aínda que o motivo dese auxe ven dado por criterios demográficos, non debido a crecemento económico ou empresarial. Os concellos de Verín, A Gudiña e Xinzo de Limia, experimentan variación practicamente nula, o cal é un dato positivo tendo en conta o efecto crise.

Por outra banda, os concellos que presentan maior variación negativa, é dicir, que perderon afiliados á SS, son os concellos de Melón, Punxín, Lobeira, Cortegada, Gomesende Porqueira, Calvos de Randín, Larouco e Carballeda de Valdeorras. Estes concellos son de marcado carácter rural polo que deben ser obxectivo da procura de novos polos de atracción para o comercio e a actividade industrial.

En conxunto, a provincia de Ourense perdeu o 13% das afiliacións dende o inicio da crise. Desta maneira, o rexistro Ourense, está case por debaixo da media galega (-15,4 %), e preto de 3 puntos por debaixo da media española (-15,8 %).



Mapa 24_ Variación das afiliacións á seguridade social durante a crise. Fonte: elaboración propia

FICHA 16

DIMENSIÓN ECONÓMICA

VECTOR: Emprego

INDICADOR: Taxa de variación interanual por concello das afiliacións á SS

DEFINIÇÕES

Porcentaxe que representa a variación no número de afiliados á Seguridade Social (ocupados) entre 2011 e 2012

TENDENCIA DESEXADA

Aumentar o número de ocupados


FÓRMULA DE CÁLCULO	VARIABLES	UNIDADES	FONTES DE INFORMACIÓN
$((b-a)/a)*100$	a= nº total de afiliados no ano inicial b= nº total de afiliados no ano final	%	Observatorio económico Ourense

ANÁLISE DOS RESULTADOS

A provincia de Ourense é a provincia galega que presenta menor descenso interanual de afiliados. Esta cifra do 2,6 % de diminución é moi inferior ao 3,8% medio de Galicia, e ao 4,2 % do conxunto de España.

Neste análise interanual da taxa de afiliacións, a única comarca que logrou aumentar o número de afiliados foi a comarca de Viana, beneficiada polo investimento do tren de alta velocidade. No lado oposto, está a Baixa Limia, a mais castigada pola perda de afiliados ao sufrir un recorte do 7,1 %. As outras 3 zonas da provincia nas que as afiliacións diminuíron foron as de Terra de Celanova, O Ribeiro e Valdeorras, nos 3 casos na contorna do 50%.

A comarca de Ourense, que concentra máis da metade dos afiliados da provincia (en concreto o 52,6%) sitúase en posicións intermedias, xa que a súa taxa de variación interanual foi 6 décimas porcentuais mellor que a de Galicia. Pola súa banda, o resultado da comarca de Valdeorras fai que perigue a súa condición de segunda comarca que xera mais afiliados na provincia de Ourense, posto que pode ser ocupado pola comarca do Carballiño nos próximos anos.



Mapa 25_Variación interanual (2012-2013) do número de afiliacións á seguridade social. Fonte: elaboración propia

FICHA 17



DIMENSIÓN ECONÓMICA

VECTOR: Emprego

INDICADOR: Variación interanual por concello do paro rexistrado.

DEFINICIÓNS

Número de persoas desocupadas (paro rexistrado) en relación ao total de poboación potencialmente activa no ano de estudo. Proporción de persoas que desexan traballar e

están en condicións legais de facelo (poboación entre 16 e 64 anos), pero non atopan un posto de traballo.

TENDENCIA DESEXADA

Reducir o paro rexistrado.

FÓRMULA DE CÁLCULO	VARIABLES	UNIDADES	FONTES DE INFORMACIÓN
Taxa de paro= (a/b)*100	<p>Taxa de paro</p> <p>a= nº de persoas desocupadas (paro rexistrado) residentes na zona de estudo.</p> <p>b= nº total de persoas potencialmente activas (16- 64 anos)</p>	%	Observatorio económico Ourenván
Taxa de variación do paro rexistrado= ((b-a)/a)*100	<p>Taxa de variación do paro rexistrado</p> <p>a= nº total de persoas desocupadas no ano inicial do período de estudo.</p> <p>b= nº total de persoas desocupadas no ano final do período de estudo.</p>		


ANÁLISE DOS RESULTADOS

A taxa interanual de paro baixa en 48 municipios da provincia, sendo mais os concellos con descenso do paro interanual que os que aínda presentan subidas. Por outra banda, Allariz, Piñor e San Xoán de Río repiten número de parados. Cabe destacar o caso da Gudiña, que no último ano recortou o paro un 34% .

En canto ás cabeceiras comarcais, o paro interanual baixa en 6 delas con Viana do Bolo (- 10,4 %) e Celanova á cabeza (-9,2%), namentres Allariz mantense invariable

No outro extremo das estatísticas están os concellos nos que

medrou o paro: Calvos de Randín (41,5 %), Castro Caldelas (29 %), Rubiá (25 %), Carballeda de Valdeorras (23%) e A Veiga (22%).



Mapa 26_Variación do paro rexistrado por concello entre 2012 e 2013 na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia

FICHA 18



DIMENSIÓN ECONÓMICA

VECTOR: Actividade comercial e empresarial

INDICADOR: ÍNDICES DE ACTIVIDADE ECONÓMICA (análise comparativa provincial)

DEFINICIÓNS

Índice de actividade económica: Elabórase en función do imposto de actividades económicas (industriais, comerciais e de servizos). Non inclúe, por estar exentas do pago, todas as persoas físicas e aquelas sociedades cuxa cifra de negocios sexa inferior a un millón de euros no exercicio anterior, tendo en conta para calcular este importe, o conxunto de actividades económicas que exerza o contribuínte

Índice industrial: Índice comparativo da importancia da industria (incluída a construción). Elabórase en función do imposto de actividades económicas (IAE) correspondente ás actividades comerciais. O valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por 1000) da industria respecto ao total de España.

Índice comercial: Índice comparativo da importancia do comercio. Elabórase en función do imposto de actividades económicas (IAE) correspondente ás actividades comerciais ao por maior e polo miúdo conxuntamente. O valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por 1000) do comercio respecto ao total de España

Índice turístico: Índice comparativo da importancia da industria (incluída a construción). Elabórase en función do imposto de actividades económicas (IAE) correspondente ás actividades turísticas: hoteis e moteis, hoteis- apartamentos, hostais e pensións, casas de hospedaxe, campismo, apartamentos xestionados por empresas, habitacións ... en definitiva a toda a oferta turística. O valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por 1000) do turismo respecto ao total de España.

Índice de actividades de restauración e bares: Índice comparativo da importancia da restauración e bares (restaurantes, cafeterías, bares ...). Elabórase en función do imposto de actividades económicas (IAE) correspondente ás actividades de restauración e bares. O valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por 1000) do sector respecto ao total de España.

TENDENCIA DESEXADA

Aumentar ou manter a participación das actividades económicas de cada provincia sobre a base nacional de 1000 unidades equivalentes.

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
Índices	Tanto por mil	DATO	Anuario estatístico "La caixa"

ANÁLISE DOS RESULTADOS

O Gráfico 14 representa a análise comparativa dos diferentes índices de actividade económica (industrial, comercial, restauración e bares, turístico e total) para as provincias de A Coruña, Lugo, Pontevedra e Ourense e o total da comunidade

autónoma de Galicia no ano 2011, reflectindo o tanto por 1000 que representa cada actividade sobre a base nacional.

Os índices de actividade económica están relacionados coa cota de mercado. É dicir, existe correlación entre a capacidade de compra e os impostos correspondentes ás actividades económicas empresariais e profesionais. Deste feito dedúcese que os índices ademais de representar o peso das actividades económicas e empresariais, tamén reflicten a capacidade de compra dos habitantes deses territorios.

As provincias da Coruña e Pontevedra presentan os mellores resultados, e as provincias de Lugo e Ourense representan un escaso peso na base nacional, e unha consecuente escasa capacidade de compra para cada un dos índices calculados.

Cabe destacar o baixo peso das actividades turísticas tanto de cada unha das provincias como do total da comunidade autónoma de Galicia sobre a base nacional, sendo un territorio con grandes potencialidades que ofertar neste sector.



Gráfico 15_ Resultados de cada unha das provincias para cada un dos índices calculados. Índice para cada provincia sobre a base nacional de 1000 unidades equivalentes (ano 2011)

FICHA 19



DIMENSIÓN ECONÓMICA

VECTOR: Actividade comercial e empresarial

INDICADOR: Variación porcentual do número de actividades industriais, comerciais e de restauración e bares entre 2007 e 2011 (capitais comarcais)

DEFINIÇÕES

Actividades industriais: comprende as actividades industriais (industria e construción) suxeitas ao imposto de actividades económicas. O número de actividades industriais equivale practicamente ao número de establecementos industriais existentes en cada concello "capital comarcal".

Actividades comerciais polo miúdo: comprende as actividades que identifica a Clasificación Nacional de Actividades Económicas como " polo miúdo". A efectos estatísticos, o número de actividades comerciais pódese considerar unha aproximación dos establecementos comerciais dos que non se ten información do censo, xa que un establecemento comercial pode ter unha ou varias actividades ou licencias comerciais. Abrangue os seguintes grupos: comercio de alimentación (comercio tradicional, supermercados), comercio tradicional de non alimentación (roupa e calzado, fogar, resto de non alimentación), comercio mixto e outros (grandes almacéns, almacéns populares, comercio ambulante, mercados e feiras e outros).

Actividades comerciais ao por maior: comprende as actividades do comercio ao por maior derivadas do imposto de actividades económicas , que constitúe unha boa aproximación do número de establecementos comerciais

existentes en cada concello "capital comarcal". Abrangue os seguintes grupos:

- materias primas agrarias, alimentación, bebidas e tabaco
- téxtiles, confección, calzado e artigos de coiro
- produtos farmacéuticos, de perfumería, e para o mantemento e funcionamento do fogar
- artigos de consumo duradeiro (vehículos de motor, mobles, electrodomésticos, aparatos electrónicos, ferraxería, etc.)
- comercio interindustrial de minería e química
- outro comercio interindustrial (fibras téxtiles, materiais de construción, maquinaria agrícola, maquinaria téxtil, material de oficina, etc.)
- outros comercios non especificados anteriormente (exportadoras, xoguetes e artigos de deporte, etc.).

Actividades de restauración e bares: comprende fundamentalmente as actividades de bares, cafeterías, restaurantes, quioscos, xaderías ... suxeitas ao imposto de actividades económicas.

TENDENCIA DESEXADA

Aumentar ou manter as actividades industriais, comerciais e de restauración.

FÓRMULA DE CÁLCULO	VARIABLES	UNIDADES	FONTES DE INFORMACIÓN
$((b-a)/a)*100$	a= nº total de actividades económicas (industrial, comercial polo miúdo, comercial ao por maior ou de restauración e bares) en 2007. b= nº total de actividades económicas (industrial, comercial polo miúdo, comercial ao por maior ou de restauración e bares) en 2012.	% de actividades económicas e empresariais	Anuario estatístico "La caixa" Ministerio de Facenda.

ANÁLISE DOS RESULTADOS

No período analizado non se percibe aumento do número de actividades económicas e empresariais en ningunha das tipoloxías de actividade, deducindo que este feito prodúcese a causa do efecto crise.

As actividades de restauración e bares e comercio polo miúdo son as que presentan maiores variacións negativas. Nos concellos de Maceda e Castro Caldelas a redución das actividades de restauración e bares foi do 54,8% e do 66% respectivamente entre 2007 e 2012. Por outra banda, o concello de Castro Caldelas tamén é o que presenta maior perda de actividades polo miúdo no mesmo período, perdendo un 42,9%, e seguido dos concellos de Celanova e O Carballiño que perderon o 38% e o 33,8% respectivamente.

As actividades industriais e o comercio ao por maior son as que presentan variacións negativas non tan acusadas. Os concellos que presentan mellores resultados para as actividades industriais, é dicir, nos que a variación porcentual negativa foi mínima en comparación cos demais concellos son os concellos de Viana do Bolo, Maceda e A Pobra de Trives, con reducións do 6,3%, 7,5% e 10,9% respectivamente.

En relación ao comercio ao por maior, os mellores resultados son para os concellos de Maceda, Trives e Viana do Bolo, que presentan variación 0, e os de Celanova e Ribadavia que presentan reducións do 3,8% e do 10% respectivamente.

VARIACIÓN PORCENTUAL DO NÚMERO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS POR TIPO




Gráfico 16_ Representación da variación porcentual do número de actividades económicas e empresariais por tipoloxía de actividade nos concellos "capital comarcal" 2007- 2012.

FICHA 20

DIMENSIÓN ECONÓMICA

VECTOR: Equidade e pobreza

INDICADOR: Evolución do índice de Gini en Galicia e por provincia

DEFINICIÓNS

Emprégase sobre todo para medir a desigualdade nos ingresos, tamén pode empregarse para medir a desigualdade na distribución da riqueza. Este uso require que ningún dispoña dunha riqueza neta negativa.

É un número entre 0 e 1, onde 0 correspóndese coa perfecta igualdade (todos teñen os mesmos ingresos) e onde o valor 1 correspóndese coa perfecta desigualdade (unha persoa ten todos os ingresos e os demais ningún).

TENDENCIA DESEXADA

Que a distribución da riqueza sexa equitativa, polo tanto o índice de Gini achéguese a 0 o máximo posible.

FÓRMULA DE CÁLCULO	VARIABLES	UNIDADES	FONTES DE INFORMACIÓN
DATO		S/U	IGE

ANÁLISE DOS RESULTADOS

A provincia cun reparto da riqueza mais equitativo é a da Coruña, que ademais evoluciona paralelo á media galega. As provincias de Ourense e Lugo son as que amosan maior desigualdade nos ingresos, aínda que cabe destacar que a provincia de Ourense amosa un descenso notable do índice de Gini dende o ano 2009, o que indica tendencia á redución das desigualdades económicas.

ÍNDICE DE GINI




Gráfico 17_ Índice de Gini nas provincias e na comunidade autónoma de Galicia.

FICHA 21



DIMENSIÓN ECONÓMICA

VECTOR: Equidade e pobreza

INDICADOR: Taxa e limiar da pobreza por provincia e grandes áreas

DEFINIÇÕES

A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes.

O limiar de risco de pobreza correspóndese có 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas. Como ingreso equivalente de cada persoa tómasse o ingreso equivalente do fogar o cal pertencen.

Segundo a estratexia europea 2020, a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións:

- En risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo
- En carencia material severa
- Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo, é dicir, onde o número de días que os adultos de 18 a 59 anos dese fogar tiveron ingresos por traballo supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano anterior

TENDENCIA DESEXADA

Reducir a porcentaxe de persoas en risco de pobreza

FÓRMULA DE CÁLCULO	VARIABLES	UNIDADES	FONTES DE INFORMACIÓN
$\% \text{ persoas en risco} = ((b-a)/a) * 100$ Limiar do risco de pobreza= dato directo	a= persoas en risco de exclusión social b= total de persoas	%	IGE

ANÁLISE DOS RESULTADOS

Todas as provincias galegas amosan unha taxa de risco de pobreza similar agás a provincia de Ourense, que no ano 2008 marcaba a máxima taxa de risco de pobreza da serie. A partir de 2008 foi reducindo ano tras ano, e no último ano de estudo, o 2011, practicamente iguálase cos resultados das demais provincias, namentres nese ano 2011 a provincia de Pontevedra parece aumentar lixeiramente o valor de taxa de risco de pobreza.

O limiar de risco de pobreza correspóndese co 60% da mediana de ingresos equivalentes de todas as persoas, de maneira

que o seu aumento, denota que tamén aumentaron os ante ditos ingresos das persoas, implicando un resultado positivo. A provincia co limiar do risco de pobreza mais elevado é A Coruña. A media galega mantense ao longo da serie analizada, de 2007 a 2011 en torno aos 600 €. A provincia de Ourense é a que experimenta un aumento mais notorio, xa que se produce durante os anos da crise, pasando de menos de 550 € en 2008 a case 575 € en 2011.

TAXA DE RISCO DE POBREZA




Gráfico 18_ Taxa de risco de pobreza nas capitais provincias e Galicia (2007- 2011)

LIMIAR DO RISCO DE POBREZA




Gráfico 19_ Limiar do risco de pobreza nas capitais provincias e Galicia (2007- 2011)

3.EIXO: COHESIÓN SOCIAL



FICHA 22



DIMENSIÓN SOCIAL - INSTITUCIONAL

VECTOR: Organización social

INDICADOR: Distribución da poboación por grupos de idade (comarcal)

DEFINICIÓNS

Porcentaxe que representa cada un dos grupos de idade en relación ao total:

- < 16 anos
- 16- 64 anos
- > 64 anos.

TENDENCIA DESEXADA

Aumentar os menores de 16 anos.

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= poboación < 16 anos	%	$(a/ a+b+c)*100$	IGE
b= poboación de 16 a 64 anos		$(b/ a+b+c)*100$	
c= maiores de 6 anos		$(c/ a+b+c)*100$	

ANÁLISE DOS RESULTADOS

As comarcas que presentan maior porcentaxe de poboación < de 16 anos enténdese que son poboacións mais xóvenes, este é o caso que menos se da na provincia de Ourense, as comarcas que contan con mais do 10% de poboación menor de 16 anos, son escasas, e este é o caso de Ourense, Valdeorras e Verín. Estes concellos consecuentemente son os que contan con menor porcentaxe de maiores de 64 anos.

GRUPOS DE IDADE DE POBOACIÓN





Gráfico 20_Porcentaxe de poboación por grupos de idade nas comarcas ourensás. Fonte: elaboración propia.

Por outra banda, as comarcas máis envellecidas son as de Baixa Limia, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Viana, todas elas cunha porcentaxe de menores de 16 anos en torno ao 5 %, e cunha porcentaxe de poboación maior de 64 anos superior ao 35 %.

As comarcas do Carballiño, Allariz - Maceda, Terra de Celanova e do Ribeiro, amosan valores intermedios. Con porcentaxes de poboación menor de 16 anos entre o 10 e o 5 %, e poboación maior de 64 anos en torno ao 30%.



Mapa 27_Porcentaxe que representa cada grupo de idade nas comarcas da provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia

FICHA 23

DIMENSIÓN SOCIAL - INSTITUCIONAL

VECTOR: Organización social

INDICADOR: Poboación por comarca na provincia de Ourense (2012)

DEFINICIÓNS

Número de habitantes de cada unha das comarcas da provincia de Ourense.

TENDENCIA DESEXADA

Aumentar o número de habitantes

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= número de habitantes	Número de habitantes	$\sum a$ para cada unha das comarcas	IGE

ANÁLISE DOS RESULTADOS

As comarcas con menos número de habitantes e coa densidade de poboación mais baixa son as da Baixa Limia (8.212), Terra de Caldelas (3.443), Terra de Trives (4.660) e Viana (6.622). A comarca de Ourense é a mais poboada (146.135) e a que ten maior densidade de poboación. As demais comarcas atópanse todas entre os 10.000 e 30.000 habitantes.

No gráfico que se presenta a continuación non se inclúe a comarca de Ourense para poder apreciar claramente os resultados das demais comarcas.

POBOACIÓN POR COMARCA 2012





Gráfico 21_Poboación por comarca na provincia de Ourense 2012. Fonte: elaboración propia.



Mapa 28_ Poboación por comarca na provincia de Ourense (2012).
Fonte: elaboración propia

FICHA 24

DIMENSIÓN SOCIAL - INSTITUCIONAL

VECTOR: Organización social

INDICADOR: Natalidade e fecundidade

DEFINICIÓNS

Taxa bruta de natalidade (TN): Defínese como o número de nacementos por cada mil habitantes.

Taxa xeral de fecundidade (TF): Número de nacementos por cada mil mulleres en idade fértil (de 15 a 49 anos).

Idade media á maternidade: Media aritmética das idades ás que as mulleres teñen fillos, en grupos quinquenais, ponderada polas taxas específicas de fecundidade de cada grupo de idade.

TENDENCIA DESEXADA

Aumentar a taxa de natalidade

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= número de nacementos nun ano b= poboación total c= numero total de nacementos d= poboación feminina en idade fértil (15- 49 anos)	nacementos/ 1000 hab nacementos/ 1000 mulleres	$TN=(a/b)*1000$ $TF=(c/d)*1000$	IGE

ANÁLISE DOS RESULTADOS

A taxa bruta de natalidade ten a vantaxe de ser unha medida sinxela e fácil de interpretar, pero ten algunhas dificultades, xa que ao comparar territorios pode indicar diferenzas que están mais ligadas á estrutura por idade e sexo da poboación que á fecundidade das poboacións analizadas. É por isto, que este dato complementábase coa taxa de fecundidade. As comarcas que presentan taxa de natalidade mais baixa son as de Baixa Limia, Terra de Caldelas, Terra de Celanova e Terra de Trives, con menos de 4 nacementos por cada 1000 habitantes no ano 2011, este feito asóciase a que son poboacións moi envellecidas. Pola contra, as comarcas con taxas de natalidade mais altas son as de Allariz - Maceda (4,6), o Carballiño (4,9), A Limia (5,6), Valdeorras (5,1) e Verín (5,3), a comarca de Ourense incluso supera a media galega de 7,7 nacementos por cada 1000 habitantes, con 7,9 nacementos por cada 1000 habitantes en 2011.

TAXA BRUTA DE NATALIDADE




Gráfico 22_ Taxa bruta de natalidade na provincia de Ourense e comarcas (2011)Fonte: Elaboración propia

A taxa de fecundidade complementa a análise mais en profundidade dos nacementos nun territorio, xa que se refire concretamente aos nacementos por cada 1000 mulleres en idade fértil, aportando información mais concreta. Así no caso da taxa de fecundidade, mantense a tendencia xeral do resultado da taxa de natalidade, pero apréciase unha melloría nos resultados, principalmente nas comarcas nas que os valores de nacementos por cada 1000 habitantes eran moi baixos. Neste caso as comarcas con taxas de fecundidade mais baixa que experimentaron unha variación mais notoria son as de Baixa Limia, con 10 nacementos por cada 1000 mulleres en idade fértil, Terra de Caldelas con 14,6 nacementos por cada 1000 mulleres en idade fértil e Terra de Trives con 16 nacementos por cada 1000 mulleres en idade fértil.



Gráfico 23_ Taxa xeral de fecundidade (2011). Fonte: elaboración propia.

FICHA 25

DIMENSIÓN SOCIAL - INSTITUCIONAL

VECTOR: Organización social

INDICADOR: Porcentaxe de poboación estranxeira por concello (2012)

DEFINICIÓNS

Porcentaxe que representa a poboación estranxeira presente nun territorio en relación ao total de poboación.

TENDENCIA DESEXADA

Aumento da poboación estranxeira

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= número de habitantes estranxeiros b= número de habitantes totais	%	$(a/b)*100$	IGE

ANÁLISE DOS RESULTADOS

A porcentaxe de poboación estranxeira en Galicia é o segundo resultado mais baixo de España, cun 3,7% de poboación estranxeira. Os resultados para a provincia de Ourense son mais elevados, os concellos que presentan maior porcentaxe de poboación estranxeira son os de Carballeda de Valdeorras, A Mezquita, Oímbra e Entrimo, nestes concellos hai mais dun 20% da poboación que é estranxeira.

Por outra banda, os concellos nos que hai entre un 15 e un 20% de poboación estranxeira son os de Vilamartín de Valdeorras, O Barco de Valdeorras, Xinzo de Limia, Baltar, Calvos de Randín, Lobios, Padrenda, Toén, Ourense e O carballiño.

No resto dos concellos a porcentaxe de estranxeiros é practicamente nula, menor do 5%.

É importante coñecer a porcentaxe que representan os estranxeiros tanto para saber en qué concellos son mais importantes as actividades de integración, como para seguir o efecto da multiculturalidade nestes contornos rurais. Nun territorio en decaemento poboacional e cunha poboación notablemente envellecida, a inmigración é unha opción que favorece o rexuvenecemento da poboación.



Mapa 29_Porcentaxe de poboación estranxeira por concello. Fonte: elaboración propia.

FICHA 26



DIMENSIÓN SOCIAL - INSTITUCIONAL

VECTOR: Organización social

INDICADOR: Nivel de formación acadado en Galicia e na provincia de Ourense (2011)

DEFINICIÓNS

Analiza a realidade intelectual da zona de estudo. Permite agrupar á poboación maior de 16 anos por nivel educativo acadado:

- Analfabetos: non saben nin ler nin escribir
- Educación primaria: comprende 3 ciclos de 2 anos cada un, é obrigatoria e gratuíta (ata os 12 anos)
- Educación secundaria: comprende catro cursos académicos. Tamén é obrigatoria e gratuíta (dos 12 aos 16 anos).
- Bacharelato: educación post- obrigatoria (dos 16 aos 18 anos)
- Formación profesional: ensinanza baseada na educación práctica.
- Formación superior: Grados.

TENDENCIA DESEXADA

Aumento do nivel de formación da poboación.

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= número de persoas por nivel formativo descrito (a1, a2, a3, a4, a5, a6) b= poboación total	%	$(a/b)*100$	IGE

ANÁLISE DOS RESULTADOS

A provincia de Ourense presenta nos niveis de formación mais baixos (analfabetos, primarios e secundarios) porcentaxes superiores aos resultados para o total da comunidade autónoma, este feito permite afirmar que a provincia de Ourense ten un nivel de formación mais baixo que a media galega. Un exemplo é a porcentaxe de analfabetos (1,82 %) lixeiramente superior en relación á porcentaxe galega (1,52 %). Os demais niveis de formación presentan resultados similares, agás en relación aos estudos primarios, que a provincia de Ourense presenta unha porcentaxe maior, en retraemento da educación superior, é dicir, que se demostra de novo que a media galega ten maior porcentaxe de poboación con niveis de formación acadados mais altos.




Gráfico 24_Nivel de formación acadado pola poboación maior de 16 anos na provincia de Ourense en 2011. Fonte: elaboración propia.

FICHA 27

DIMENSIÓN SOCIAL - INSTITUCIONAL

VECTOR: Organización social

INDICADOR: Nivel de formación por comarca dos maiores de 16 anos (2001)

DEFINICIÓNS

Analiza a realidade intelectual da zona de estudo. Permite agrupar á poboación maior de 16 anos por nivel educativo acadado:

- **Analfabetos:** non saben nin ler nin escribir
- **Educación primaria:** comprende 3 ciclos de 2 anos cada un, é obrigatoria e gratuíta (ata os 12 anos)
- **Educación secundaria:** comprende catro cursos académicos. Tamén é obrigatoria e gratuíta (dos 12 aos 16 anos).
- **Bacharelato:** educación post- obrigatoria (dos 16 aos 18 anos)
- **Formación profesional:** ensinanza baseada na educación práctica.
- **Formación superior:** diplomados, licenciados e doutoramentos.

TENDENCIA DESEXADA

Aumento do nivel de formación da poboación.

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= número de persoas por nivel formativo descrito (a ₁ , a ₂ , a ₃ , a ₄ , a ₅ , a ₆ , a ₇ , a ₈ , a ₉ , a ₁₀) b= poboación total	%	(a/b)*100	IGE

ANÁLISE DOS RESULTADOS

As comarcas que presentan maiores porcentaxes de poboación con niveis de formación básicos son as comarcas de Valdeorras, Trives, Terra de Caldelas, Baixa Limia e O Ribeiro.

A comarca que presenta maior nivel de formación son as do Carballiño, Allariz – Maceda e Viana, coas maiores porcentaxes de poboación con formación profesional e con formación superior.

Aínda non foron publicados os resultados do censo 2011 relativos ao nivel de formación dos maiores de 16 anos, é por iso que se inclúe información do ano 2001.




Gráfico 25_ Nivel de formación da poboación nas comarcas Ourenseñas en 2001. Fonte: elaboración propia

FICHA 28



DIMENSIÓN SOCIAL - INSTITUCIONAL

VECTOR: Organización social

INDICADOR: Taxa de analfabetismo nos maiores de 16 anos en Galicia e por provincia (2011)

DEFINICIÓNS

Exprasa a magnitude relativa da poboación analfabeta. Porcentaxe de poboación maior de 16 anos que non sabe nin ler nin escribir

TENDENCIA DESEXADA

Reducir a taxa de analfabetismo

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= número de persoas >16 anos analfabeta b= poboación >16 anos	%	$(a/b)*100$	IGE

ANÁLISE DOS RESULTADOS

Primeiramente cabe destacar que en Galicia e as súas provincias, as mulleres presentan unha taxa de analfabetismo superior á dos homes.

A pesar do seu carácter rural, que podería apuntar a maiores taxas de analfabetismo, a provincia de Lugo presenta os mellores resultados de Galicia, especialmente destacables no caso das mulleres. No bando oposto atópase a provincia de Ourense, que é a que presenta os peores resultados; a maior taxa de analfabetismo nos maiores de 16 anos de Galicia tanto nos homes como nas mulleres. Na provincia de Ourense preto de un 2% da poboación maior de 16 anos non sabe nin ler nin escribir.

TAXA ANALFABETISMO > 16 ANOS (2011)



Gráfico 26_ Taxa de analfabetismo nos maiores de 16 anos nas provincias e en Galicia en 2011. Fonte: elaboración propia.

FICHA 29



DIMENSIÓN SOCIAL - INSTITUCIONAL

VECTOR: Xestión política e social

INDICADOR: Índice de endebedamento ou débeda viva por habitante

DEFINICIÓNS

A débeda viva é un concepto financeiro que se emprega para sinalar o saldo da débeda certa, vencida e esixible, e que contraponse á débeda non vencida pendente de pago co sistema financeiro.

A débeda viva non inclúe a débeda comercial das institucións cos seus provedores de bens e servizos, xa sexan empresas e particulares.

É un indicador moi claro do grado de endebedamento que soportan as Casas Consistoriais, canto maior é, maior é o nivel de endebedamento da entidade e polo tanto maior risco de insolvencia soporta.

TENDENCIA DESEXADA

Reducir a débeda viva por habitante das administracións ou polo menos non aumentala.

FÓRMULA DE CÁLCULO	VARIABLES	UNIDADES	FONTES DE INFORMACIÓN
$\text{Índice de endebedamento} = (\text{€} \cdot \text{hab}^{-1}) * 1000$ $\frac{\text{índice de endebedamento 2012} - \text{índice de endebedamento}}{\text{índice de endebedamento}}$	€ Hab.	€ · hab ⁻¹ %	Ministerio de Facenda_ débeda viva das administracións locais a data 31 de decembro do ano anterior e o censo de poboación do Instituto Galego de Estatística.

ANÁLISE DOS RESULTADOS

Este é un indicador moi claro do grado de endebedamento que soportan as Casas Consistoriais, canto maior é, maior é o nivel de endebedamento da entidade e polo tanto maior risco de insolvencia soporta. No Gráfico 27 aparece representado a evolución do índice de endebedamento dos concellos "capital comarcal" na serie 2008 – 2012. Os concellos que máis aumentaron o seu endebedamento nos anos de estudo foron os de Allariz, Castro Caldelas, Xinzo de Limia e Ribadavia. Os concellos do Carballiño, Lobios, Ourense, A Pobra de Trives e Verín mantiveron ou aumentaron lixeiramente o seu índice de endebedamento.

Os concellos con resultado positivo, é dicir, que reduciron o seu índice de endebedamento na serie analizada foron os do Barco de Valdeorras, Celanova e Viana do Bolo.

A continuación, no Gráfico 28 preséntase a variación porcentual do índice de endebedamento das capitais comarcais entre 2008 e 2012, cabe destacar os resultados do Concello de Allariz e de Xinzo de Limia, que aumentaron en mais do 200% a súa débeda viva por habitante entre o ano 2008 e o ano 2012. Séguennos os concellos do Carballiño e Ribadavia que aumentaron máis dun 50% o índice de endebedamento entre 2008 e 2012.

Os concellos que presentan variación porcentual negativa, é dicir que reduciron a súa débeda viva entre 2008 e 2012, foron os concellos de Viana do Bolo, o cal a reduciu un 100%, do Barco de Valdeorras, da Pobra de Trives e do Carballiño.




Gráfico 27_ Evolución do índice de endebedamento entre 2008 e 2012 nas capitais comarcais da provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.




Gráfico 28_ Variación porcentual do índice de endebedamento nas capitais comarcais da provincia de Ourense entre 2008 e 2012. Fonte: elaboración propia.

FICHA 30



DIMENSIÓN SOCIAL - INSTITUCIONAL

VECTOR: Xestión política e social

INDICADOR: Gasto provincial en medio ambiente.

DEFINICIÓNS

Contía de gasto corrente en partidas ambientais executado anualmente en relación á contía total do gasto corrente executado.

TENDENCIA DESEXADA

Aumento do gasto destinado a partidas ambientais.

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= \sum gasto corrente executado nos capítulos I, II e IV	€/hab	Gasto corrente por habitante en m.a= (a/ c)	Intervención (2012)
b= gasto corrente total executado	%	Gasto corrente total por habitante= (b/c)	
c= número de habitantes		% de gasto en m.a = (a/b)* 100	

ANÁLISE DOS RESULTADOS

A Deputación provincial de Ourense executou en 2012 un gasto corrente total de 217,33 €/ hab, dos que 30,07 €/hab foron destinados a partidas relacionadas coa xestión e calidade ambiental. Segundo estes datos, a Deputación provincial de Ourense investiu un 13,83 % do seu orzamento en 2012 no medio ambiente.

ORGANISMO PROVINCIAL



Táboa 7_ Gasto por habitante en medio ambiente na provincia de Ourense

FICHA 31



DIMENSIÓN SOCIAL - INSTITUCIONAL

VECTOR: Sociedade da información

INDICADOR: Porcentaxe de poboación por grupos de idade que utilizou o ordenador nos últimos 3 meses (2012)

DEFINIÇÕES

Porcentaxe de persoas que utilizaron o ordenador sobre o total de poboación en cada grupo de idade da provincia de Ourense.

TENDENCIA DESEXADA

Aumentar o uso do ordenador en todos os grupos de idade, principalmente nos maiores de 45 anos

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= número de persoas que utilizaron o ordenador nos últimos 3 meses por grupo de idade (a 5-14, a 15-24, a 25-34, a 35-44, a 45-54, a 55-64, a >65) b= poboación total	%	$(a_{5-14, 15-24, 35-34, 35-44, 45-54, 55-64, >65})/b \cdot 100$	IIGE. Enquisa de condicións de vida das familias

ANÁLISE DOS RESULTADOS

De maneira xeral, para toda Galicia as maiores porcentaxes de uso do ordenador danse entre os 15 e os 34 anos, idades nas que entre o 80 % e o 95 % da poboación usa o ordenador. Segundo o Gráfico 28 partir dos 55 anos denótase un descenso notable no uso do ordenador en todas as provincias de Galicia. Ourense é a provincia de Galicia na que menos se usa o ordenador en todos os intervalos de idade analizados.

Na provincia de Ourense o intervalo de idade que mais usou o ordenador nos últimos 3 meses foi o de entre 15 e 24 anos feito asociado principalmente ao uso dos ordenadores na ensinanza.

Analizar o uso das TIC segundo a idade proporciona información sobre o perfil de usuarios e do grao de desenvolvemento das TIC no grupo social a analizar. Por exemplo, o grupo de idade que menos usou o ordenador foi o dos maiores de 65 anos, aínda que se percibe un descenso

PORCENTAXE DE PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS 3 MESES




Gráfico 29_ Porcentaxe de persoas que utilizaron o ordenador nos últimos 3 meses por provincia. Fonte: elaboración propia.

notable do uso a partir dos 45 anos. A baixa porcentaxe de persoas que usaron o ordenador a partir dos 45 anos pode estar influenciada pola falta de coñecementos de informática e das habilidades necesarias para participar na sociedade da información. Débese ter en conta que o grupo de idade dos maiores de 65 anos tamén presenta o nivel de formación mais baixo. A provincia de Ourense presenta a taxa de analfabetismo mais alta de Galicia e baixos niveis de formación en idades avanzadas, feitos que inflúen notablemente na capacidade da poboación para utilizar o ordenador.




Gráfico 30_ Porcentaxe de persoas por grupos de idade que usaron o ordenador nos últimos 3 meses na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.

FICHA 32



DIMENSIÓN SOCIAL - INSTITUCIONAL

VECTOR: Sociedade da información

INDICADOR: Porcentaxe de poboación por grupos de idade que utilizou internet nos últimos 3 meses (2012)

DEFINICIÓNS

Porcentaxe de persoas que utilizaron internet sobre o total de poboación en cada grupo de idade da provincia de Ourense.

TENDENCIA DESEXADA

Aumentar o uso de internet en todos os grupos de idade, principalmente nos maiores de 45 anos

VARIABLES	UNIDADES	FÓRMULA DE CÁLCULO	FONTES DE INFORMACIÓN
a= número de persoas que utilizaron internet nos últimos 3 meses por grupo de idade (a_{5-14} , a_{15-24} , a_{25-34} , a_{35-44} , a_{45-54} , a_{55-64} , $a_{>65}$) b= poboación total	%	$(a/b)*100$	IIGE. Enquisa de condicións de vida das familias

ANÁLISE DOS RESULTADOS

O uso de internet nos fogares ten aumentado ao longo dos últimos anos, aínda así, segue a existir unha brecha entre os usuarios e non usuarios (brecha dixital) que pódese atribuír á falla de infraestruturas (zonas rurais, zonas de sombra ...), á falla de coñecementos ou á falla de interese da poboación en relación ao que a sociedade da información pode ofrecer.

Para poder lograr os obxectivos europeos propostos pola estratexia 2020 (crecemento intelixente, crecemento sostible e crecemento integrador) debe desenvolverse unha economía baseada no coñecemento e na innovación, o cal require mellorar a calidade da educación, consolidar os resultados das investigacións, promover a innovación ... en definitiva, explotar ao máximo as TIC.

Segundo o Gráfico 30 tanto en Galicia, como en todas as provincias galegas, as idades nas que o uso de internet está mais estendido son as comprendidas entre os 15 e os 34 anos,

PORCENTAXE DE PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS 3 MESES




Gráfico 31_ Porcentaxe de persoas que utilizaron internet nos últimos 3 meses por provincia. Fonte: elaboración propia.

nas que entre o 80 % e o 95 % da poboación usou internet nos últimos 3 meses. Entre os 55 e 65 anos menos do 40 % da poboación usou internet, e a partir dos 65 anos menos do 10 % da poboación usou internet nos últimos 3 meses.

A provincia de Ourense é a provincia galega na que, para todos os grupos de idade, menos se utilizou internet.

Na provincia de Ourense a porcentaxe de persoas que utilizaron internet por grupos de idade descende notablemente a medida que aumentan os grupos de idade, de tal maneira que a partir dos 45 anos redúcese á metade a porcentaxe de persoas a que usaron internet nos últimos 3 meses, e a partir dos 65 anos, menos do 5% da poboación de esa idade usou internet nos últimos 3 meses. O total para toda a provincia é baixo, un 43,59 % de persoas utilizaron internet nos últimos 3 meses.







Gráfico 32_Porcentaxe de persoas por grupos de idade que usaron internet nos últimos 3 meses na provincia de Ourense. Fonte: elaboración propia.



13 AVALIACIÓN DA SOSTIBILIDADE PROVINCIAL



EIXOS	VECTORES	INDICADORES DE SOSTIBILIDADE	ESTADO ACTUAL	TENDENCIA DESEXADA
EFICIENCIA AMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL 	Ciclo urbano: consumo de recursos e produción de residuos.	RESIDUOS		
		Ficha 1_ Produción de residuos por tipo	😊	→
		Ficha 2_ Recollida selectiva bruta de residuos	😊	→
		Ficha 3_ Recollida selectiva neta de envases lixeiros	😊	→
		ENERXIA E EMISIÓNS		
		Ficha 4_ Potencia instalada na provincia de Ourense (Mapa centrais de biomasa)	😊	↑
		Ficha 5_ Consumo de electricidade por sectores na provincia de Ourense	😊	↓
	AUGA			
	Ficha 6_ Consumo de auga por habitante e distribución do uso nas capitais comarcais da Rede provincial	😊	↓	
	Ficha 7_ Porcentaxe de poboación sen abastecemento	😊	↓	
	Mobilidade	PARQUE MÓBIL		
		Ficha 8_ Porcentaxe de variación do número de vehículos nos municipios (08-12)	😊	↓
	Distribución territorial da poboación	Ficha 9_ Índice de motorización nas comarcas ourensás	😞	↓
Ficha 10_ Poboación por concello en 2012		😊	→ ↑	
Ficha 11_ Densidade de poboación		😊	→ ↑	
Conservación e xestión dos recursos naturais, patrimonio e turismo	Ficha 12_ Grao de urbanización dos concellos	😊	→ ↑	
	Ficha 13_ Avaliación das figuras de protección presentes na provincia de Ourense e da superficie que ocupan.	😊	→	
CRECEMENTO ECONÓMICO E COMPETITIVIDADE 	Emprego	Ficha 14_ Porcentaxe de superficie forestal, cultivo e outros (comarcas)	😊	→
		Ficha 15_ Taxa de variación por concello de afiliados á SS durante a crise	😊	↑
		Ficha 16_ Taxa de variación interanual por concello das afiliacións á SS	😊	↑
	Actividade comercial e empresarial	Ficha 17_ Variación interanual por concello do paro rexistrado	😊	↓
		Ficha 18_ Índices de actividade económica	😊	↑ →
	Equidade e pobreza	Ficha 19_ Variación porcentual do número de actividades industriais, comerciais e de restauración (capitais comarcais 07-11)	😊	↑ →
		Ficha 20_ Evolución do índice de Gini en Galicia e por provincia.	😊	↓
		Ficha 21_ Taxa e limiar da pobreza por provincia e grandes áreas.	😊	↓

<p>COHESIÓN SOCIAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ</p> 	Organización social	<p>POBOACIÓN</p> <p>Ficha 22_ Distribución da poboación por grupos de idade (comarcal)</p> <p>Ficha 23_ Poboación por comarca</p> <p>Ficha 24_ Natalidade e fecundidade</p> <p>Ficha 25_ Porcentaxe de poboación estranxeira por concello (2012)</p>	<p>☹️</p> <p>☹️</p> <p>☹️</p> <p>☹️</p>	<p>↑</p> <p>↑</p> <p>↑</p> <p>↑</p>	
		<p>FORMACIÓN</p> <p>Ficha 26_ Nivel de formación acadado en Galicia e en cada provincia (2011)</p> <p>Ficha 27_ Nivel de formación por comarca dos maiores de 16 anos (2001)</p> <p>Ficha 28_ Taxa de analfabetismo en Galicia e por provincia (2011)</p>	<p>☹️</p> <p>☹️</p> <p>☹️</p>	<p>↑</p> <p>↑</p> <p>↓</p>	
		Xestión política e social	<p>XESTIÓN PÚBLICA</p> <p>Ficha 29_ Índice de endebedamento - débeda viva por habitante (concellos e provincias)</p>	<p>☹️</p>	<p>↓</p>
			<p>ORGANISMO PROVINCIAL</p> <p>Ficha 30_ Gasto provincial en medio ambiente</p>	<p>☹️</p>	<p>↑</p>
	Sociedade da información	<p>Ficha 31_ Porcentaxe de poboación por grupos de idade que utilizou o ordenador nos últimos 3 meses (2012)</p>	<p>☹️</p>	<p>↑</p>	
		<p>Ficha 32_ Porcentaxe de poboación por grupos de idade que utilizou internet nos últimos 3 meses (2012)</p>	<p>☹️</p>	<p>↑</p>	

Táboa 8_ Avaliación da sostibilidade na provincia de Ourense.

14

OBXECTIVOS DE SOSTIBILIDADE PROVINCIAL



EIXOS	VECTORES	INDICADORES DE SOSTIBILIDADE	ÁREAS DE XESTIÓN DA DEPUTACIÓN	ESTRATEGIAS EXISTENTES	ESTRATEGIAS FUTURAS
EFICIENCIA AMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	CICLO URBANO: CONSUMO DE RECURSOS E PRODUCCIÓN DE RESIDUOS	RESIDUOS - Reducir a produción fracción resto. - Aumentar a compostaxe doméstica. - Aumentar as taxas de recollida selectiva, especialmente de envases lixeiros. - Reducir a porcentaxe de improprios na selectiva: vidro, envases e papel e cartón.	Medio ambiente	Análise e optimización na xestión dos residuos provincia de ourense	
		ENERXÍA E EMISIÓNS - Aumentar a potencia instalada de fontes de de enerxía renovables na provincia de Ourense. - Aumentar a produción de enerxía renovable. - Reducir ou optimizar o consumo de enerxía eléctrica nos diferentes sectores.	Medio ambiente	Plan de optimización enerxética municipal (abril 2013) Plan de optimización enerxética da deputación (novembro 2012)	
		AUGA - Reducir ou optimizar o consumo de auga. - Mellorar ou optimizar os sistemas de depuración de augas residuais existentes na provincia. - Reducir a porcentaxe de persoas sen abastecemento e saneamento.	Medio ambiente	Consortorios e convenios de colaboración para a xestión do ciclo hídrico	
	MOBILIDADE	PARQUE MÓBIL - Reducir a dependencia do vehículo privado. - Promover alternativas ao transporte privado (mobilidade sostible).	Infraestruturas e medio ambiente	Plan provincial de obras (aprobado en 2012) Inventario municipal de estradas e velocidade (2012)	
	DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DA POBOACIÓN	- Fixar a poboación rural. - Asegurar a adecuada prestación de servizos no rural logrando un número óptimo de habitantes nas poboacións rurais. - Modernización e transformación do rural.	Administración xeral Cultura e deporte	E- administración plan provincial e acceso igualitario ao deporte	
	CONSERVACIÓN E XESTIÓN DOS RECURSOS NATURAIS PATRIMONIO E TURISMO	- Procura de novas canles de difusión do potencial histórico e natural da provincia. - Mellora da xestión e aproveitamento dos espazos naturais protexidos (Xunta de Galicia). - Seguimento do estado dos espazos protexidos.	Medio ambiente	Plan de cooperación contra incendios forestais (maio 2014)	
CRECemento ECONÓMICO E COMPETITIVIDADE	EMPREGO	- Promover accións formativas adaptadas á realidade ourensana. - Reducir o paro. - Promover nichos de emprego no rural. - Analizar opcións de emprego verde na provincia de Ourense.	Inorde	Plan de emprego Plan de emprendedores agrarios - terra para cultivos	
	ACTIVIDADE COMERCIAL E EMPRESARIAL	- Aumentar e modernizar as actividades empresariais na provincia. - Definir e potenciar os nodos de equilibrio empresarial na provincia. - Revitalización de áreas e polígonos industriais. - Especialización do sector primario. - Lograr a recuperación do sector turístico. - Potenciar a agricultura ecolóxica.	Económica inorde	Plan transforma Ourense Plan de emprendedores agrarios Plan estratéxico termal	
	EQUIDADE E POBREZA	- Reducir as desigualdades sociais. - Reducir as diferenzas nos ingresos_ sociedade mais equitativa. - Reducir a pobreza.	Benestar	1º plan provincial de servizos sociais (Ben Ourense)	

COHESIÓN SOCIAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ	ORGANIZACIÓN SOCIAL	POBOACIÓN - Atraer poboación en idade activa. - Aumentar a poboación rural. - Promover a natalidade. - Fixar poboación estranxeira. - Interculturalidade do desenvolvemento rural sostible.	Benestar	Plan de dinamización demográfica	
		FORMACIÓN - Aumentar o nivel de formación no rural. - Reducir o abandono escolar temprano no rural. - Formación para o progreso tecnolóxico no rural. - Crear unha sociedade formada e implicada.	Inorde	Plan Particip@ na Rede	
	XESTIÓN POLÍTICA E POLÍTICA SOCIAL	XESTIÓN PÚBLICA - Reducir o endebedamento da administración local. - Facer á administración pública mais eficiente_ xestión pública con base técnica.	Administración Xeral	Plan de xestión e eficiencia operativa, Plan de axuste	
		ORGANISMO PROVINCIAL - Aumentar a inversión en medio ambiente (€/hab). - Aumentar o gasto en cooperación (€/hab).	Administración Xeral	Plan de xestión e eficiencia operativa	
	SOCIEDADE DA INFORMACIÓN	- Facilitar o acceso a internet no rural. - Formación para o aproveitamento das TIC. - Uso das novas tecnoloxías para reducir as distancias na súa capacidade de aforrar tempo e facer fronte á complexidade. - Telemática como solución ao illamento rural. - Dinamización tecnolóxica do rural. - Desenvolvemento de teleservizos.	Administración Xeral	Banda ancha no rural E- administración Plan particip@ na Rede	

- Estratexia Europa 2020
- Estratexia Española de Desenvolvemento Sostible
- Directrices de Ordenación do Territorio
- Plan Ourense 92
- PLAN DE ACCIÓN SOSTIBILIDADE (FEBREIRO 2015)

Táboa 9_ Obxectivos de sostibilidade provincial e estratexias actuais e futuras.

15 PLAN PARTICIP@ NA REDE 2014

O Plan Provincial Particip@ na Rede abrangue un conxunto de actividades promovidas pola Deputación de Ourense no seo do proxecto Climatatlantic. É un plan de participación e difusión adaptado á realidade da poboación ourensá, que concreta, define e pon en marcha as mellores canles de comunicación para o achegamento da poboación á sostibilidade provincial, é dicir, á documentación técnica xerada neste proxecto e ás actividades ligadas á Rede e ao Observatorio.

En relación ao traballo técnico realizado, a proposta do modelo provincial de sostibilidade deu como resultado unha batería de indicadores calculada para o seu seguimento e avaliación.



Dentro de cada eixo determináronse unha serie de indicadores, de tal maneira, que ao longo de 2013, foron calculados 32 indicadores que ofrecen resultados, sinxelos e facilmente entendibles pola poboación, relativos ao estado ambiental, social e económico da provincia de Ourense, das súas comarcas e nos casos nos que se dispuña de datos, dos seus 92 concellos.

Ante tal volume de información e recursos técnicos, botábase en falta dispor dun Plan de participación para dar a coñecer á poboación o proxecto provincial, e consecuentemente achegala á xestión pública. A través do proxecto europeo Climatatlantic logrouse este obxectivo, e ao longo de febreiro de 2014 desenvolveuse o I Plan Provincial Particip@ na Rede, nos 19 concellos que están integrados na Rede de Municipios Ourenzáns cara a Sostibilidade.

Os resultados dos indicadores calculados nesta I Diagnose da A21 provincial permitiron obter unha radiografía do estado ambiental, social e económico da provincia de Ourense. Con base nestes resultados deseñouse este Plan de Participación social adaptado á realidade ourensá. Inicialmente, establecéronse 4 tipos de grupos sociais con características ben diferenciadas, para os que se deseñaron 4 modelos de acción específicos e un modelo de acción piloto, para conseguir lograr cos 5 modelos o principal obxectivo deste proxecto: achegar e implicar á poboación no desenvolvemento sostible local facéndoa partícipe da xestión local.

As actividades de participación social deseñadas para o proxecto terán lugar ao longo do mes de febreiro de 2014 en todos os concellos da provincia de Ourense que actualmente están integrados na Rede provincial.

O material creado para este plan de comunicación, difusión e participación social sintetízase a continuación:

XEOPORTAL ITERATIVO

Plataforma de difusión de información técnica e actividades da Rede. É o punto de encontro para todos os axentes implicados: cidadáns, técnicos e políticos. <http://provinciasostible.depourense.es/>



TRÍPTICO DO PLAN

Sintetiza todas as actividades e todo o material creado para este plan de participación.



ENQUISAS Á POBOACIÓN³

Para coñecer os hábitos de vida da poboación ourensá e facelos partícipes da xestión pública, xa que hai preguntas dirixidas a que dean a súa opinión sobre temas de xestión dos seus concellos.

³Os resultados obtidos na realización das enquisas á poboación serán publicados nun informe ao longo do ano 2014.

TRÍPTICO QUE RESUME O CONCURSO ESCOLAR

Recolle toda a información necesaria para que os colexios participen no concurso "A sostibilidade provincial".



MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS



Dosier metodolóxico para a posta en marcha dun plan de participación adaptado á realidade da poboación ourensana (poboación dispersa, núcleos de baixa densidade poboacional, poboación envellecida, baixo uso do ordenador e internet en idades avanzadas...).

MASCOTA VIRTUAL "PROFESOR SOSTIBLE"

É o abandeirado do plan, facilita a identificación do proxecto por medio dunha imaxe local, propia, familiar e para todos os públicos.



MEMORIA FINAL DO PROXECTO

Publicación que recolle información de todas as actividades realizadas no proxecto de participación desenvolvido na provincia de Ourense.



16 ESCENARIO FUTURO



A metodoloxía proposta pola Carta das cidades europeas cara a sostibilidade ou Carta de Aalborg, nome que recibe pola cidade na que foi asinada, basease, como foi explicado no apartado 7 deste documento, en que os municipios asinantes comprometéanse a liderar a realización de Axendas 21 locais nos seus territorios, e para elo debían seguir un esquema de traballo baseado, de forma xeral, en:

- Establecer un acordo sobre a filosofía do proxecto e a visión do modelo de xestión desexado_ Pacto dos alcaldes pola sostibilidade provincial.
- Compromiso político a través do asinamento da Carta de Aalborg.
- Realización da diagnose de sostibilidade a través da identificación dos factores ambientais, sociais e económicos, e as súas causas, para posteriormente definir obxectivos e determinar qué problemas son prioritarios e así determinar as liñas estratéxicas de actuación.

- Promoción da participación cidadá como instrumento de dinamización social que facilite o debate e a implicación da comunidade ao longo do proceso.

PUNTO DE SITUACIÓN ACTUAL

- Aplicación e comprobación das accións contempladas no plan de acción.
- Avaliación de resultados e retroalimentación do proceso mediante o establecemento dun plan de seguimento, baseado nun sistema de indicadores que nos permita avaliar a eficacia das actuacións e proxectos enmarcados no plan de acción presentado.

Durante este período 2013/2014 foron logrados os seguintes fitos do proxecto provincial, os cales foron analizados na primeira reunión do Observatorio da sostibilidade Provincial, a cal tivo lugar o 24 de febreiro de 2014: nos seus territorios, e para elo debían seguir un esquema de traballo baseado, de forma xeral, en:



O plan de participación foi desenvolvido con éxito ao longo do mes de febreiro de 2014, e espérase que a integración dos alumnos universitarios en prácticas, que terá lugar aproximadamente en xuño de 2014, permita a organización dunha nova edición do plan. O obxectivo é que os alumnos en prácticas podan aportar os seus coñecementos técnicos e prácticos ao proxecto provincial. Por unha parte participarán na publicación dun documento técnico que estará centrado en analizar as políticas e estratexias existentes que inflúen no

proceso de sostibilidade provincial, e por outra participarán en actividades de educación e sensibilización ambiental.

Unha vez sexa publicada a I Diagnose de sostibilidade da provincia de Ourense en marzo de 2014, ou sexa, este documento, xa se disporía da base técnica necesaria para seguir avanzando cara a sostibilidade. Tamén na reunión do Observatorio foron definidos os seguintes obxectivos a acadar nos próximos meses:

OBXECTIVOS A CURTO PRAZO

- Inicio de reunións cos directores de Área do organismo provincial implicadas no proxecto (abril-maio).
- Presentación dun Informe de sostibilidade LOCAL da Rede de Municipios Ourensáns cara a Sostibilidade que conterá información esencial dos 19 concellos que forman parte da rede (as fichas por concello xa están dispoñibles para descarga no xeoportal) e unha avaliación dos resultados das enquisas realizadas no plan de participación de febreiro (xuño).
- Integración de alumnos universitarios en prácticas (xullo).
- Realización de documento técnico baseado en analizar as principais políticas e estratexias que inflúen na xestión provincial de Ourense e procura de financiamento europeo con base técnica (resultados da diagnose): crecemento intelixente, integrador e sostible (setembro).

OBXECTIVOS A LONGO PRAZO

- Inicio de traballos técnicos relativos ao Pacto de alcaldes pola enerxía sostible. (listado de emisións e PAEs).
- Realización do Plan de acción Provincial (próximos 12 meses)_ Este plan de acción debe dar resposta aos principais problemas detectados a través da realización da diagnose.
- Dispor dunha base de datos provincial e local actualizada.
- Realizar informes periódicos sobre o estado e a evolución ambiental, social, económica e institucional da provincia de Ourense.



- Estratexia española de Desenvolvemento Sostible. Ministerio de agricultura, alimentación e medio ambiente, 2007
<http://www.magrama.gob.es/es/ministerio/planes-estrategias/estrategia-espanola-desarrollo-sostenible/>
- Guía para a Estratexia Europea de Desenvolvemento Sostible. Comisión Europea, 2007
http://www.magrama.gob.es/es/ministerio/planes-estrategias/estrategia-espanola-desarrollo-sostenible/guia_de_la_estrategia_europea_de_desarrollo_sostenible_ve_tcm7-14888.pdf
- Estratexia Europa 2020. Comisión Europea, 2010.
http://ec.europa.eu/commission_2010-2014/president/news/documents/pdf/20100303_1_es.pdf
- Libro verde de la sostenibilidad urbana y local en la era de la información. Ministerio de Agricultura, alimentación y medio ambiente, 2012.
http://www.magrama.gob.es/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/temas/medio-ambiente-urbano/Libro_Verde_Final_15.01.2013_tcm7-247905.pdf
- Libro blanco de la educación ambiental en España. Ministerio de agricultura, alimentación e medio ambiente, 1999.
http://www.magrama.gob.es/es/ceneam/recursos/documentos/blanco_tcm7-13510.pdf
- Directrices de Ordenación do Territorio. Xunta de Galicia, 2010
http://www.cmati.xunta.es/seccion-organizacion/c/Instituto_Estudos_Territorio?content=Direccion_Xeral_Sostibilidade_Paisaxe/Directrices_Ordenacion_Territorio/seccion.html&std=introduccion.html
- Estratexia española de sostibilidade urbana e local. Ministerio de medio ambiente, rural e mariño, 2011
http://www.magrama.gob.es/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/temas/medio-ambiente-urbano/EESUL-290311-web_tcm7-177531.pdf
- Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. Xunta de Galicia, 2011.
- Estudio de la relación entre los componentes físico-químicos de las aguas minerales y las características geológicas de Galicia. Ministerio de ciencia y tecnología, 2006.
http://www.igme.es/INTERNET/SIDIMAGENES/123000/861/123861_0000001.PDF
- Agenda 21 local: Apoyo a la elaboración e implementación. Eixo Atlántico del Noroeste Peninsular- Eixoecología, 2011.
<http://eixoecologia.org/?q=es/node/853>
- González Castro, Raúl. El medio natural, oportunidad de desarrollo sostenible en la provincia de Ourense. Cámara de Comercio de Ourense, 2011.
<http://7areas.com/congreso/comunicaciones/EL%20MEDIO%20NATURAL-%20OPORTUNIDAD%20DE%20DESARROLLO%20SOSTENIBLE%20EN%20LA%20PROVINCIA%20DE%20OURENSE..pdf>
- Estudio sobre la situación de las energías renovables en la provincia de Ourense. Cámara de comercio de Ourense, 2009.
- Estudio diagnóstico da educación ambiental e Galicia. Xunta de Galicia, 2008.
http://www.cmati.xunta.es/seccion-organizacion/c/Instituto_Estudos_Territorio?content=Direccion_Xeral_Sostibilidade_Paisaxe/Educacion_ambiental/seccion.html&std=estudio-educacion-ambiental.html
- Plan estratéxico Ourense 92. Deputación de Ourense, 2012.
<http://dpouv2.depourense.es/index.php/plan-ourense-92>
- Modelos territoriales y sistemas de indicadores de sostenibilidad. Valoración crítica de algunas experiencias concretas. Díaz Muñoz, M^o de los Ángeles et al, 2008.
<http://dSPACE.uah.es/dSPACE/bitstream/handle/10017/2080/09-modelos.pdf?sequence=1>

- Planes de zona da provincia de Ourense. Agader- Xunta de Galicia, 2011.
- Primer programa de Desenvolvemento rural Sostible 2010-2014.. Goberno de España, 2009.
http://www.magrama.gob.es/es/developemento-rural/temas/ley-para-el-developemento-sostenible-del-medio-rural/10._memoria_ambiental_conjunta_tcm7-9682.pdf
- Catálogo de árbores senlleiras de Galicia. Xunta de Galicia, 2008.
http://www.medioruralemex.xunta.es/institucional/publicacions/conservacion_da_natureza/biodiversidade/arbores_senlleiras/
- Estudio hidroxeolóxico e de las condicións de captación para a mellora do aproveitamento dos recursos hidrominerales da comunidade autónoma de Galicia. Ferrero, 2003.
- Normativa ambiental de Galicia. Sociedade Galega de Historia Natural, 2013.
http://www.sgñn.org/Normativa_ambiental/Normativa_ambiental.html



ORGANIGRAMA DO OBSERVATORIO DA SOSTIBILIDADE PROVINCIAL DE OURENSE

Presidente: Don José Manuel Baltar Blanco. *Presidente da Deputación Provincial de Ourense.*

Director: Don Javier Bobe Vázquez. *Enxeñeiro xefe da Área de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Ourense.*

Coordinadora xeral: Dona María Sabas Álvarez. *Xefa da Sección de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Ourense.*

Coordinador do eixo económico: Don José Manuel Rodríguez González. *Director xerente do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (INORDE) e Coordinador do Observatorio económico da provincia de Ourense.*

Coordinador do eixo ambiental: Don Pedro Araujo Nespereira. *Decano da Facultade de Ciencias do Campus de Ourense (UVigo).*

Coordinador da xestión de datos: Don Rafael Outomuro Nieves. *Director da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.*

ASISTENCIA TÉCNICA- AQUA OURENSE

Coordinadora da asistencia técnica: Dona Laura Domarco Álvarez. *Técnico especialista en medio ambiente e desenvolvemento sostible local.*

Delineante: Don Miguel Gallego Losada. *Técnico en desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción.*

FOTOGRAFÍA

Fotógrafo: Don Alberte Paz Garza. *Técnico superior en fotografía.*

